


DIARIO DE SESIÓN



PARLAMENTO DE GALICIA

II LEXISLATURA

Presidencia do Excmo. Sr. D. Tomás Pérez Vidal

Sesión Plenaria n.º 115

Celebrada o mércores 15 de marzo de 1989

ORDE DO DÍA (Continuación)

Punto único (Continuación):

- Debate de política xeral sobre a situación actual e as perspectivas de futuro de Galicia.

SUMARIO

Reanúdase a Sesión ás cinco e catro minutos da tarde.

Continúase coa Orde do Día.

— Debate de política xeral sobre a situación actual e as perspectivas de futuro de Galicia (Continuación)..... páx. 7791

O señor Presidente abre un turno de intervencións de Grupos Parlamentarios. Neste turno interveñen os señores Beiras Torrado (Grupo Parlamentario Mixto), Mella Villar (Grupo Parlamentario Mixto), Nogueira Román (Grupo Parlamentario Mixto), González Mariñas (Grupo Parlamentario Mixto). Turno de réplica do señor Presidente da Xunta (González Laxe). O señor Presidente abre un turno de réplica para os señores interveñentes. Neste turno fan uso da palabra os señores Beiras Torrado (Grupo Parlamentario Mixto), Mella Villar (Grupo Parlamentario Mixto), Nogueira Román (Grupo Parlamentario Mixto). Intervención do señor Presidente da Xunta (González Laxe). Por rectificacións fai uso da palabra o señor Nogueira Román (Grupo Parlamentario Mixto).

Suspéndese a Sesión.

Reanúdase a Sesión.

Interveñen os señores Barreiro Rivas (Grupo Parlamentario Coalición Galega), Sánchez Presedo (Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia) e Vázquez Portomeñe (Grupo Parlamentario Popular). Intervención do señor Presidente da Xunta (González Laxe). Novas intervencións dos señores Barreiro Rivas (Grupo Parlamentario Coalición Galega) e Vázquez Portomeñe (Grupo Parlamentario Popular). Por alusións fai uso da palabra o señor Barreiro Rivas (Grupo Parlamentario Coalición Galega) e o señor Vázquez Portomeñe (Grupo Parlamentario Popular). Intervención do señor Presidente da Xunta (González Laxe).

O señor Presidente suspende a Sesión ata mañá ás once.

Suspéndese a Sesión.

Eran as dez e vinte minutos da noite.

Reanúdase a Sesión ás dezasete e catro minutos da tarde.

O señor PRESIDENTE: Reanúdase a Sesión.

Intervención dos Grupos Parlamentarios. (Pausa).

En primeiro lugar, correspóndelle intervir ó Grupo Mixto.

Ten a palabra o señor Deputado Beiras.

O señor BEIRAS TORRADO: Señor Presidente.

Señor Presidente do Goberno, hai aínda poucos días --diante dunha asemblea ben distinta desta de hoxe-- eu afirmaba que Galicia está a padecer dores, que esta vez son dores de parto. Con isto quería dicir que os graves problemas que ameazan con poñer en perigo a identidade e supervivencia mesma desta nación definen unha conxuntura política que vai marca--lo comenzo dunha nova fase da nosa historia: a da nosa definitiva afirmación e eclosión como pobo soberano. Mais non será gracias a vostede, señor Presidente do Goberno, nin gracias ós seus predecesores na Xunta e actual oposición maioritaria, senón gracias ós sectores da cidadanía e ás clases sociais que xeran esa inmensa marusía de fondo que está a percorre--los eidos deste país, a empezar precisamente polas camadas máis explotadas, espoliadas e agredidas, e tamén, a seguir, por aqueles sectores que ata onte mesmo confiaban a defensa dos seus intereses a forzas políticas estatais españolas e que, hoxe, descubren que esas forzas son mesmamente a correa de transmisión que traslada e impón aquí a estratexia e os intereses que xeran a agresión ó país e á súa cultura, a espoliación dos seus recursos e maila superexplotación dos seus traballadores. Hai dez días, na cidade de Porto, empresarios e ata presidentes de en-

tidades financeiras galegas falaban con toda elocuencia neste senso, anque con outras palabras. Vostede, señor Presidente Laxe, debería tomar boa nota diso. Non parece que o teña feito. Os seus aparentes antagonistas directos, os señores do Grupo Popular, nin sequera estaban alí.

Empeza a ser un clamor popular o que se ergue por toda Galicia e brada: "¡Abonda! ¡Isto non pode seguir así! ¡Temos que valernos por nós mesmos!" De aí ó parto que dea a luz a unha nova situación soamente vai un treito que depende do acerto que teñámo--los que, coma nós, si que estamos na onda desa marusía de fondo. E para acertarmos, cómpre ter lucidez na análise e no diagnóstico. ¿Por que se dá esta situación política e como se manifesta?

No contexto europeo occidental, estase a dar unha aceleración do proceso de concentración do poder socio--político no ámbito da Comunidade Económica Europea, e a agravación do desenvolvemento desigual dentro dese espazo, no que nós seguimos a ser tratados como periferia, cobizada polos seus recursos pero excluída dos vectores centrípetos do desenvolvemento económico--social e cultural do conxunto. Iso vostede, señor Laxe, como economista sábeo igual ca min. Pero vostede non é capaz de actuar politicamente en consecuencia.

No contexto do Estado Español acumúlanse e superpóñense graves fenómenos negativos para a existencia nacional galega, como a paralización ou involución do desenvolvemento constitucional do 78 --o rexime político español está a padecer unha esclerose precoz e múltiple--; a exacerbación do "nacionalismo español", ou sexa, do chauvinismo e do xacobinismo no poder e nos Partidos españois; o esgotamento da xestión de goberno social--demócrata; o crecente divorcio entre as institucións políticas e as forzas e a dinámica sociais: o 14--D é unha evidencia, pero recor-

demos que en Galicia fomos por diante con tres folgas xerais e nacionais hai catro anos, e mobilizacións constantes durante todo o ano pasado, anque vostede, señor Presidente, semelle non telas visto, nin sequera no Obradoiro, se cadra. Estes son algúns deses fenómenos, e non mencionarei agora máis.

En Galicia penetran e reproducense politicamente as consecuencias deses fenómenos xerados no contexto europeo e español, e fano primordialmente en forma de agresións vehiculizadas polo aparello do Estado e do poder.

Así, na nosa economía dáse un conflito irreductible entre as especializacións productivas acaídas para o noso desenvolvemento interno e as funcións que tentan atribuírno—la CEE e mailo Estado Español. Para nós son vitais: a pesca de altura; a gandería leiteira; as industrias conectadas cos sectores agrario e pesqueiro, a chamada agro—mar—industria; unha política forestal axeitada ó noso solo e ó noso clima, xeradora de industrias manufactureiras e non de enclave; unha política de aproveitamentos mineiros, non espoliadora, senón asisada e vencellada a industrias transformadoras ubicadas aquí; un tecido industrial intensivo en forza de traballo dentro de límites razoables, e non en investimentos fabulosos de capital que o empresario galego non pode sequera abordar, queda excluído deles, e que ademais subvencionan vostedes cunha prodigalidade merecente de mellor causa, ata o 75% dicían vostedes; unha política de comunicacións, transportes, comercio e servicios que profundice e densifique o mercado interno galego en primeiro lugar, en vez de servir para desangrarnos; unha política institucionalizada de orientación do crédito e dos intermediarios financeiros a prol da acumulación interna de capital fronte á constante succión do noso excedente económico, cousa que impide o noso crecemento.

Nada diso, Señorías, lle inte-

resa á Comunidade Europea para Galicia, nin tampouco ó Estado Español, que nos impón a política precisamente desá Comunidade.

Vostede, señor Presidente, aludía onte a certos "profetas do catastrofismo". Moito me temo que vostede, señor Laxe, xa está a ser testemuña da catástrofe, só que sen decatarse, e os seus opositores da banda dereita disque se enteiran, pero tampouco fan nada por remedialo. Deixan indefensos ós comerciantes nos debates das Leis de Comercio, a nosa e a de vostedes; inhíbense fronte ó futuro de Barreras, por exemplo, aínda estes días; non apoian a creación dun Instituto Galego de Crédito; disgregan este país en ducados que rexen como taifas nas obsoletas Deputacións Provinciais. ¿Para que seguir? A fantasma de Canterville que transita por este edificio deserto algunha fin de semana resulta tan cómica coma a inventada por Oscar Wilde.

No plano da cultura e do idioma galegos, o aparello do Estado Español resulta precisamente se—lo atranco e o enemigo máis teimudo e insidioso. E, se o señor Presidente da Cámara mo permite, volvo aludir ó Tribunal Constitucional, mais tamén á Administración Central, ó aparello da Xusticia, ós corpos estatutais de ensinantes e funcionarios, ós medios de comunicación estatutais públicos ou privados, como "El Impaís" e a TVE, inclusive con G.

Fronte a todo isto, ¿que fan vostedes? No mellor dos casos, xestionona—lo adobío da desfeita, do desastre. Franqueáronlle—la porta ás celulosas, eses quistes coñecidos en economía como industrias de enclave, que frustrarían para sempre a recuperación forestal dos montes galegos e a gomariza da industria da madeira. Presenciaron paralizados o desmantelamento do cativo tecido industrial que nos permitira compoñe—la fase expansiva do ciclo capitalista entre os anos 50 e 70: SIDEGASA, ou sexa, virtualmente toda a industria side-

rúrxica galega; ASTANO, ASCON, e mañá, se non o remediamos, Barreras e, se cadra, ata Bazán, nesa outra florecente anque incompleta construción naval; FRIGSA ou MA-FRIESA hoxe na agroindustria, e mañá, se cadra, será tamén LEYMA ou mesmo COREN, se non se anda con ollo. Deixaron tal vez que o vello proxecto de "aproveitamento integral dos ríos galegos", ou sexa, o asolagamento definitivo de calquera val ou valgada, nolo calcen agora en Navia de Suarna ou no Courel de Novoneyra. Foron cómplices por pasiva de atentados ó movemento obreiro, coma o perpetrado na Alúmina--Aluminio de San Cibrao --atentados subversores da propia legalidade laboral e sindical seica vixente--. Capitularon na defensa do sector pesqueiro e mariñeiro, coma no conflito do banco sahariano e no acordo con Marrocos; ou dos emigrados, ós que tantos decretos disque recoñecen a galegitude, coma no conflito dos traballadores de HEEREMA. Botaron o comercio ó circo dos leóns das transnacionais coa súa irrisoria --que eu denominaría-- Lei de entrega do Comercio Interior de Galicia ás grandes superficies. Careceron dunha estratexia autóctona decidida para a rede viaria de comunicacións exteriores e internas. Practicaron o nepotismo cultural, tratando de facto a cultura galega como subsidiaria e marginal, mentres segue á intemperie o prodixioso patrimonio artístico deste pobo. Asumiron o desarme lingüístico, chegando á virtual conxelación da Lei de Normalización do galego.

¿Ve vostede, señor Presidente? Velaquí un fresco ben diferente do que vostede pintou onte. Como non me considero un iluminado, falta por ver con cal dos dous concorda máis a cidadanía.

Pero non crea vostede que eu veño aquí de catastrofista. Lonxe diso, anunciei un parto, e iso nunca é unha catástrofe, é un trance. Un trance para o que nós, o BNG, estamos preparados. O que pasa é que, señor Laxe, cómpre falar menos

de progreso e ollar máis desde a esquerda. Tamén fala de progreso o gran capital: mesmo é a súa música predilecta. Cantan o progreso a ITT, a Ford, mesmo a Coca--Cola. E en nome do progreso espolian países como Galicia e moitos outros máis ricos e atrasados do que nós no terceiro mundo. Desde a esquerda, en Galicia, pódese establecer diálogo e concluír acordos con sectores conservadores atinxidos pola grave situación nacional galega. Nunca co gran capital que controla a innovación tecnolóxica, na que seica vostede quere basea--la súa fábula inxenua de ilusións, se cadra ópticas, para Galicia. ¡Esper-te, señor Laxe, dunha vez!

E vouno axudar. Voulles dar ideas a vostede e ó seu Goberno, e non é petulancia. Logo, veremos se son vostedes quen de asumilas e de aplicalas.

Vostede pode, segundo o Estatuto de Galicia, artigo 55, crear un organismo empresarial público autónomo, coa participación de institucións financeiras galegas e xestionalo baixo o control do Goberno. Con el podería vertebrar un sector público ou mixto que actuase nos centros nerviosos do aparello productivo e abordase os proxectos de investimentos inalcanzables ó empresariado galego autóctono, pero que crearían economías externas e de escala en proveito precisamente das iniciativas dese mesmo empresariado. O BNG faríao.

Vostede pode, segundo o Estatuto, mesmo artigo 55, crear un Banco ou institución pública galega de crédito. Mesmo pode reivindicar para iso o previsto no artigo 150 da Constitución Española. Con esa institución podería incidir, de xeito non dirixista, na formación de capital a prol da economía galega e orienta--la actividade crediticia dos intermediarios financeiros que operan en Galicia. Algúns, cando menos as Caixas, mesmo llo agradecerían, seguro. O BNG faríao. Xa o quixo facer coa inestimable colaboración e protagonismo de don Carlos

Mella e don Luís Cordeiro. ¿Lémbanse da proposta de Lei do Instituto Galego de Crédito? Pero vostedes non quixeron e o Grupo Popular tamén pasou.

Sen instrumentos coma estes, ¿como pode atribuírse á acción do seu Goberno o ritmo de crecemento da economía galega como fixo vostede onte? Nin para ben nin para mal pode facelo actualmente: están vostedes inermes.

Vostede pode requirir do poder central do Estado a revisión do Fondo de Compensación para que realmente opere como mecanismo compensatorio do retraso comparativo da economía galega. O BNG faríao.

Vostede pode propoñerlle ó poder central a reformulación do modelo de financiamento da Comunidade Autónoma Galega, de xeito que adquiramos, se non soberanía, si cando menos verdadeira autonomía financeira, sen a que resulta ilusoria a autonomía política. E isto é posible no marco constitucional vivente. E o BNG faríao.

Vostede pode presentar proxectos de lei que reformulen a coordinación financeira das Deputacións e dos Concellos entre si e mais coa Xunta, e tamén un Fondo de Solidariedade Interterritorial auténtico que efective ese principio con criterios estables. Pero o Proxecto de Lei de Coordinación de Deputacións que está en trámite non permite iso en absoluto. En cambio, o BNG faríao.

Vostede pode, segundo o Estatuto, artigos 27 e 40, reordena-la estrutura territorial deste país institucionalizando as comarcas como grandes unidades de base da Administración territorial. O BNG faríao seguro. E a partir de aí poderíase deseñar en serio unha política de ordenación do territorio e do medio ambiente que hoxe nin existe nin pode existir sen esas bases. Vertebra-lo territorio e o mercado interno, señor Presidente, non consiste en facer estradas e camiños,

senón en deseña--las pautas de ordenación territorial nas que o trazado das comunicacións cobre senso, en vez de facerse ás toas ou con enfoques fragmentarios que moitas veces avivecen as absurdas confrontacións localistas. Queren vostedes dar café para todos, e como así resulta imposible, só llelo dan a algúns.

Vostede pode defini--los sectores económicos galegos con potencial de desenvolvemento e legisla--lo repertorio de resortes necesarios para promovelos. O BNG faríao. Mais vostede, se o fai, terá que bater coas consignas da Comunidade Económica Europea e do Estado relativas ó futuro económico da nosa nación, e non se lle ven folgos para esa loita política.

Vostede pode, segundo o Estatuto, artigo 55, elaborar un marco legal autónomo axeitado para o florecemento do cooperativismo, tan vital para as clases populares deste país, en vez de andar con patchadas puntuais dispersas. O BNG faríao.

Vostede pode esixir do Estado a solución da intolerable situación sanitaria galega, mesmo antes da transferencia do INSALUD, e deseñar un plan axeitado de estrutura sanitaria de base. O BNG tamén o faría.

Vostede, finalmente, pode ordenar territorialmente a Universidade galega, de xeito desconcentrado e descentralizado, antes de lanzarse a crear tres Universidades que outravolta esquecen, mesmo neste terreo, á Galicia interior como tal. O BNG faríao.

Vostede pode librar unha batalla decisiva polo idioma. Vostede pode garanti--la liberdade de expresión nos medios de comunicación. Vostede pode legisla--la calidade ambiental, o apoio non dirixista á creatividade cultural do país, a defensa e o arriquecemento do patrimonio artístico, a autoorganización cidadá nos servizos sociais,

nas asociacións veciñais, na liberación da muller, na desalienación da mocidade. Todo iso sería facer país, e inxectarlle saíba á emancipación e vertebración do pobo galego.

Todo iso, e vou rematar señor Presidente, sería facer política e non só xestión doméstica e domesticada. O BNG faría todo iso. E non formulo intencións gratuítas e incontrastables. Son feitos. Case que todo o devandito, Señorías, está xa na Lei de Bases de Medidas Urxentes que o BNG trouxo a esta Cámara xusto cando vostedes se estreaban como Goberno. Rexeitárona vostedes e tamén pasaron do choio os señores do Grupo Popular. Puxéronse en evidencia uns e outros. Nós demostramos, e estamos a demostrar, que tiñamos e temos alternativas e vontade política de levalas á práctica.

Pois imos continuar. Imos arrequecer nos meses vindeiros ese repertorio de programas de acción de goberno, xa que vostedes non o fan. E emprazaremos, emprazamos xa, ás forzas políticas galegas a negociarmos e concluímos acordos de goberno ou de Lexislatura, que lle permitan ó pobo galego, a partir das vindeiras eleccións, recuperalo que é de seu: o exercicio do poder político, a prol dos seus propios intereses, no canto de padecerlo poder político como servidume da cobiza allea.

Xúrolle por Castelao, eu que poucas veces xuro e nunca xuro en van.

O señor PRESIDENTE: Señor Mella, ten a palabra.

O señor MELLA VILLAR: Señor Presidente, Señorías, vou intentar aproveitar estes minutos que me corresponden, dicindo simplemente que as cousas ás veces veñen dadas. Escoitaba onte pola noite, nunha tertulia da Televisión Española, que un político nacional despreciaba e insultaba ó señor González Laxe,

sen razón, sen medios e sen argumentos. Sentínme doído, exactamente igual que me sentía doído cando determinados políticos lle faltaban ó respecto ó señor Albor, antigo Presidente da Xunta. Porque eu confeso o meu chauvinismo galego. E cando desde fóra de Galicia se fala mal dela é a mellor maneira de gaña-la miña enesmistade. De Galicia pódese falar mal desde aquí e hai moito que dicir. Pero que non me veñan exemplos desde fóra, porque se o futuro dos galegos é imitar ós que non son galegos, Deus nos colla a todos confesados.

E lóxico, señor Presidente, señores Deputados, que a mínima prudencia política me aconsellase hoxe non saír falar aquí. Pero desgraciadamente hai veces que non resisto determinadas tentacións e, gústelles ou non lles guste a moitos, teño que falar.

A min como galego estame doendo enormemente que Galicia sexa o país dos asasinatos salvaxes, da páxina de sucesos, do primitivismo aireado, que sexa un recanto xeográfico despreciado, que sexa unha especie de coro de queixumes, e contando desde hai 500 anos a súa imposibilidade, a súa falta de capacidade política e a súa resignación social. Négome a esta visión de Galicia, porque cos seus defectos ten tamén as súas virtudes, e pouco ten que envexa--las virtudes dos demais.

Como galego esta visión parcial dóeme. Son Deputado por unha conxuntura máis ou menos afortunada para min, pero en cambio son galego de nación, e vanme permitir que hoxe, asignándome unha representación que ó mellor non teño, non fale como Deputado e fale como galego.

Eu non vou critica--lo seu discurso, señor Presidente. Neste momento o seu discurso sobre o estado da nación non me interesa. Vostede dixo o que tiña que dicir como Presidente dun Goberno, e os Partidos da oposición vano criticar como é a súa obriga. Iso paréceme ben, e entra no xogo político. Só lle vou

facer dúas observacións que penso que teñen un certo trasfondo político.

Primeira, o seu discurso tivo un carácter atemporal. Falou vostede do pasado e falou vostede do futuro, do porvir, pero os galegos viven no presente. Polo tanto, aí hai, quizais, unha falta de algo que me gustaría ver no seu discurso.

Segundo, vostede recalcou moito que todo o pasado fora malo. Señor Presidente, aquí hai un erro dialéctico grave, é o seguinte: Vostede no seu Goberno ten a tres, catro ou cinco señores, non sei cantos, que fixeron no pasado todo mal, e agora de repente no seu Goberno están a facer todo ben. Unha de dúas: ou no pasado non era todo malo, ou no presente algunha cousa fan mal. Penso que iso entra dentro da dialéctica política, pero supoño que a algúns señores non lles gustará moito.

Vou entrar no tema que me trae aquí. O tema que me trae aquí é o estado da Autonomía, porque é o título do debate. O estado da Autonomía é o estado desa nacionalidade histórica chamada Galicia. Vouno ver desde tres puntos: institucional, económico e político. Eu dígo-lle: o estado da Autonomía, o estado da nación galega é malo. Preocúpame e quero que o día de mañá sexa bo. Voulle dicir por que é malo o meu xuicio e por que temos que tomar--las medidas necesarias para que empece a ser bo.

Desde o punto de vista institucional, por primeira vez na historia, Galicia saíu da meta na mesma liña cós demais. Galicia, como nacionalidade histórica co seu Estatuto, saíu da mesma liña de saída ca Cataluña e o País Basco. Desgraciadamente nós fomos perdendo calidade autonómica. Dígoo con pena, pero é así.

Señor Presidente, quero que se convenza ben de que este discurso o pronunciaría o mesmo cun Goberno Socialista ca cun Goberno do Grupo

Popular. O feito obxectivo e real é que perdemos calidade autonómica. Hoxe fálase das Autonomías históricas de Cataluña e do País Basco, e, automaticamente, esquecese a Autonomía histórica galega. Pode parecer unha parvada, pero é unha definición implícita e importantísima da categoría que nos dan os demais, e nós somos --queirámolo ou non--segundo nos vexan os demais. Despois de saírmos da meta igual cás outras, hoxe estamos recuando, ou recuamos definitivamente da liña de partida, mentres que as demais avanzaron profundamente.

Desde o punto de vista económico non estamos ben tratados. Isto é tamén outra evidencia. Ademais, o trato igualitario economicamente é unha das maiores inxusticias que se poden cometer. Por exemplo, aquí non hai igualación posible. Nós somos unha das Comunidades coa renda per cápita menor, co produto por persoa menor. Nós temos unha serie de recursos primarios esgotables, explotados en escasa comunión coas necesidades reais de Galicia. Poñan vostedes, por exemplo, a explotación das Pontes de García Rodríguez, a explotación de Alúmina--Aluminio, a explotación dos nosos recursos mineiros, a explotación, produción e distribución da nosa enerxía eléctrica.

Onte dicía vostede que tódolos pobos de Galicia teñen luz. Exactamente, iso é certo. Pero tamén é algo así como dicir estadisticamente que é analfabeto o que sabe asinar. Porque eu dígo-lle que a 26 quilómetros de Santiago as muxideiras non funcionan; os domingos desde logo xa non funcionan, pero as vacas dan leite os domingos. Evidentemente, ter unha bombilla non significa estar electrificados. Estar electrificados para un desenvolvemento de Galicia significa que hai unha corrente eléctrica lóxica, que, cando se contrata determinada potencia, esa potencia existe e que, ademais, se comunica ou se subministra as 24 horas do día.

Paso á nosa sanidade. Evidente-

mente, a nosa sanidade non é decente, e temos un certo desamparo ante os acontecementos do futuro polo pouco caso que nos fan.

Por outra parte, mecanismos positivos: a LOFCA, Lei de Servicios Mínimos. Xa sabemos que os servicios mínimos quedaron sen implementar, que era o único que realmente dentro da LOFCA lle podía axudar a Galicia.

O FCI. Se lémo--la Constitución, vemos que o FCI non ten por que ser de tódalas rexións, de tódalas nacionalidades históricas, nin non históricas, é dicir, de tódalas Autonomías. A Constitución simple e sinxelamente di que algunhas, as de menor nivel de renda. Sen embargo, hoxe, por mecanismos técnicos, por falta de capacidade dialéctica, por falta de presenza, Cataluña cobra máis do FCI que Galicia. Evidentemente, isto vese que é anticonstitucional se se len os artigos da Constitución. Porque a min cando se me pide respecto para a Constitución, que eu respecto, pido o mesmo respecto para todos. O que non pido son respetos máis ou menos particulares, e logo interpretacións así mesmo particulares, prexudicando a Galicia.

Voulle poñer un simple exemplo, aínda que me prolongue un minuto máis. Vostedes van publica--la Lei de Universidades. O Conselleiro ten a miña conformidade. Mesmo ten a miña felicitación polo estudio que fixeron do tema. Pero a Comunidade Autónoma vai pagar 2.000 millóns de pesetas máis polo simple feito de ter esa lei. Se quere poñer novas carreiras, vai pagar 6 ou 7.000 millóns de pesetas máis.

Mire vostede: se nós retirámo--las Facultades que temos en Educación e se llas devolvemos ó Goberno, supoñendo que o Goberno o faga ben, poñería as novas Facultades en Galicia, pagadas polo Estado. Pero como nós temos esas Facultades, ímola paga--los galegos. Quero dicir que aí se está producindo un desfalco, dalgún xeito autonómico,

que non ten razón de ser. Polo tanto, o lóxico sería que se nós poñemos esas Facultades o Goberno Central as pague. Polo tanto, o que estamos a facer é que a Autonomía sexa cara, que a Autonomía teña que pagar cuestións que non lle corresponderían, e desesa maneira estamos debilitando profundamente a situación autonómica.

Vostede falou tamén da política económica e do progreso económico de Galicia. O anterior interveniente xa lle falou dunha serie de instrumentos; é un pouco difícil atribuírse os méritos cando non hai instrumentos, señor Presidente. E dicir, se vostede non ten os instrumentos financeiros, se outros que se lle ofreceron os votou en contra, evidentemente, é moi difícil montar esa política económica. Pero de todas formas nese tema non me quero meter.

Vou á pregunta fundamental independentemente de que a exprese ben ou mal, sobre a que eu quixera que se meditase profundamente. A pregunta para min fundamental é a seguinte: ¿Interesa este debate na rúa? ¿Estamos nós conectando co que pensan os galegos? ¿Sente o galego que aquí se está falando dos seus temas? ¿Estamos a discutir sobre un país inexistente, fabricado polos propios políticos, que somos nós, como campo de xogo para a nosa particular e persoal promoción, ou estamos realmente traballando sobre o país real, coas súas necesidades reais, cos seus problemas reais e coas súas angurias normais dun pobo que vive e traballa?

Eu penso que posiblemente todos temos un pouco de culpa, e todos fomos incapaces de facer esa conexión. Evidentemente, todo pobo ten unha percepción popular que moitas veces lles escapa ós políticos. Digamos que, por exemplo, a percepción popular observaría seriamente que ás veces para nós, desde o noso punto de vista, as cousas son boas ou malas segundo esteamos no Goberno ou na oposición.

Póñolle un exemplo, señor Presidente; non é unha crítica, é un exemplo. Vostede fixo unha emenda á totalidade dos Presupostos pedindo a rebaixa do 5% dos gastos correntes. 6 meses despois vostede era Presidente do Goberno e presentou un Presupuesto que subía un 30%. Evidentemente hai unha disparidade: mentres estaba na oposición vostede defendía unha cousa, e cando chega ó Goberno defende outra. E a percepción popular pensa, decátase de que algo non funciona, non furrula, como se diría en galego.

A percepción popular, cando ve que un Partido político vai pola mañá a unha manifestación defendendo branco e despois pola tarde no Parlamento vota negro, di: ¿que está pasando aquí? Incluso se producen casos curiosos. Hai xente que loitou violentamente contra o nacionalismo, que intentou creba--lo nacionalismo corrente, e co xogo político normal aparece como porta--estandarte dese mesmo nacionalismo. Tamén iso evidentemente crea unha incertidume no pobo. E logo neste país o adxectivo prima sobre o substantivo. Aquí se un está nun Partido nacionalista é nacionalista, se está nun Partido nacional non pode ser nacionalista. Eu, con tódolos respetos, penso que as cousas non son así; son moito máis complexas, e para min o substantivo prima sobre o adxectivo.

Pero o máis importante, señor Presidente --e vou intentar rematar--, é que politicamente a Autonomía non é máis ca unha distribución, moderación e compensación de poderes. Dígolle isto polo seguinte. Eu non sei se é certo ou non, señores do Goberno, pero digamos que a idea xeral é que o Partido Socialista Obreiro Español está absolutamente sumiso ás directrices de Madrid. Preocúpame que se extenda esta opinión por unha sinxela razón: porque isto sería un torpedo na liña de fluctuación da Autonomía. Porque a Autonomía ten razón de ser de seu, precisamente, no feito de que o poder se atopa en diferentes foros --poder central,

poderes autonómicos-- que funcionan e se compensan e que dalgunha maneira atenúan a violencia do poder, que sempre é violento. Entón esta sumisión, sexa ou non aparente, sexa ou non real, é algo que hoxe por hoxe debe desaparecer da Comunidade Autónoma Galega.

Eu respecto a unidade do Partido Socialista e penso que é unha das súas grandes virtudes. Pero cando vostedes levan a disciplina ata o punto de que se converta en obediencia en terceiro grao, como explicaba San Ignacio de Loyola, entón chégase xa ó extremo no que a política unidimensionalmente se converte na única cara, lado ou característica dunha persoa, o cal tampouco é certo.

Por outra parte, hai unha cousa, señor Presidente, que lle quero dicir e sobre a que, ó mellor, a xente non meditou seriamente. Os galegos elixen a outros señores que representan a Galicia no Congreso dos Deputados do Estado. ¡Son os mesmos galegos os que os elixen e os que lles dan o mandato necesario! Eses mesmos galegos elixen a uns Deputados autonómicos. Polo tanto, nós non temos por que ter esa especie de obediencia, sumisión ou xerarquía inferior con respecto ós madrileños. Xa os galegos elixen ós nosos representantes en Madrid, tan lexitimados coma nós. Pero a nós elíxenos para que defendamos con dureza, con forza e incluso con violencia os intereses propios de Galicia; despois os outros defenderán os intereses de Galicia dentro do Estado xeral, que para iso foron elixidos.

Preocúpame moito que aquí se defenda a autonomía das Deputacións e a autonomía dos Concellos e non se defenda ó mesmo tempo a autonomía da Autonomía. Este é un problema moi importante que se debe meditar seriamente, e debe escoitarse non meneando a cabeza de xeito negativo, señor Blanco, senón como posibilidade de reflexión sobre o estado da nación.

Remato, señor Presidente.

Señor Presidente do Goberno, ¿que facemos ante esta situación? Eu sei que non hai solucións milagreiras. Ademais se me contase vostede unha solución milagreira non lla ía crer, porque estiveren no Goberno e sei as dificultades que existen.

Agora, vostede, como Presidente do Goberno --e dígollo a vostede como llo diría a calquera outro Grupo--, ten a obriga de tracexalo esquema político autonómico no que poidan incardinarse os galegos. ¿Temos nós hoxe un esquema político autonómico no que tódolos galegos se consideren inseridos? A miña resposta é que cando menos non o vexo claro. Conformaríame con que despois do debate da nación este esquema quedase claro.

Se isto non se consegue, señor Presidente, hai unha cousa clara: sobramos todos. Para unha xestión normal da gobernación pública, un Delegado do Goberno, cuns cantos delegados por diversas áreas, podería face--lo mesmo traballo ca nós. Se non lle botamos ese sal político a esa xestión, estamos de sobra. Evidentemente, só con política e mala xestión non marchamos para adiante. Un guiso con moito sal sabe mal, pero ese pouco sal é absolutamente necesario, e a nosa comida autonómica neste momento, con tódolos respetos, teño que dicir que está sosa.

Polo tanto ...

O señor PRESIDENTE: Pasaron xa catro minutos do seu tempo. Rógolle que remate.

O señor MELLA VILLAR: Entón, señores, queda un vacío político importante. E, señor Presidente, nos vacíos políticos normalmente cando non hai unha resposta adoitan aparecer--los mesías que queren enche--los vacíos políticos con ideas mesiánicas. O único malo é que os

mesías hoxe levan pistola. Eu preferiría de tódalas formas que ese vacío político se enchese con ideas políticas tal como a nós nos parece e que dunha vez por todas a Comunidade Autónoma Galega funcionase como verdadeira Comunidade Autónoma.

Sinto non poder explicar mellor esta última parte, pero cortáronme a palabra.

Máis nada e moitas gracias.

O señor PRESIDENTE: Señor Nogueira, ten a palabra.

O señor NOGUEIRA ROMAN: Gracias, señor Presidente.

Señor Presidente, Señorías, celebramos este debate sobre o estado da nación galega nun momento problemático, mais tamén esperanzador. Un momento que esixe acordos entre as forzas políticas do noso país.

Voulles aforrar por este motivo as críticas detalladas á situación da Autonomía, tal como é interpretada polo Presidente González Laxe. Os xuicios e argumentos do PSG--EG son coñecidos, tanto por vostedes coma pola nosa sociedade. Non teño necesidade de reiteralos, nin é ese o obxectivo da miña intervención.

Só quero mostrar aquí a miña decepción, aínda que non sorpresa, polo discurso de onte do Presidente da Xunta. En lugar de ocuparse dos grandes problemas, sobre todo económicos e sociais da nosa nación, deteu en minucias rotinarias.

O Presidente González Laxe non debería permanecer por máis tempo de costas viradas á realidade da sociedade galega.

A pesar diso, considero que o momento actual esixe de todos nós acordos democráticos que procuren a solución dos problemas económicos e sociais que lle preocupan á sociedade galega ante decisións económicas estratéxicas do Estado que ata

este momento non nos foron favorables, ante decisións que marxinan a Galicia fronte á irreversible configuración da unión económica europea no marco da Comunidade Económica Europea.

Existe hoxe en Galicia un consenso social maioritario sobre as solucións posibles e necesarias para os grandes problemas económicos da nosa nación. Existe, mesmo, unha crecente conciencia política sobre as innegables posibilidades da economía galega para propiciar unha sociedade máis próspera e equitativa no contexto da economía peninsular e europea.

Ese acordo social maioritario debe reproducirse nas institucións democráticas representativas, neste Parlamento, que teñen que procura--las solucións dos nosos problemas, dándolles vía ás lexítimas aspiracións do noso pobo.

Porque hai momentos, Señorías, na historia dos pobos nos que é preciso superar en todo ou en parte as lexítimas confrontacións democráticas para lograr acordos sobre cuestións cardinais e decisivas que están na conciencia de toda a sociedade como imprescindibles.

Este é un deses momentos.

Na sociedade galega hai unanimidade. Ninguén, e menos o Goberno Galego --sería paradoxico, ten o dereito de constituírse en obstáculo ante calquera posible e auténtica solución.

Hai certas grandes cuestións que deberían ser substraídas do debate electoral, precisamente por seren defendidas unanimemente por todos nós. Non permitamos que desde fóra de Galicia nos fagan pelexar por algo que nos pertence e que nos negaron.

Dicía antes que o momento era problemático, mais esperanzador. Esperanzador porque a conciencia política sobre os propios problemas e as lexítimas aspiracións da so-

ciedade galega non fan máis que medrar, abranguendo sectores cada vez máis amplos e diversos.

A autonomía política non está en discusión máis ca no senso da procura da súa maior eficacia ou do seu desenvolvemento cara a un maior autogoberno. Algún día próximo, espero, o autogoberno será amplo de abondo para non termos que reclamar, senón resolver por nós mesmos.

A contradicción entre a reclamación da equidade e solidariedade, presente na conciencia popular, e a marxinação de Galicia dos plans económicos estratéxicos do Estado require posturas políticas de responsabilidade, que, desde logo, o PSG--Esquerda Galega está disposto a asumir.

Por esta causa consideramos que as forzas políticas deste Parlamento, incluídas as que apoian o Goberno Galego, deben lograr un acordo sobre as grandes cuestións, sobre todo económicas, que determinarán o noso próximo futuro.

Lembren, Señorías, o Acordo pola Paz do País Basco. Aquel acordo propiciou negociacións e abriu perspectivas que poden dar lugar ó cesamento definitivo da violencia, e motivará sen dúbida a ampliación do autogoberno nacional de Euskadi.

O Acordo Nacional Galego, respetando a diversidade das forzas políticas parlamentarias, debe cumprir en Galicia un papel semellante, aínda referíndose a circunstancias certamente moi distintas.

Así como en Euskadi lle correspondeu ó Lehendakari un papel singular, dada a súa función institucional, en Galicia o Presidente da Xunta debería se--lo primeiro interesado no noso Acordo Nacional.

Trátase de buscarlles solucións efectivas e a curto prazo ós problemas e ás aspiracións que determinarán o noso próximo futuro económico, prestando todo o noso apoio desde a nosa específica responsabi-

lidade.

O Acordo Nacional que propoñemos neste Parlamento debería incluír: A construción das autovías internas de unión coa Meseta e con Europa en igualdade coas outras Comunidades Autónomas do Estado, isto é, antes de 1992, e as unións viarias co Cantábrico e con Portugal. Para isto é preciso --non o podemos esquecer-- reclama-la modificación do "I Plan General de Carreteras 84--91", incluíndo o correspondente presuposto. A incorporación inmediata de Galicia á anchura de vía europea e ó ferrocarril de alta velocidade, enlazando con Hendaia, así como ós programas estatais de condución de gas e de telecomunicacións, e, en xeral, a tódalas grandes infraestructuras. A reclamación para o período 89--93 dos fondos estruturais que lle corresponden a Galicia segundo as normas da Comunidade Económica Europea, que non poden ser inferiores a 212.500 millóns de pesetas e que deben aplicarse xa desde 1989. A posta en marcha do Plan de Desenvolvemento de Galicia 89--93, contando con aquel cofinanciamento da CEE, incluíndo os proxectos e programas de desenvolvemento económico e de infraestructuras, e un Plan Galego do Emprego, aproveitando as grandes posibilidades da nosa nación. A reclamación dun novo sistema de financiamento autonómico que lle proporcione a Galicia un auténtico poder económico, capaz de efectiviza--las competencias do Estatuto. Evitaríamos así, Señorías, a principal e máis decisiva eiva da Autonomía.

O PSG--Esquerda Galega está disposto a chegar a acordos operativos mesmo para lograr unha parte significativa destes obxectivos, todos eles asumidos pola inmensa maioría da sociedade galega.

Cremos que o Acordo Nacional podería extenderse ata a creación dunha Comisión especial parlamentaria que prepare o desenvolvemento e a reforma do Estatuto de Autonomía. O desenvolvemento do Estatuto fara-

se en todo caso inevitable se non queremos ver reducido o nivel relativo da nosa autonomía política, e quedar desprazados do autogoberno ó que aspiran, e conseguirán sen dúbida, as outras nacionalidades históricas, e que Galicia tanto necesita.

Este acordo realizárase precisamente no momento máis oportuno: no momento do debate sobre o estado da nación galega. A proposta está dirixida a todos: ós Partidos da oposición e, especialmente pola súa función institucional, ó Goberno Galego e ós Partidos que o sustentan.

Asumimos esta posición política desde o nacionalismo democrático e desde o PSG--EG; mais vai dirixida a tódolos Partidos, precisamente porque é unha proposta nacional, porque responde a innegables aspiracións do conxunto da nosa sociedade.

O feito de considerarmos inequivocamente, e mesmo con paixón democrática que non abandonaremos, que Galicia debe estar gobernada por Partidos galegos soberanos non está enfrontado co recoñecemento da lexitimidade dos Gobernos e coa representación dos Partidos nados do voto libre popular dentro da nosa sociedade.

O acordo que procuramos ten que ser sincero e operativo; a política de propaganda baleira de contido sería xustamente o contrario, a negación do que pretendemos.

Señorías, desde o momento da moción de censura, o PSG--EG anunciou que se constituiría nunha oposición leal e constructiva, mais dura e firme.

Deixamos en suspenso naquel momento o noso xuício, aínda manifestando a nosa opinión sobre aquel Goberno, que os feitos posteriores non desmentiron, esperando a proba da actuación en tres cuestións fundamentais: o desenvolvemento do Estatuto e a culminación das transfe-

rencias de competencias; a reformulación e mellora do financiamento autonómico; a resolución dos problemas máis urxentes que sufría a nosa terra e a incorporación de Galicia ós plans estratéxicos que definían o desenvolvemento económico e das infraestruturas no Estado.

Eran esixencias lexítimas e axeitadas, tanto pola súa importancia obxectiva como por responder, en gran medida, a problemas que se debían resolver coa participación do Goberno Central, e que precisaban da suspensión definitiva de determinadas actitudes insolidarias do Goberno do Estado.

Despois de todo, o actual Presidente da Xunta fixo da homologación política co Goberno Central o argumento principal da súa campaña electoral e da súa acción política.

Desde esa perspectiva vostedes saben cal é a nosa opinión sobre os resultados da acción do Goberno Galego no pasado ano e medio. Non queremos abundar na crítica, buscámo--lo remedio dos problemas que nos preocupan.

Trátase agora de buscarmos entre todos a solución das cuestións que deberían formar parte, sen distinción, dos programas básicos de tódolos Partidos democráticos galegos, precisamente por constituíren problemas nacionais.

Hai xa un ano que propuxemos neste Parlamento a creación dunha Comisión nacional galega que defendese ante Madrid e Bruxelas unha postura unitaria da sociedade galega para resolver antes de 1992 os problemas das autovías internas e de unión con Europa e, en xeral, o conxunto da infraestrutura viaria.

Mentres tanto foron múltiples e de distintas procedencias políticas as iniciativas que neste Parlamento ou nas Cortes do Estado --pero tamén e crecentemente en instancias económicas e sociais-- reclamaron unha solución urxente e axeitada ó problema das grandes infraestructu-

ras peninsulares e europeas que afectan a Galicia. Deron xa lugar a un clamor popular.

Necesitamos un acordo para que Galicia non fiquese separada e inerte ante a economía europea; un acordo xustamente para que isto non ocorra. O tempo pasa e non perdoa, Señorías; 1992 está cada vez máis próximo.

Cando propuxémo--lo debate neste Parlamento do Plan de Desenvolvemento de Galicia para o período 1989--1993, esixido pola reforma dos novos fondos estruturais, fixémo-lo coa conciencia preocupada de podermos perder cinco anos cruciais, mentres o Goberno Central intensificaba os investimentos, non só de infraestructuras, senón tamén industriais, sanitarios, universitarios, culturais e de creación de emprego no eixo Cataluña--Madrid--Andalucía.

Hoxe mesmo, como saben as Súas Señorías, estase a producir neste momento unha reunión en Sevilla entre os Presidentes de Cataluña, de Madrid e de Andalucía. E magoa, señor Presidente, que se celebre precisamente este debate sobre o estado da nación galega en mércores, porque son precisamente os mércores os seus días libres.

Pero, en todo caso, o que é evidente é que só ese plan nos permitirá contar en Bruxelas cun marco comunitario de apoio especial para Galicia, con canles de financiamento establecidas para os programas operacionais e grandes proxectos que afecten á nosa nación.

O plan debe referirse ós programas e proxectos económicos, incluídos os servizos como a sanidade e a educación, como, por exemplo, o cofinanciamento das novas Universidades que pretendan apoio, axudas e subvencións da CEE. Este contido, e non outro, terán os plans que o Goberno do Estado presentará en Bruxelas. Evidentemente o Goberno Central non presentará en Bruxelas a suma dos Presupostos do

Estado Español para os próximos 5 anos, nin para os próximos 10 anos. Son os programas que pretendan a subvención ou axuda da CEE os que son obxecto dos Plans de Desenvolvemento que se van presentar en Bruxelas e, polo tanto, os que se presenten desde Galicia en Madrid con toda evidencia.

Quixeramos crer que neste caso, coma en tódolos demais, imperará a cordura e a responsabilidade. ¿Pre-téndese enganar a alguén coa presentación apresurada de cifras confusas que nada significan?

Queda pouco tempo. Un tempo precioso no que nos xogamos anos decisivos para o futuro da nosa nación.

Señorías, tanto Cataluña coma Euskadi, tanto o Presidente Pujol coma tódolos Partidos bascos, están negociando, directa ou indirectamente, o desenvolvemento do seu autogoberno como nacionalidades históricas, como nacións.

Tamén as Autonomías que teñen a súa orixe no artigo 143 da Constitución negocian democraticamente a ampliación das súas competencias; negocia neste momento todo o mundo, tódalas Autonomías.

¿Que fai Galicia neste momento? ¿Que lugar ocupa nese diálogo aberto no que a vontade política maioritariamente manifestada será o elemento decisivo do autogoberno conquistado? ¿Ten dereito o Goberno Galego a pecharse irresponsablemente dentro de Galicia como se se tratase dunha simple provincia de España?

¿Que fai hoxe Galicia, especialmente, para lograr un financiamento autonómico axeitado, un poder económico propio, sen o cal calquera competencia política é ilusoria?

Pasados sete anos de Autonomía temos xa suficiente experiencia para sabermos cales son as eivas estatutarias que tollen o autogoberno. Quixeramos ter un Estatuto de

Autonomía que nos permitise formular sen equívocos e por nós mesmos a resolución dos nosos problemas: desde as infraestructuras ata a lingua, desde a organización territorial e as Deputacións ata o financiamento e os recursos económicos autonómicos, desde a industria ata a agricultura ou os recursos hidráulicos.

Queremos facer presente a Galicia en Europa e no mundo como unha nación solidaria, desde a dignidade do autogoberno. Mesmo dentro da actual Constitución é posible incrementa-la autonomía política, desenvolvendo e, mesmo, reformando o Estatuto. ¿Cal é a posición neste senso deste Parlamento?

O PSG--EG está disposto a que o Acordo Nacional que pretendemos se extenda a esta cuestión, creando, como existe en Euskadi e como é permanente en Cataluña, unha Comisión parlamentaria especial de desenvolvemento do Estatuto de Autonomía, moi especialmente adicada á consecución dun auténtico e solidario poder económico, base do autogoberno.

Así como agora, non podemos seguir. Témo--la responsabilidade de darlles solucións ás aspiracións colectivas lexítimas e democráticas da nosa nación, que quere participar en pé de igualdade e libremente na construción dun presente e dun futuro mellor e máis xusto.

Galicia ten enormes posibilidades e recursos económicos, culturais, humanos que non podemos estragar. Debemos establecer neste Parlamento o acordo que a sociedade galega inequivocamente reclama.

Creo, sinceramente, señor Presidente, señoras e señores Deputados, que neste momento debemos estar todos comprometidos pola conciencia e a voz de toda a sociedade galega.

Señorías, as distintas sedes que acolleron a este Parlamento están cheas de simbolismo político: o

Pazo de Xelmírez, o Pazo de Fonseca e este Pazo do Parlamento.

O Pazo de Xelmírez pertence ó momento histórico no que Galicia tivo un último rei propio. Aquel rei Afonso, criado nas torres de Mens, posteriormente preferiu ser emperador de Castela e León ca rei de Galicia, a diferenza do que fixo seu curmán Afonso Enríquez do condado galego de Portugal.

Estes feitos, lonxanos, condicionaron o esvaecemento político de Galicia.

No tempo da construción do Pazo de Fonseca, Galicia estaba xa incorporada marxinalmente ó Imperio, debendo con homes e diñeiro, reclamados desde a lonxana Corte, na que Galicia non estaba representada, facer guerras alleas.

Mais a pesar de todo o paso do tempo e da marxinación non conseguiron borra-lo sentimento de galeguidade, a identidade lingüística, cultural, social, económica e nacional de Galicia.

Pasou tempo e Galicia recupera neste Pazo do Parlamento unha sede na que expresar democraticamente as súas aspiracións e os seus anxeios de autogoberno solidario.

Así quixeramos que fose, Señorías.

Non debemos querer que Galicia sexa de novo un simple lugar desde o cal conquistar Castela, España; nin tampouco que Galicia fiquese reducida a unha simple provincia de España, precisamente cando temos-la oportunidade de que se constitúa nunha nación peninsular europea libre e solidaria.

No momento do debate sobre o estado da Autonomía da nación galega, esta é a nosa responsabilidade.

Procuremos seriamente acordos nacionais que fagan isto posible.

O señor PRESIDENTE: Señor González Mariñas, ten a palabra polo PNG.

O señor GONZÁLEZ MARINÁS: Señor Presidente, Señorías, a intervención do Presidente da Xunta de Galicia de onte deu cumprido reflexo da situación da nosa Comunidade Autónoma e, sobre todo, das súas perspectivas de cara a un futuro inmediato.

Hai unha conclusión que eu entendo certa, e é que a Comunidade Autónoma camiña cun ritmo constante e ben enmarcado nunha cobizosa planificación de accións cara ó ano 1993. Hai por primeira vez en moitos anos na nosa Comunidade Autónoma horizonte económico, hai sensibilidade institucional, hai vontade política de conduci-lo país sen mirar para atrás.

Por suposto, Señorías, que neste contexto caben moitas valoracións políticas sobre esta situación, sobre o que actuou ata agora o Goberno Galego e sobre as perspectivas de futuro.

Pero recoñecerán que hai moitos elementos que albiscan unha situación distinta. Hai algo xa de por si novidoso nesta mesma Sesión que hoxe estamos a celebrar. Novidosa e reconfortante é a mesma posibilidade deste debate, como salientaba onte o Presidente da Xunta. E a primeira vez, en efecto, que un Goberno Galego solicita un debate de política xeral. E non é que con anterioridade este debate non se puidese celebrar; sempre é posible un debate destas características ante a Cámara representativa do pobo. Pero si é certo que había unha actitude moito máis renuente a comparecer e debater no Parlamento de Galicia as grandes cuestións de goberno, as grandes cuestións do país.

Tivo que ser xustamente este Goberno tripartito, ó que algúns non lle auguraban estabilidade nin proxección de futuro, o que tomase esta iniciativa que eu entendo sin-

ceramente que osixena o país, que osixena a nosa vida parlamentaria.

Unha iniciativa que, por outra banda, dá conta e dá proba da seguridade dos Partidos no esquema e no proxecto común de gobernación, acordado hai ano e medio polos tres Partidos que hoxe gobernan Galicia.

Queremos todos explicar e queremos todos debate--la nosa política, a nosa contribución ó goberno do país, a súa propia continuidade de acción por riba de todas esas lóxicas e necesarias diferenciacións ideolóxicas e programáticas dun Goberno de coalición.

Eu non quixera, e non vou facelo, investi--lo meu tempo en facer un xuicio do anterior Goberno. O xuicio está feito na propia moción de censura, que xerou xustamente unha nova maioría parlamentaria que sustenta ó Goberno Galego actual.

Pero creo que si resulta preciso deixar marcada aquela situación que ancoraba a Galicia no vello paradigma da resignación, da falta de horizontes, da falta de dinamismo como simple punto referencial. Punto referencial non soamente da adopción dunha decisión política, para min absolutamente necesaria, como foi a moción de censura e a constitución deste novo Goberno, senón de toda a tarefa política e administrativa desenvolta desde entón polo novo Goberno.

Aquel postulado de cambia--la liña histórica do noso país, rompendo inercias de toda caste e tentando conducir este país noso, Galicia, desde parámetros de eficacia, de conexión cos tempos que corren, de apertura, de concertación cos axentes sociais, segue a ser un postulado absolutamente válido hoxe en día. Por suposto que esta cuestión está na base da decisión que no seu día tomou o Partido Nacionalista Galego de participar na moción de censura, de participar no Goberno Galego, e sentímolo hoxe, e quero reafirmalo nesta Cámara, absolutamente reafirmado tras ano e

medio de xestión governamental.

Porque, Señorías, neste tempo introducíronse na política e na vida colectiva galega factores claramente positivos, factores claramente positivos de hoxe, de presente, non de pasado nin de futuro.

Ante todo sentáronse as bases dun Goberno estable, sen sobresaltos políticos, porque realmente tal nome non merecerían algúns lexítimos procesos de decantación ideolóxica persoal que se produciron nesta Cámara, pero que non influíron realmente de xeito significativo na adopción das decisións parlamentarias, incluso, que tivo que adoptar este Goberno.

E hai outro factor absolutamente positivo, e eu creo que inequívoco e ata indiscutido na nosa sociedade galega de hoxe, que é unha mellora substantiva na xestión política e administrativa da Xunta de Galicia. Unha mellora que comenza nos propios Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma, aínda que parezan tópicos, porque están na nosa opinión; Presupostos que se presentan en tempo por primeira vez na historia da nosa Comunidade Autónoma e que amosan un claro senso investidor, xa que por primeira vez os gastos correntes son menores cós gastos de investimento, rompendo por outra parte unha maléfica tradición de moitos anos na nosa Comunidade Autónoma.

O Goberno instrumenta toda unha política de incentivos ó investimento a través da Zona de Promoción Económica, a través da Zona Industrial en Declive, que está a producir resultados tanxibles no presente da Galicia de hoxe. Elabórase un Plan de Desenvolvemento que, por primeira vez tamén, se vai traer a esta Cámara, no canto de anteriores documentos estritamente governamentais, pero sen posibilidade de participación parlamentaria na súa discusión.

A Administración, esta nova Administración xurdida daquel momento

histórico, asume, por exemplo, o proceso sindical no seu propio seo e abre unha fructífera vía de concertación cos sindicatos --sempre pendente por outra parte ou materia pendente de anteriores Gobernos-- no campo da Función Pública autonómica.

En definitiva, señores Deputados --e son vostedes testemuñas realmente privilexiadas desta situación--, échese este Parlamento de proxectos de lei remitidos polo Goberno en aspectos clave da nosa organización e da propia vida cotiá do país galego. Porque, Señorías, este Goberno tivo que afrontar, non soamente a xestión política e administrativa cotiá dos asuntos ordinarios, senón que aínda --e despois de sete anos de Gobernos conservadores-- tivo que afrontar temas infraestructurais que deberán estar rematados ou, polo menos, estar debidamente encarrilados.

Aquí realmente está tamén a alma e non soamente a pura xestión administrativa da acción deste Goberno. Afróntanse os temas infraestructurais da construción do país aínda non resolta.

E así se lle deu, por exemplo, unha solución ó tema da nosa Función Pública, unha lei global da que carecía e que semellaba unha empresa absolutamente inabordable, absolutamente inacabable. Fixéronse convenios coas organizacións sindicais na orde retributiva e na orde de representación desas organizacións no propio funcionamento da Administración económica. Resolveuse, por exemplo, toda a situación realmente caótica do persoal laboral asinando un convenio único. Este Goberno tivo a previsión e a xenerosidade por realismo político de consignar presupostariamente máis de 3.000 millóns de pesetas para estes efectos de dispoñer desa Función Pública. Os propios funcionarios interinos comezaron a percibirlo 100% das retribucións. Estase a piques de remata--la clasificación e valoración de postos de traballo, que permitirá esa gran

oferta de emprego.

Tamén está toda esa remisión de proxectos, absolutamente cardinais, como a Lei de Comercio Interior, o Servicio Galego de Saúde, a Lei de Ordenación Universitaria --pois nós asumimos sempre esas tres Universidades no noso país--, a Lei de Montes Veciñais, a Lei de Sancións en Materia de Xogo, a Lei de Bibliotecas, ou a reforma da Lei da Escola Galega de Administración Pública, que vai realmente permitir facer desta institución un centro básico de racionalización administrativa e de formación de todo o elemento humano da nosa Administración.

No calendario lexislativo inmediato que as Súas Señorías coñecen, está esa Lei de Coordinación de Policía Local, que vai ser remitida de inmediato como paso secuencial cara á creación da Policía Autonómica, a propia Lei de Organización Territorial de Galicia, a Lei de Cabeceiras de Partidos Xudiciais. Isto polo que respecta ó plano lexislativo.

Pero fóra deste plano lexislativo, eu salientaría, por dicir algúns puntos concretos desta actuación, a mellora das comunicacións interiores do país; a multiplicación xeométrica das concentracións parcelarias; a reordenación do sector pesqueiro e de cultivos mariños, saber realmente o que somos na pesca neste momento, a propia elaboración do censo da frota que estaba sen elaborar e dar realmente a coñece--lo noso peso neste sector tan importante para a vida do País Galego ás instancias estatais, ás instancias comunitarias; ou mesmo, Señorías, toda esa política de extensión dos medios de comunicación institucionais galegos, tanto da Radio coma da propia TVG, que no caso concreto da TVG superará o 90% de cobertura da poboación nesta Lexislatura, con toda a importancia que isto indubidablemente ten para a defensa da nosa lingua, para a defensa da nosa cultura, para o reforzamento, en definitiva, da identidade galega.

Eu, Señorías, non quero obviamente esgota--lo repertorio destas cuestións, e moito menos despois da explícita e completa exposición feita polo Presidente da Xunta ante esta Cámara.

Pero si permítanme salientar ese esforzo de importancia decisiva para a política nacionalista, para calquera nacionalista, de construí--lo país nestes aspectos básicos, non resoltos, nin sequera encarados por anteriores Gobiernos.

E quero xustamente destacar estes aspectos, porque creo que son os que dan a pauta para a valoración que o noso Partido, o Partido Nacionalista Galego--Partido Galeguista, fai da súa propia presenza no Goberno e do propio camiño que este Goberno está a levar. Hai uns eixos que configuran a nosa oferta programática de Partido, que son fundamentalmente tres. Por unha parte, a recuperación e o afortalamiento da nosa identidade nacional. Por outra parte, a modernización e o desenvolvemento social, económico e tecnolóxico do noso país. E, por último, a integración real de Galicia en Europa.

Pois ben, eu quero afirmar que nestes tres puntos básicos a situación da nosa Comunidade Autónoma avanzou substantivamente.

Sirva, por exemplo, a constatación no primeiro eixo da propia Lei de Coordinación de Deputacións como paso previo da organización territorial do noso país, xa en marcha coa conseguinte comarcalización; a inminente constitución do Tribunal Superior de Xusticia de Galicia; ou a crecente e progresiva galeguización da nosa Administración Autonómica.

E quede constancia no segundo eixo da decisiva aportación que este Goberno lle está a presentar á nosa sociedade galega, de crear un novo clima económico con vantaxes reais para o relanzamento e a modernización das estruturas produtivas galegas, mesmo nese campo da

tecnoloxía avanzada, que resulta absolutamente fundamental: a participación de Galicia no programa STAR, nunha contía superior ó 17% do total da participación española, e que vai ter unha transcendencia absolutamente decisiva no noso sistema de comunicacións, de telecomunicacións e de renovación tecnolóxica.

E quede finalmente tamén no terceiro aspecto constancia da decidida política de apertura a Europa, de participación nos fondos comunitarios. E evidente que aínda haberá que vencer posturas de ton estritamente estatal na construción e na integración europea, pero o camiño da presenza de Galicia está realmente principiado.

Créanme, Señorías, que non hai ningún afán triunfalista nas miñas palabras. Pretendo simplemente constatar feitos e constatar posicionamentos políticos. Calquera desde unha posición de crítica acerba, desde unha posición maximalista ou probablemente afastada da realidade obxectiva do país pode loxicamente discrepar desta valoración do proceso.

Pero calquera, tamén desde o nacionalismo integrador e solidario coma o que o Partido Nacionalista Galego representa e quere representar, debe sentirse seguro de estar contribuíndo no proxecto común do actual Goberno Galego a construí--lo país desde o gradualismo e desde a conexión coas aspiracións e co talante político que nós entendemos que desexa maioritariamente Galicia. O noso galeguismo non está limitado pola necesaria utopía --e resalto necesaria utopía--, nin tampouco está nunha idea puramente mítica ou puramente mística da Comunidade. Radica máis ben en afronta--la realidade de hoxe en accións, accións decididas tamén desde o Goberno Galego, obviamente, que aborden eses temas cruciais e que lles dean solucións paulatinas e contrastadas, e conseguí--lo autogoberno preciso que Galicia necesita en cada momento histórico dese

longo proceso de afirmación nacional e de progreso e modernidade social.

A historia, señores Deputados --eu teño esa convicción--, non comenza tódolos días, aínda que hai momentos importantes na vida dos pobos. Pero non estamos hoxe en Galicia nun momento de excepción, nun momento de adoptar solucións excepcionais. Estamos nun país gobernado dun xeito claro, cun claro horizonte político e económico.

Queda, Señorías, aínda moito camiño; é certo, quedan moitas cousas por facer. Pero eu entendo, e quero expresalo, que todas deben ter cabida nun proxecto político de goberno que non está acosado pola inmediatez, senón que está marcado pola proxección cara ó ano 93.

Gracias, señor Presidente.

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA (González Laxe): Señor Presidente, Señorías, subo para contestarlles ós membros do Grupo Parlamentario Mixto, que o compoñen varios Partidos, varios Deputados.

En primeiro lugar, quero agradecer--lo ton e mailas aportacións que se fixeron neste debate como consecuencia da miña intervención de onte. Ese ton é positivo, porque estou convencido de que todos queremos--lo mellor para o país, queremos construílo do xeito máis fermoso, queremos atopar nel esa situación que contribúa ó reequilibrio territorial, á eliminación das desigualdades, á corrección dos desequilibrios.

Pero nas intervencións que veño de escoitar hai cousas coas que non estamos de acordo, e en moitas delas o diagnóstico e a análise son confusos.

Eu non son testemuña da catás-

trofe, nin fago xestión da desfeita; ó revés, señor Beiras. Creo que se está xestionando de forma moi competente. Estou certo que o futuro que se albisca é moitísimo mellor có pasado que deixamos. Sobre todo porque se vostede fai moito fincapé nas camadas populares máis explotadas, marxinadas e perseguidas, a acción do meu Goberno vai claramente orientada a que esas capas populares, eses sectores da poboación rural, campesiña, obreira, mariñeira, industrial e de servizos, esas que están nas zonas rurais e da beiramar, poidan afrontar--lo futuro con máis ilusión. Xustamente a eses sectores da sociedade galega son ós que máis tempo e dedicación lles prestamos. Hai uns días o propio Tribunal inglés aceptara a propia demanda dos empresarios galegos que compoñían as empresas pesqueiras mixtas, e teñen que ir cara a outro lado facer unha interpretación "sui generis" do que é o Tratado de Adhesión e as regras da Comunidade Económica Europea. Polo tanto aí os empresarios galegos en materia pesqueira gañaron.

Na gandería leiteira creo que non hai problemas se comparámo--la situación coa de hai dous anos.

Na política agroalimentaria, aínda que teñamos que ser fixos vixiantes do traballo das nosas empresas e do seu quefacer para mellora--los alicerces e que poidan continuar nesa tarefa, seguimos niso.

Na política mineira é ben certo, señor Deputado, que na economía dos recursos hai que ter moito coidado, sobre todo naqueles que non son renovables. Sabe a Súa Señoría a miña inquedanza e preocupación polos problemas ecolóxicos, e nunca perderei de vista que cos recursos non renovables debemos ter un coidado aínda moito máis estricto para que non se produzan auténticos esnaquizamentos dos mesmos, xa que despois nunca se poderán recuperar.

Con respecto ó patrimonio artístico de Galicia, mañá por ser

xoves reunímonos en Consello os membros da Xunta e imos aprobar ese Decreto de conservación do patrimonio por un importe bastante elevado, 200 millóns de pesetas, e converterémonos na primeira Comunidade Autónoma española no concernente á conservación do patrimonio.

Señor Beiras, admito todo o que é un esquema político, e estou convencido de que o Bloque Nacionalista Galego o ten, e moito máis a Súa Señoría, proclamada xa candidato para as próximas eleccións.

Vostede fala de progreso e de que temos que ollar cara á esquerda. Estamos nun Goberno no que buscámo--lo mínimo común denominador dos Partidos, buscamos actuacións coherentes e racionais, buscamos apostar e xestionar para toda Galicia; ser un Goberno de Galicia significa mirar para tódolos colectivos, e polo tanto debemos traballar nesa liña.

Vostede falou con claridade dos obxectivos, das liñas e das traxectorias que baixo a súa óptica enmarcarían a política de Galicia. Pero eu creo que hai outras que tamén serían importantes, e a súa solución polo menos contraponse co que pode se--la solución do meu Goberno.

Vostede fala dun organismo empresarial autóctono. Eu dígolle que se o importante é que a Comunidade Autónoma participe no relanzamento e impulso das empresas galegas que compoñen o abano das posibilidades da nosa economía e a nosa sociedade, propóñolle por exemplo unha sociedade de capital risco, onde a Comunidade Autónoma participa, e, polo tanto, tamén é un soporte importante para ese lanzamento.

Se pedímo--la corrección do FCI, é evidente que no seu día nos convida os galegos polo componente de emigración. Agora, que tanto loitamos e que tanto defendémo--lo retorno dos nosos emigrantes, haberá que mirar se ese componente de retorno de emigrantes resulta posi-

tivo ou negativo.

E cando definímo--los sectores productivos preferentes, creo que a Xunta de Galicia a través de tódolos decretos publicados se refire a eses sectores que os economistas e a sociedade en xeral os calificaría como de sectores que entrelazados entre si teñen un efecto multiplicador. E xustamente ós que supoñan innovación tecnolóxica, ós que supoñan un efecto multiplicador e de xeración de postos de traballo, son ós que a Xunta de Galicia lles adica maior atención e maior montante económico presupostario, subvencións e incentivos, para que con axudas a fondo perdido poidan actualizarse e ser competitivos de cara a eses próximos anos.

Falaba vostede do cooperativismo. Creo que na Xunta de Galicia se está a facer bastante pola economía social e a participación dos propios traballadores para encara--los problemas cunha maior autonomía, pero ó mesmo tempo cunha maior formación e preparación para os próximos anos.

Fala vostede de ordena--la Universidade de forma territorial. Eu coido e creo que tamén toda a sociedade galega, que a creación de dúas novas Universidades, con adscricións de campus ubicados noutras cidades, permite esa distribución territorial para que a sociedade galega poida acceder ó mundo universitario de forma especializada en cada un dos campus e, ó mesmo tempo, estar mellor preparada.

En definitiva, Señoría, temos moitos folgos nesta tarefa, e de forma total, firme e contundente temos no Goberno a profunda convicción do traballo ben feito.

O señor Mella direille que é ben certo, don Carlos, que onte pola noite un ex--Deputado, membro dun Partido político, que non está presente nesta Cámara, facía unha alusión a que o día 25 de xullo eu me axeonllara ante o Apóstolo Santiago para face--la ofrenda en nome

da Súa Maxestade El-Rei. Creo que foi correcto; creo que a sociedade galega lle prestou e lle presta unha devoción ó patrón de Galicia, tamén de España. Polo tanto, tamén estou orgulloso de que un comentarista que estaba nesa mesma tertulia defendese a posición do Presidente da Xunta.

Pero tamén é certo --e dicíao vostede con razón-- que, ás veces, dá a impresión de que Galicia é un país aireado, ou ese recuncho xeográfico despreziado, ou esa flor de queixumes que vostede dicía textualmente. Coido eu que iso depende de nós mesmos, da nosa capacidade para afrontar--los problemas e da nosa convicción para expoñérmolos alá onde esteamos. Non consiste en pasármola fronteira de Galicia e falarmos mal do país, senón ó revés. No momento en que pasémo--lo límite territorial de Galicia, a fronteira da nosa terra, temos que te--lo corazón moito máis forte e a cabeza moito máis iluminada para defendérmola no noso país galego.

Pero, señor Mella, se ó señor Beiras lle dixen que era cuestión de distintos diagnósticos e de distintas solucións, a vostede tamén lle teño que facer unha precisión importante. Xa foi dito na historia que "o presente non existe; encontrámonos sempre atados entre o recordo do pasado e a atracción ilusoria do porvir". O presente xa pasou, porque xa estamos noutro segundo distinto. Polo tanto estamos sempre atados entre ese recordo do pasado e a atracción ilusionada do porvir. Eu prefiro o futuro, porque o pasado xa o coñezo e o presente xa hoxe é unha realidade. Polo tanto, ese carácter atemporal do meu discurso tiña ese componente filosófico.

Non estou de acordo con vostede en que os gastos correntes medrasen nese 30%, senón que é ó revés, pero esa é unha discusión técnica, e ímola deixar. Interésame moito máis destacar ese tema, esa filosofía súa sobre o asunto das Universidades, vencellada ó tema da financia-

ción.

Vostede dicía que nós, o Goberno Galego, non debiamos aboa--lo tema das Universidades. Pois mire, se fose a Administración Central quen correse cos gastos, incrementarían os recursos para as Universidades, e entón medraría a nosa participación. Se a Administración Central conxelase os recursos para as súas Universidades, non medraría a nosa porcentaxe. Polo tanto, en definitiva, neste caso queremos máis Universidades e, loxicamente, pagámolas nós. Isto significa autonomía, pois é o Goberno Galego o que cos seus propios Presupostos leva a cabo esta tarefa de creación de dúas novas Universidades, porque se non estaríamos no territorio MEC, cousa que xa non é posible hoxe porque temos esa autonomía.

Tamén, señor Deputado, vostede preguntaba se este debate lle interesaba á sociedade galega e se a sociedade galega está escoitando, analizando, mesmo collendo notas das intervencións dos Deputados que soben á Tribuna ou dos que fagan declaracións a posteriori. Eu coido que si. Coido que foi un acerto cando o Goberno decidiu promover este debate sobre a situación política de Galicia en termos xerais, e non delimitándoo a ningún campo concreto nin específico.

Tamén foi un acerto porque é a primeira vez que se celebra e porque podemos opinar, cambiar impresións e, ó mesmo tempo, falarlle a posteriori á sociedade galega dicíndolle os 71 Deputados que temos hoxe a honra de estar neste edificio, e podemos decidi--lo porvir do noso pobo, a través das nosas propias decisións.

Creo que hai a percepción popular de que o debate atrae a atención dos galegos, e están pendentes do que aquí estamos a dicir. Polo tanto, este feito de debate--la situación política é merecente dunha aprobación unánime. Os galegos saberán o que está feito, o que se vai facer e o que é necesario que

se faga.

Dígolle unha cousa, señor Mella. Vostede manifestaba que ás veces dá a impresión de que membros do Goberno, ou o propio Goberno, ou o propio Presidente, están sumisos a outro tipo de directrices, que teñen unha disciplina férrea ou que teñen unha obediencia xerárquica. Dígolle, de verdade, de corazón, que non. E dígolle algo que para min é querido. Eu só sigo unha consigna, que foi a consigna que me deu meu pai: "se fiel ós teus principios". Polo tanto, eu sigo sendo fiel ó que eu penso e nin obedezco nin sigo disciplinas férreas que me poidan obrigar a facer algo en contra do meu país. Nese senso teñan a completa seguridade, Señorías, de que como Presidente da Xunta de Galicia seguirei fiel ós meus principios, tentando de que haxa diálogo para levar a cabo ese gran proxecto que é Galicia.

Dicía vostede que non había solucións milagreiras. Evidentemente, ó mellor non, pero si hai solucións que é doado poñer en marcha, solucións que unhas veces camiñan lentamente, outras de forma acelerada e outras con dificultades, pero sen dúbida dando pasos firmes no noso quefacer e no progreso do país.

Temos hoxe un esquema político en Galicia que nos permite a todos estar insertos neste proceso e, ó mesmo tempo, capitalizar toda Galicia unha acción que é de todos, porque é patrimonio da propia sociedade. Non queda, coido eu, ningún vacío político que cubrir. Creo que lle ofrecemos á sociedade un amplo abano de posibilidades para co seu maxín aproveita--los potenciais endóxeos que nós posuímos.

Con respecto ó representante do PSG--Esquerda Galega, xa lle dixen o outro día, señor Nogueira, que falando desde o agravio, desde o resentimento e desde a frustración, dificilmente se poden aportar grandes conclusións, porque se parte sempre dunha dominación e dependencia para logo buscar un cambio de

actitude. E creo que hoxe o que eu lle ofrezco é consenso, ilusión e cooperación; non conflito, non oposición permanente, non fuxidas cara a adiante.

Vostede ten a idea de que a Comunidade Económica Europea é algo malo. Eu coido que a Comunidade Económica Europea nin deixa de ser mala nin deixa de ser boa; simplemente é unha estrutura na que participamos. Polo tanto, debemos de ter conciencia das posibilidades que nos ofrece.

Pero en Galicia o importante é contar, non só cos recursos potenciais, senón tamén cos recursos humanos. Non só se debe falar dos recursos potenciais que permiten un desenvolvemento, senón tamén dos recursos humanos que fagan posible ese desenvolvemento potencial. O Goberno Galego nunca será un obstáculo para isto, senón que vai defender unanimemente as posicións que lle competen e que respondan a intereses colectivos.

Na súa intervención xa cambiou un pouco. Antes vostede falaba dunha autovía que penetrase en Galicia e hoxe xa falou das dúas, o cal é importante, porque era a posición que tiña o meu Goberno. Nese horizonte de 1993 estou de acordo en que haxa dúas autovías que penetren en Galicia, que teñámo--la comunicación co norte de Portugal, coa autovía Vigo--O Porriño ata a fronteira coa nova ponte de Tui e a ponte de Salvaterra. Tamén estamos de acordo coa comunicación do corredor do Cantábrico. Tamén estamos de acordo no cambio do ancho do ferrocarril. Tamén estamos de acordo na rede do gas natural. Tamén estamos de acordo en que o PDR 1989--93 non chegue a esa cantidade que vostede di, senón que a supere e sume un billón de pesetas. Polo tanto, estamos fundamentalmente buscando e atopando ese consenso, esa ilusión, ese progreso e ese acordo que eu lle brindo. Estamos nunha liña constructiva de diálogo, de cooperación. Polo tanto, estamos buscando os vieiros dese gran acordo que

o país necesita.

Vostede tamén falou da reforma do Estatuto. Hai uns días dicíame no vello Parlamento, no Pazo de Fonseca, que algúns Deputados que estamos hoxe aquí xa fomos desaloxados dúas veces do mesmo, que as transferencias estatutarias só estaban desenvoltas ó 50%. Pois se agora pide a reforma do Estatuto, non sei como se encaixa que antes só tiñamos desenvolto o 50% e agora se pida a reforma do Estatuto.

Falou vostede do PDR e dígolle, de verdade, un calendario: antes de fin de mes os cadros financeiros e o papel de Galicia no PDR estatal; e a fins abril presentación do PDR galego no Parlamento, e poderémolo discutir.

Toda ambición, señor Mariñas, é lexítima, pero tamén debe ser responsable. Facer discursos de Presidente é cómodo, pero é máis cómodo estar na oposición. Polo tanto, o importante é saber como son as actuacións que un Goberno ten que levar a cabo.

Máis nada e moitas gracias.

O señor PRESIDENTE: Turno de réplica.

Señor Beiras, ten cinco minutos para replicar.

O señor BEIRAS TORRADO: Señor Presidente, por favor, quería formular unha cuestión de orde. A cuestión de orde é unha pregunta. No caso de que repliquemos agora, ¿esa intervención xa consume o noso turno de réplica? Porque como faltan por intervir Portavoces de Grupos que apoian o Goberno, se unha intervención agora xa consume o noso turno de réplica, eu renuncio agora ó turno para reservarme para sabe--la opinión do conxunto das forzas que apoian o Goberno.

O señor PRESIDENTE: Teño que

dicirlle que a réplica é ó señor representante do Goberno, é dicir, ó señor Presidente da Xunta, non cos Grupos Parlamentarios. Polo tanto, ten cinco minutos para replicar.

O señor NOGUEIRA ROMAN: Señor Presidente, efectivamente a réplica é ó señor Presidente da Xunta, pero loricamente nós queremos estar mellor informados. Entón, aprazámola nosa réplica para cando terminen os Grupos Parlamentarios.

O señor PRESIDENTE: Señor Nogueira, eu doulle a palabra para replicar, se vostede renuncia a ela é un asunto seu.

O señor NOGUEIRA ROMAN: ¿Quere dicir que non temos dereito a replicarlle ó Presidente da Xunta cando falen tódolos Grupos, señor Presidente?

O señor PRESIDENTE: Señor Nogueira, o debate está así ordenado pola Presidencia, que é a que impón as pautas do mesmo.

Señor Beiras, ten cinco minutos para replicar.

O señor BEIRAS TORRADO: Señor Presidente, a miña cuestión de orde non era por desconfianza; era simplemente porque os novos tempos e os novos ambientes poden establecer novos costumes e, entón, tiña que saber cales eran os novos costumes.

Señor Laxe, evidentemente que o ton da miña intervención foi como vostede dixo; outra cousa son os contidos. Iso, se cadra, tamén responde ó ton relaxado no que pode falar unha forza política como o BNG; que ten moi claras as cousas e que está moi segura do que xa dixen: que este país vai saír adiante, aínda que insisto en dicir que non por medio de vostedes.

Cando eu lle dixen que menos falar de progreso e máis ollar desde a esquerda, en primeiro lugar, é porque vostedes levan unha traxectoria na que paulatinamente, dun xeito cada vez máis constante, abandonan xa non o léxico, senón o aparello conceptual dunha visión de esquerda, e eu teño unha visión desde a esquerda, ou sexa, a través dun prisma de esquerda, como loxicamente ten o BNG. Iso é o que evita que nós ó mellor incorramos en ilusións ópticas nas que coido que vostedes seguen a incorrer, e vostede concretamente.

A min paréceme moi ben que vostede diga, como acaba de recalcar, que tamén vostede contempla as cousas nunha óptica de esquerda. Pero o certo é que, por exemplo, vostede dixo: "a gandería leiteira está mellor que hai dous anos". Analizando o que ocorreu neste país cunha óptica de esquerda, non con posicionamento apriorístico de esquerda, senón a través do prisma da esquerda, dunha análise de esquerda, resulta patente que foron as mobilizacións labregas de centos de milleiros de persoas as que pararon, polo menos ata agora, a aplicación por exemplo das cuotas do leite, pero non hai ningunha garantía de que non llelas apliquen mañá.

Vostedes, cando menos que eu saiba, non estableceron disposicións de goberno, nin normas de carácter xurídico-político ou legal que garantan que aquilo que se lles estaba vindo enriba e que aínda planea, aínda que non se aplicase, non se vaia aplicar. Non hai ningunha garantía. En todo caso, polo tanto, estamos nunha situación de interludio, de "intermezzo". Parece que de momento iso non se está aplicando, pero segue pesando sobre as cabezas dos labregos.

Na pesca os armadores acabaron de gañar un pleito no Tribunal de Londres. Pero, señor González Laxe --e vostede de pesca sabe máis ca min, ademais foi Director Xeral e eu nunca--, está moi claro que a problemática que lle presenta ó

sector pesqueiro galego a política da Comunidade Económica Europea e mailas atribucións que ten institucionalmente a Comunidade Económica Europea, é unha problemática que segue aí. E máis: aínda que gañen escaramuzas no plano xurídico, en rigor, todo o que son as perspectivas dos acordos pesqueiros segue estando fóra das nosas mans e segue estando fóra das posibilidades xa non de control, senón de intervención do seu Goberno, a non ser que nos dotemos institucionalmente daqueles instrumentos que nos permitan operar dese xeito. Se vostede consegue iso, eu felicitareino, porque ademais será enormemente sintomático. Significará, por exemplo, que vostede como Presidente da Xunta, o seu Goberno e os Grupos que o apoian son capaces de facerlles asumir ó Goberno do Estado e, se é o caso, ó Parlamento do Estado algo que potencialmente está incluso no Estatuto de Galicia, pero é algo que non está hoxe por hoxe absolutamente formalizado.

Polo tanto, seguimos movéndonos en conxecturas, e este país necesita non moverse en conxecturas, senón moverse con instrumentos, pancas e resortes propios da actuación política para a defensa efectiva dos seus problemas, e non con carácter conxuntural, non a expensas de como evoluciona a conxuntura dun conflito que en definitiva é social, forzas sociais que loitan aí, senón dentro dun marco establecido que lle dea esas garantías.

Eu poderíalle ir replicando deste xeito á serie de contestacións que vostede deu, para poñer en evidencia que vostede fai un xogo coas palabras e coas situacións, pero que en rigor o que eu afirmei segue estando exactamente no centro da realidade. Acábaseme de acende--la luz vermella, e non me gusta abusar da paciencia do señor Presidente da Cámara, que xa ás veces abuso demais. Só lle direi o seguinte.

Señor Laxe, o problema para o BNG está moi claro. Ou aínda dentro

do marco da Autonomía establecemos un programa de actuacións de goberno ben definido e un programa de disposicións que ten que debater e aprobar esta Cámara, que é a lexislativa, e que forme un marco legal que nos dote dos instrumentos de actuación, ou se non estaremos sempre xogando no voluntarismo, ou xogando en calquera caso no terreo das boas intencións, e teremos que estar a expensas do que en rigor leve a adiante ou non leve a adiante a propia dinámica social, é dicir, a confrontación entre as forzas sociais e a política do Estado en definitiva, e a política da Comunidade Económica Europea.

Por iso eu falei desde o comenzo de compromisos entre forzas políticas galegas para que realmente se establezan criterios e bases dun programa de goberno que afronte a situación na que estamos, que é grave, moi grave. Pero evidentemente xa dixeran --e reitero-- que esta situación ten síntomas de ser un parto, un parto histórico e sabémolo--lo que di Marx sobre as parteiras da historia, e nós estamos convencidos de que vai ser así para este pobo. Tería que garantirmos que efectivamente as forzas políticas responden a iso, e non quedan descolgadas dun proceso que teñen que facer por si soas as forzas sociais. Este é o quid da cuestión para nós.

Máis nada e moitas grazias.

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Mella.

O señor MELLA VILLAR: Si, señor Presidente, moitas grazias. Procurarei non esgota--los cinco minutos.

Señor Presidente, a miña idea non é gañar unha discusión aquí. Penso que o tema é moito máis serio que o dicir que quen expuxo os mellores argumentos foi máis brillante e quen levou a razón. A razón témola todos e non a temos ningún. Por iso eu non vou entrar en discu-

sións de se Verdaller dicía que o presente non existe, porque San Agustín dicía que o único que existía era o presente. Entón estamos empatados.

Na Universidade eu cometín un erro, porque no medio dunha exposición, que quería que fose de filosofía política xeral, metínme nun detalle concreto que a vostede lle valeu para dicir algo que eu non dixeran, pero que dixera.

Eu alégrome de que o seu diagnóstico --ten vostede perfecto dereito a dicilo-- sexa ese. O meu diagnóstico, como é lóxico, non coincide co seu, pero isto entra dentro do xogo democrático normal, vostede é Presidente do Goberno e eu son Deputado representante do señor Cordeiro.

Eu non lle podo negar que vostede é fiel ós seus principios, nunca llo negarei a ningún. O que sucede é que eu lle poñía as dificultades posibles que vostede pode atopar na gobernación do país. Eu fun gobernante neste país, e "pasou o que pasou". Entón, eu coñezo as dificultades do enfrontamento co Goberno Central. O que sucede é que para min o enfrontamento co Goberno Central non é unha loita, é un posicionamento dialéctico onde desde diferentes puntos de vista se trata de obter un ben xeral. Entón, eu atópome xustificado para discutir, aínda que sexa o meu Partido o que estea gobernando en Madrid, desde outro punto de vista unha serie de razóns que podo expoñer. Esa é a miña dúbida. E dicir, eu penso --e dígoos con toda franqueza-- que non fixeron vostedes, ou polo menos no ambiente xeral, a forza necesaria, oportuna e, ás veces, mesmo molesta para conseguir para Galicia determinadas cousas. E se o fixeron así --e eu felicitaríalos desde logo-- gustaríame que o pobo galego tivese conciencia dese esforzo, que, ó meu xuício, non están facendo.

Polo tanto, pouco podo criticar--lo que vostede me respondeu, pero queda en pé a miña idea: cando

se pertence a un Partido débese ser disciplinado, débese xogar en conxunto e solidariamente cos demais, pero nunca esa obediencia, nunca ese quefacer das cousas políticas, debe de chegar ata o extremo que poida un atoparse enfrontado cos propios principios e, como vostede dicía, coa propia fidelidade a si mesmo. Se é así, mellor que mellor, pero eu teño certas dúbidas de se algúns de vostedes, señores do Goberno, posiblemente algunha vez, non se viron obrigados a defender cousas que posiblemente fóra deste Parlamento non defenderían. A min gustaría que iso non volveuse pasar, que non pase e que a Autonomía galega dunha vez por todas recobre un pulso que segundo o meu diagnóstico está, como dixeran antes, perdendo dalgún xeito.

Non quero facer maiores consideracións sobre este tema, en primeiro lugar, porque me queda pouco tempo e non quero que se acenda a luz neste momento e, por outro lado, porque podería ser mal interpretado. Pero que quede claro o que quero dicir. E paréceme a min que neste momento hai que facer un serio esforzo na Autonomía galega para que esta Autonomía sexa realmente unha nacionalidade histórica con personalidade de seu, absolutamente independizada de calquera presión exterior.

Señores, estaba dicindo cousas serias, pero vexo que xente do Goberno se ri, polo tanto calo.

Máis nada e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Nogueira.

O señor NOGUEIRA ROMAN: Señor Presidente, Señorías, impóñome a min mesmo un ton no debate coherente coa proposta dun acordo galego para logramos algo no que existe hoxe absoluta unanimidade na nosa sociedade. Isto non digo eu que sexa a primeira vez, pero si que é unha das primeiras veces despois de

moitísimo tempo.

Isto non me evita dicir que o señor Presidente da Xunta, como dixeran antes, está de costas viradas de xeito manifesto á sociedade galega. Manteño, polo tanto, a proposta de acordo sobre as autovías funcionando antes de 1992; sobre o tren de alta velocidade, e que non esteamos no último lugar como neste momento está Galicia nos plans da RENFE que serán aceptados polo Estado; no último lugar, Señorías. Manteño a proposta da subvención da CEE de 212.500 millóns de pesetas. Señor Laxe, unha cousa son os Presupostos galegos e outra a subvención da CEE. Parece mentira que non me entenda nisto, señor Laxe. É moi claro o que estou propoñendo, e o que hai que propoñer antes do 31 de marzo: 212.000 de pesetas de subvención. Isto non ten nada que ver co Presuposto galego. O Presuposto galego é outra cousa totalmente distinta. A ver se o vai entendendo, porque quedan 15 días, e non é o 31 de abril, é o 31 de marzo cando temos que ter alí un plan específico de Galicia. Se non temos un plan específico de Galicia non haberá un marco comunitario de apoio, se non hai un plan galego, e non hai máis có plan estatal, non haberá un marco de financiamento da CEE para os próximos 5 anos. Recordo, ademais, que os anos 92 e 93 --e vostedes saben por que digo isto--, nos plans da CEE, son indicativos. Só son vinculantes o 89, 90 e 91. E o 92 e 93 poden pasar ó 99, segundo o PDR, os plans de desenvolvemento da CEE, e se non lean os regulamentos.

Manteño o acordo sobre o financiamento proposto. Sen financiamento non hai Autonomía. Sen financiamento non hai competencias. E non hai ningún paradoxo entre dicir que neste momento o Estatuto está no 50% e pedir unha reforma para termos un financiamento totalmente distinto e outra serie de competencias evidentemente. Parece mentira que non o entenda o Goberno Galego. Enténdeno perfectamente nas outras Autonomías do Estado. Creo que nes-

te momento a única que non o entende é a Autonomía galega, se por Autonomía entendémo--lo Executivo Galego.

O sentimento colectivo neste momento en Galicia, Señorías, é unánime sobre estas demandas que estamos facendo, e desde o Goberno Galego hai que darlle resposta, ó mellor non para conseguir todo, pero si para reclamar absolutamente todo. Porque non pido máis que equidade. Non pido ningún trato distinto das outras Comunidades Autónomas, nin sequera distinto das que teñen moitas menos competencias ca nós. O sentimento colectivo está aí. E neste momento eu afirmo que o único obstáculo é o Goberno Galego para darlle satisfacción á reivindicación deste sentimento colectivo.

Creo que o señor Laxe, por outra parte, non me entendeu. Eu non dixeran que a CEE fose algo malo. ¡Señor Laxe, por favor, non poña na miña boca algo que nunca dixeran! O malo é a súa política, señor González Laxe, e a do seu Goberno. A diferenza entre vostede e nós en relación con Europa é que para min Galicia debe ser unha nación europea e para vostedes unha provincia española marxinada. Esa é a diferenza se non chegamos a un punto de encontro. Se non é esa non hai ningunha diferenza, porque para nós Galicia é unha nación europea, foino sempre. Galicia é unha creación de Europa e non é ningunha outra cousa. Galicia naceu con Europa. ¡Na miña vida diría eu que Europa é algo malo! ¡A quen se lle ocorre!

Vostedes, Señorías, están facendo unha política mimética de Alianza Popular. Están obsesionados con Alianza Popular. Non fan máis que compararse con Alianza Popular en lugar de mira--lo pobo galego e ve--lo que hai que facer de cara ó futuro. Non fan máis que compararse co Partido Popular, e están ausentes da política estatal.

Neste momento na política estatal existe, desde o punto de vista

político, o eixo evidente de Cataluña e Euskadi. Desde o punto de vista periférico, se se me entende, o Estado está favorecendo fundamentalmente outro eixo económico distinto, tamén cunha certa estratexia e política estatal, que é o eixo de Cataluña, Madrid e Andalucía. A vostede, señor Laxe, o único que se lle ocorre é o eixo Berlín--Silleda.

A falta de resposta ó que está ocorrendo na nosa sociedade é realmente preocupante. Segundo as últimas novas --porque temos que coñecer--las novas polos medios de comunicación, non temos unha información neste Parlamento cando nós deberíamos estar informados dentro do Parlamento de todo o que está ocorrendo--, tampouco teremos autovía nin polo Sil, nin pola Canda, nin por Pedrafrita nos anos 92 e 93. Dos 100.000 millóns que estaba investindo o MOPU en Galicia recordarán que había --non me acordo ben-- 26.000 ou 29.000 millóns, que eran para remata--lo Plan de Accesos de Fernández de la Mora 1962--77. Un tercio do que facía o Goberno do PSOE era de Fernández de la Mora. Polo tanto, as autovías do 92 e 93 temos que poñernos a rezar a ver se as fan no ano 2000 ou cando. E nós queremos que se fagan antes do 92; para isto é preciso reforma--lo "Plan General de Carreteras" por lei. Nós presentamos unha lei. Este mes próximo imos discutila aquí.

Pedimos, polo tanto, que exista este Acordo nacional nos termos ditos anteriormente.

Remato manifestando de novo o illamento deste Goberno respecto do que sente a nosa sociedade. Nós queremos que hoxe exista un acordo no Parlamento. Nós notamos dunha forma clara que Galicia neste momento está absolutamente ausente na política estatal, tamén na política europea; nin forma parte do grupo de nacionalidades históricas que están negociando directamente co Presidente do Goberno Central, nin forma parte das Autonomías do artigo 143 que están tendo tamén unha posición coherente e lexítima, por-

que xa pasaron 5 anos. Esta ausencia neste momento é responsabilidade única e exclusivamente do Goberno Galego.

Claro está, se seguen así, a nós beneficianos esa política desde o punto de vista partidista, evidentemente. Pero sinceramente non se trata diso, porque estamos xogando dunha forma responsable e preocupada. Eu confío moito no porvir do noso país. Sei das nosas enormes posibilidades económicas, culturais e humanas. Supoño que vostedes están cansos de escoitarme dicir isto nesta Tribuna ou na do Pazo de Fonseca. Pero debemos estar preocupados polo noso futuro. E somos nós os que podemos tomar decisións que condicionen positivamente ese presente e ese futuro.

Por iso sigo insistindo no Acordo Nacional Galego, a pesar das palabras do actual Presidente da Xunta, Fernando González Laxe.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA (González Laxe): Grazas, Señor Presidente.

Señor Beiras, vostede falou de ollar desde a esquerda, de esquecer--lo aparello conceptual da esquerda. Creo que todos estamos satisfeitos, e vostedes seguro que tamén, de que haxa un Goberno socialista con Partidos do centro nacionalista, porque iso supón un avance para o país. Como non somos dogmáticos, nin tampouco temos unha concepción doctrinaria en senso estrito, pensamos que hai que actuar en función de como se vai desenvolvendo a propia sociedade. Pero non se preocupe que hai os dous componentes que require o país: o centro nacionalista e o socialismo.

Sobre o tema pesqueiro gustaríame moitísimo falar da propia con-

cepción da Comunidade Europea para o ano 1992. Efectivamente, hai unhas perspectivas que son boas para a nosa xente que ten barcos e que traballa nos mesmos. Sabe moi ben a Súa Señoría que aínda restan no mundo ó redor duns 20 millóns de toneladas de peixe por pescar, e non son datos meus, senón que son datos da propia FAO. O malo é que hai que diversifica--los produtos, diversifica--las áreas de captura e diversificar tamén as formas de comercialización. A nosa xente ó que hai que impulsala --quizais en moitos casos con axudas para corrixi--los primeiros tramos da prospección pesqueira-- é a novas zonas onde poidan introducir novos conceptos ou novas fórmulas de preparado que sirvan para incrementar ese grao de consumo de peixe que noutros países do mundo aínda está en baixos niveis.

Por iso non falo de situacións raras nin por falar, senón cun coñecemento de causa importante, e que no ano 1992 cando se revise a política pesqueira comunitaria teñamos moito avanzado, porque se modificaron xa moitos regulamentos que lle permiten á nosa xente estar en mellores condicións.

O mesmo sucede cos problemas da gandería do leite. Hai maior número de explotacións con axudas para a súa modernización. Nestes momentos hai máis de 12.000. O clima de apoio e confianza que desde o Goberno Galego se lles deu a tódolos gandeiros de leite, por medio de axudas, ese clima de colaboración e cooperación, de novas fórmulas de entendemento e diálogo, serviu para que hoxe o propio sector estea en boas condicións e albiscando un futuro moito máis prometedor.

Polo tanto, señor Beiras, dígo-lle que si defendemos un programa de acción de goberno. Non xogamos con boas intencións, senón con realizacións prácticas e con documentos que están sendo publicados diariamente no Diario Oficial de Galicia. Aí plásmase toda unha política de goberno en tódolos eidos nos que

cada un de nós está respondendo ante a sociedade. Sociedade que, por certo, hoxe seguirá atentamente este debate. Aproveitando este inciso teño que agradecerlles ós medios de comunicación galegos a atención que lle están prestando a este gran debate sobre a Autonomía de Galicia.

Respecto das palabras do señor Mella, é evidente que hai diagnósticos diferentes. Pero o que quero dicirlle é que Galicia nunca debe ser un país dependente, e está en función de nós mesmos. A dependencia, como sabe moi ben a Súa Señoría, ten dous factores: un que quere avasalar e outro que se deixa avasalar. No caso de que unha das partidas dos Presupostos non se produza, a outra dificilmente ten esa posibilidade de converterse virtualmente en gañadora. Creo que aínda que teoricamente puidesemos ser dependentes de moitas cousas, tamén temos a posibilidade de non depender de ninguén, ou polo menos o mínimo, porque neste mundo interdisciplinar e planetario todos dependemos algo de alguén.

Polo tanto, estou convencido de que, por exemplo, en peixe nós somos--los que marcamos--la vangarda, polo menos na Europa comunitaria ou no continente europeo, que vén se--lo mesmo. O mellor, noutro tipo de cuestións dificilmente seremos esa vangarda, porque aínda non desenvolvemos--lo potencial ou aínda non temos--los vimbios para poder desenvolver--la nosa tarefa. Pero teña a completa seguridade de que non hai dúbidas en torno e a favor dunha actitude seria e responsable, e baseada na firmeza e na fortaleza do meu Goberno.

Señor Nogueira, na súa última intervención dá a impresión de que dixo unha frase que seguro que as súas Señorías están cansas de escoitar, coma un disco raiado. E certo, está raiado. Mire, agora hai compás, antes había compases pequenos, agora tamén os hai máis reducidos; é dicir; hai que andar cambiando de discurso para poder chegar a ter unha certa virtualidade

en torno ás funcións que se fan.

Vostede fala agora moito de Europa. Di non sei que do PDR, que non é vinculante, que é orientativo, etc. O gran proceso europeo do ano 1992 estase debatendo hoxe, señor Nogueira. Vostede debe coñecer--lo que é a Europa comunitaria, ese gran proceso que está levando Jacques Delors, e outro informe que é o custo da non Europa. E aquí é igual en Galicia: o proceso de Galicia e o proceso de non construír Galicia, de non apostar por Galicia e de non modernizar Galicia.

Di que estamos de costas viradas. De verdade, señor Nogueira, con todo respecto e cordialidade, vostede dá a impresión de que tenta darlle unha imaxe despectiva ó pobo galego, á propia sociedade galega, á propia función que os representantes do pobo galego lle comentan e discuten, apaixonadamente se quere, neste Salón de Plenos. Pero vostede nunca poderá afirmar que o Goberno Galego é un obstáculo para o progreso e a modernización da nosa sociedade. Nunca o poderá afirmar, porque vostede está trabucado. Ten ese disco raiado que tenta só poñer aí un elemento para poder compararse, e vostede aínda non chegou a ese nivel de poder utilizar--las comparacións.

Polo tanto, cando aprenda, cando coñeza a realidade, entón poderá falar e poderá transplantar perspectivas de futuro. En Galicia non hai nin malos nin bos. En Galicia trátase de face--las cousas ben ou non facelas. Polo tanto, non intente face--la distinción na sociedade dos que son malos, porque están en contra ou non están conformes coas súas verbas, e dos que son bos porque o adulan. Está trabucado nese tipo de formación.

E cando vostede di que o Goberno leva unha política mimética co Partido Popular, que tanto fixo sorrir ó Portavoz do seu Grupo, evidentemente deixe de votar con eles en tódolos sitios; entón ó mellor serán vostedes os que están levando

unha política mimética con eles, señor Nogueira.

En Galicia hai que ter identidade galega, hai que ter sentimento español e hai que ter idea europea. Isto é o que funciona. Repítolle: identidade galega, sentimento español e idea europea. Así seremos non unha nación europea como vostede di, senón que serémo--lo conxunto de todo un mosaico europeo que tenta poñe--los baluartes e os peares nese mundo do século XXI, onde hai outras potencias importantes que ó mellor son as que intentan facer de Europa unha dependencia moito máis grande.

Señor Nogueira, o día 31 de marzo o que hai que presentar é o PDR en Bruxelas, pero non é Galicia. E dicir, no é o PDR galego fisicamente o que vai a Bruxelas, e vostede sábeo moi ben. Non é así. Polo tanto, dígolle que o PDR galego non vai ser concreto, detallado e territorializado. Témo--las grandes liñas, só é un billón de pesetas de investimento, e, evidentemente, aí está o eixo vertebrador, como dixen onte, do desenvolvemento do noso país.

E, señor Nogueira, vostede recórdame a "Simón el Estilista", que desde o seu pedestal flaxelaba a conciencia da xente, mais esqueceu que el tamén era home, e tamén caeu.

Moitas gracias.

O señor PRESIDENTE: Señor Nogueira, ¿para que pide a palabra?

O señor NOGUEIRA ROMAN: Pido a palabra, señor Presidente, por unha manifesta necesidade de rectificación.

O señor PRESIDENTE: Ten dous minutos, señor Nogueira.

O señor NOGUEIRA ROMAN: Pídolle a palabra para rectificación.

Eu dixen antes que o Presidente González Laxe non entendía nada, e acaba de manifestalo de forma radical. Atribúelle unhas expresións a este Deputado que non foron manifestadas en ningún caso cando eu subín á Tribuna. Non entende nada o señor Laxe.

Por outra parte, voules contar unha anécdota para rectificar de forma clara, antes de dous minutos.

Señor Presidente, recentemente o PSOE fixo un Goberno, aliouse non con Alianza Popular, senón coa parte máis dereitista de Alianza Popular, de xente que cambiou de Partido. Fixo un Goberno con Alianza Popular. Pois ben, ó día seguinte, o principal responsable desta operación política manifestou en Santiago exactamente o mesmo que acaba de dici--lo señor Laxe, presentando o programa 2000. Eles que acababan de pactar con Alianza Popular, non con AP senón cos tráfugas de AP, dicían que nós votabamos sempre con Alianza Popular, o cal é unha profunda mentira, porque nós votamos cos Partidos democráticos cando existe un motivo para votar. Pero como coñece toda a sociedade galega, Señorías --sobre todo Señorías que apoian o Goberno Galego e saben que están mentindo cando din iso--, nós non temos máis ca liberdade na nosa acción política, que sempre é manifestamente de esquerdas e nacionalista.

E por fin acabo, señor Presidente.

Segundo os cinco regulamentos de reforma dos fondos estruturais, que son e poden ser fundamentais para Galicia, un deles de mediados do ano pasado e os outros catro de mediados de nadal e que foron publicados a principio de xaneiro, segundo estes regulamentos, Galicia ten dereito a un Plan de Desenvolvemento específico, dentro efectivamente do PDR estatal, específico. E din os regulamentos especificamente para os países do obxectivo número un que deben ter necesariamente o 80% de todo o FEDER. Se Ga-

licia non participa desde agora xa nas grandes infraestructuras do Estado non terá ese 80%. Ten que participar desde agora xa nas autovías e no ferrocarril, desde agora xa, porque o Estado vai dedicar todo ás autovías e ó ferrocarril, e se Galicia non ten autovías e ferrocarril non ten fondos estruturais, e non os ten en contra das normas da CEE...

O señor PRESIDENTE: Señor Nogueira, rematou o seu tempo.

O señor NOGUEIRA ROMAN: Acabo xa, señor Presidente.

Por responsabilidade do Estado Español, e en contra das normas da CEE, non ten o que lle corresponde segundo a reforma dos fondos europeos. Esa é a realidade. O que pasa é que o señor Presidente da Xunta, señor González Laxe, hoxe está demostrando que entende ben pouca cousa, que non se enteira.

Moitas gracias.

O señor PRESIDENTE: Señor Nogueira.

Suspéndese a Sesión durante quince minutos.

Suspéndese a Sesión.

Reanúdase a Sesión.

O señor PRESIDENTE: Grupo de Coalición Galega.

Señor Barreiro Rivas, ten a palabra.

O señor BARREIRO RIVAS: Señor Presidente, señoras e señores Deputados.

Señor Presidente da Xunta, tócame a min comenza--lo segundo asalto sobre a puntualización do

informe presentado por vostede no serán de onte en relación co estado da nación galega. Vouno facer nun intento de sinceridade e de claridade, da que non lle quede a ningún a sensación de que na participación dun Goberno tripartito pode quedar detrás un tongo que trate de agacha--la realidade, que eu creo que témo--la obriga parlamentaria de poñer de manifesto.

Permítanme, polo tanto, empezar dicindo que oíndo onte o seu discurso lembraba aquela frase do poeta latino Virxilio, que dicía: "Que felices serían os campesiños de saberen o felices que son". Dalgún xeito eu tamén paragonaba esa frase dicindo: "Que felices seríamolo--los galegos de sabérmo--lo felices que somos". Porque non se trata, señor Presidente, de discutirlle os datos obxectivos desa realidade de goberno, que eu comparto, e menos vai facer esa discusión Coalición Galega, que comparte con vostede a responsabilidade dun programa de goberno, que participa del solidariamente e que xoga o seu éxito no éxito global do Goberno. Polo tanto, neste momento Coalición Galega deixa perfectamente claro que se compromete nesta andadura con todo o senso político, con todo o senso de responsabilidade ata que teñamos cumpridos os obxectivos cos que accedemos conxuntamente ó Goberno.

Trátase de ver se os galegos participan subxectivamente desa mesma felicidade, que nós antes nos propoñiamos, e, desde o meu punto de vista, de ir dalgunha maneira poñendo de manifesto os aspectos que poden levarnos a unha convicción neste senso e que nos permita a todos aunar--los esforzos nun labor que se entenda por todos ben feito e ben conducido.

Porque a min seméllame que onte houbo unha razoable pero en todo caso real confusión entre o estado do Goberno e o estado da nación. E evidente que onte se puxeron de manifesto unha serie de procesos, a través dos cales se pode dicir que o Goberno está tomando o pulso de

renovación e reforma deste país, e que está empezando a altera--los indicadores a través dos cales podemos analizar no seu día o estado do país.

Pero, como hai un tempo entre que se poñen os resortes de transformación do poder e entre que se observa o seu resultado real --unhas veces será real e outras veces non dará os resultados apetecidos--, non é ningunha contradicción dicir que pode ser bo o estado de saúde dun Goberno e que pode non ser tan bo o estado de saúde dun país. Que polo tanto a nós nos interesa como grupo político neste intre non quedarnos só nese aspecto do Goberno, senón entrar na auténtica realidade política e social deste país. Entre outras cousas porque vostede non goberna un país soberano e, polo tanto, hai unha gran, unha importantísima parte de aspectos que vostede non controla e que, sen embargo, forman parte dos máis importantes elementos condicionadores da vida no senso positivo, e tamén no senso negativo, cando así hai que dicilo, da vida dos galegos.

De toda esta realidade é da que eu neste momento quería ocuparme. Imos polo tanto dalgunha maneira levalo ordenadamente e por partes.

Representando a Coalición Galega veño aquí intentando quedar fóra dos xogos florais do Goberno e da oposición, porque se non podíamos estar asumindo papeis predeterminados e en planos analécticos --palabra á que xa me referín outras veces-- onde as discusións --e eu creo que ata agora o debate nos autoriza a dicir plenamente esta cuestión-- se cruzan e en ningún momento establecen un auténtico diálogo entre o que ten que se--la visión da oposición, condicionadora ou iluminadora da actuación do Goberno.

Tampouco me quero quedar nun balance de Goberno, porque non estamos neste momento nin nunha investidura nin nunha censura, e polo

tanto estamos sobardando absolutamente esa cuestión. Quero pulsa--la saúde do Estado neste anaco de terra; polo tanto non limitándome só ás competencias autonómicas, senón a pulsar en Galicia a auténtica saúde do Estado.

¿Que é a saúde do Estado? A saúde do Estado --e cito unha frase que non é miña--, coma a das persoas, consiste en dispoñer da robusteza suficiente para poder sopor--ta--los achaques das miserias inherentes á nosa natureza. A definición é de don Manuel Azaña, cando naquel famoso discurso que pronunciou en defensa do artigo 26 da Constitución do ano 31 --daquela España deixou de ser católica-- trataba de fuxir da visión idílica dos Estados, porque é condición inherente a tódalas sociedades ter inxentes cantidades de problemas sen resolver. E a saúde do Estado será boa cando existan os mecanismos necesarios para sobrepoñerse a esas dificultades. A saúde do Estado non será boa cando non existan dificultades. Se non existen dificultades, ou hai un problema de diagnóstico, ou realmente se está chegando a un Estado contemplado noutras teorías, que eu evidentemente non comparto, nas que o propio Estado estaría chegando a supostos da súa propia extinción.

Persoalmente, señor Presidente, eu quedaría máis a gusto, quedaría máis convencido se onte vostede nos falase das forzas que neste momento ten a Comunidade Autónoma Galega para supera--los problemas que presentan as empresas en crise, os problemas que pode presentar nos próximos días a paz laboral en Galicia, os problemas de defensa da nosa paisaxe, da nosa ecoloxía, do noso sistema productivo e máis dun longo etcétera.

Pero non quero neste momento dar nunca a sensación de que me estou desvencellando do compromiso do Partido a prol do Goberno. ¿Por que? Porque caerei claramente na conclusión de que, precisamente por dar onte vostede unha manifestación

de boa saúde do Goberno, temos un Estado, en Galicia a través da súa Autonomía, que é capaz de superar estas situacións e de que, polo tanto, nese senso estamos nun bo estado da nación. A esa conclusión espero chegar. Pero en todo caso quería ir poñendo de manifesto aquelas cuestións fundamentais que este discurso me permite nomear, representando a Coalición Galega na Tribuna.

Chámolle con toda conciencia "o estado da nación", precisamente para incluír nela tódolos aspectos relativos ás diferentes Administracións, tódolos aspectos que teñen que ver cos nosos poderes, e aqueles que teñen que ver cos poderes que nos afectan, pero que non son nosos, e para facer desta maneira comprensiva a miña análise da situación de Galicia, que é unha nación para os efectos deste estado. Quédome coa definición de Nebrija: "Nación es gente que por lengua se distingue".

Imos falar do estado dos que falan galego, dos galegos de dentro e de fóra, que precisan unha auténtica definición ou redefinición do seu papel en relación coa sociedade galega, onde eu coido que ata agora non se está encontrando a auténtica vía de participación nos intereses internos de Galicia; dos mariñeiros e dos agricultores que neste momento seguen preocupados polas consecuencias da entrada na Comunidade Económica Europea; dos obreiros e traballadores dos servizos que están perdendo poder adquisitivo no conxunto da perda que se está producindo neste momento no contexto laboral do Estado, e que a nós nos teñen que preocupar desde esta perspectiva; daqueles que forman parte da nación galega, porque falan o galego; dos nenos da escola, dos alumnos e dos profesores que están ante a necesidade dunha profunda reforma do sistema educativo, e que polo tanto neste momento están dalgunha maneira xogándose o auténtico futuro que sexamos capaces de impoñerlles, porque eses corpos que medran, producen sempre

na súa medra unha crise, e as crises poden, se non se tratan adecuadamente, levar a un impedimento que despois se arrastra durante toda a xeración.

Falamos naturalmente dos xoves e vellos que representan, na súa disparidade de apreciacións do que é un pobo, unha auténtica agonía dunha etapa — pero agonía no senso máis tradicional, máis literal da palabra grega— unha auténtica loita de renovación cara a un mundo novo, que neste momento uns nos transmiten e os outros temos que reformar. Hai que falar das Administracións, dos gobernantes, da actividade pública e da privada que se responsabiliza deste país. Polo tanto, dese país é do que eu agora me atrevo a falar desde a perspectiva de Coalición Galega.

Imos falar primeiro do Goberno, exercicio moi san que lles cómpre a tódolos cidadáns e tamén ós Deputados.

Ten vostede, señor Presidente, un Goberno estabilizado. Digo isto con todo o que significa dito por min como Portavoz de Coalición Galega neste intre. Está estabilizado, porque está estabilizada absolutamente a idea que o trouxo a este intre de responsabilidades na Comunidade Autónoma de Galicia, e porque estamos dispostos a antepoñer a toda operación conxuntural a auténtica defensa dos intereses de Galicia.

Está estabilizado como Goberno tripartito, estabilizado como un Goberno que ten matizados e que ten coordinados programas diferentes nun único senso. Isto explicará que sobre algúns aspectos teñamos visións diferentes, teñamos posturas diferentes, pero que iso non vaia en contra da integridade e da uniformidade coa que este Goberno solidariamente se presenta diante desta Cámara.

Onte preguntábame alguén se non era extraño que o Presidente da Xunta non mencionase en ningún mo-

mento os Partidos que forman parte do Goberno. A min paréceme a mellor expresión de institucionalidade na apreciación ou na formación dun Goberno de coalición. Non existen tres Partidos nun Goberno, senón un único Goberno sustentado nunha maioría parlamentaria tripartita. Polo tanto, cómpre que nós falemos de Partidos, pero debo louva-la decisión con que onte o Presidente asumiu a cabeza dun Goberno solidario.

Ten vostede un Goberno máis eficaz na xestión administrativa. E déixeme dicir, para non ser en ningún caso radical nas miñas afirmacións, que ten polo menos --e isto non se pode dubidar-- un Goberno con máis conciencia da necesidade de ser eficaz na súa xestión administrativa. ¿Por que digo isto? Sería moi fácil unha resposta do Grupo Popular dicindo que as condicións do Goberno de hoxe non son as condicións do Goberno de hai cinco anos, nin as da Autonomía. Pero é evidente que neste momento hai unha conciencia tan clara de necesidade de eficacia que iso mesmo forma parte da responsabilidade que o Goberno se esixe, e eu creo na real eficacia con que está respondendo ós problemas que ten encomendados na administración dos fondos, na administración do persoal, na administración dos recursos políticos.

Ten un Goberno con máis capacidade presupostaria. A capacidade presupostaria non se traduce necesariamente en reforma; pode ser unha capacidade presupostaria mal utilizada. Pero, en todo caso, ten vostede a conciencia, ten o seu Goberno a conciencia, da auténtica necesidade de que temos neste momento que facer unha aposta decisiva polo futuro. Polo tanto, nese senso o incremento da capacidade presupostaria vén significa-la conciencia real e clara de que estamos nun momento de transformación decisiva da historia de Galicia.

Tamén hai que dicir, porque hai que ir poñendo os pros e os contras, que é un Goberno que ten unha parte importante da súa capacidade

presupostaria asentada na débeda. Polo tanto, por estar asentada na débeda, e tendo en conta que a débeda das Comunidades Autónomas cunha Facenda significativa moi distinta da que pode se-la dos Gobernos soberanos, é evidente que temos que ser conscientes de que en certa medida estamos hipotecando o futuro. Por conseguinte, as esixencias dos resultados ante as reformas estruturais teñen que ser moito máis importantes neste momento do que poderían ser nun Goberno que estivese utilizando recursos sólidos e que non hipotecasen as posibilidades de recursos de xeracións futuras.

Pero, en todo caso, creo que neste senso é un paso importante.

Ten vostede un Goberno ilusionante pola súa modernidade, porque evidentemente rompe as inercias de poder en Galicia. E moitos temos, eu creo que case todos, a conciencia de que estivemos durante un tempo --e algúns apreciámola en termos de experimentación, chegamos a un nacionalismo experimental porque se nos foron cerrando outras vías-- coa sensación de que a sociedade estaba nun intre politicamente distinto e nun tempo politicamente distinto do que estaren as súas propias estruturas políticas. E as estruturas políticas, por estar ancoradas en determinados elementos de poder, en determinados elementos de influencia sobre as conciencias e sobre a opinión de cidadáns, son tan estables que forman unha especie de nó gordiano, que soamente se poden romper sacando a espada e cortando ese nó, coma a ruptura cara ó futuro que supuxo a moción de censura.

Están creadas polo tanto esas expectativas de futuro. Este Goberno pódese dicir que é por si mesmo unha aposta. Coido, polo tanto, que se pode dicir que acaba de producirse un despertar dun sono da sociedade galega, que polo menos neste intre se pregunta: ¿cara a onde imos? ¿Estamos en condicións de afrontar-lo noso futuro? ¿Estamos

dando un espectáculo cara a fóra ou cara a dentro? ¿Estamos realmente montando un número incomprensible diante do conxunto da sociedade?

Esta soa pregunta xa pagaría a pena, coma un auténtico revulsivo da transformación das estruturas de goberno, porque unha sociedade que non ten nada que preguntarse sería unha sociedade morta. Eu, polo tanto, consciente de que non pode quedar aquí a aposta, digo que este feito de ter unha, que vostede capitaliza e personaliza, é evidentemente un aspecto positivo. Non sei se será capaz de crear unha nova ética, pero si unha nova estética, e cando se dá unha nova estética hai, polo menos, a ética desa estética.

Eu creo que, polo tanto, neste senso estamos realmente neste futuro ou nesa aposta máis alá do presente ó que antes se refería. Por certo que aquí hai unha referencia ós planos, nos que o señor Mella dicía que non existe o presente e vostede que non existe o futuro. Ese é un típico exemplo de como non se pode chegar a ningún acordo cando por un lado se establecen as discusións lóxicas e por outro as antolóxicas. Era o que, nese senso, o facía o señor Mella. Aquí a síntese é literaria, a de Jorge Manrique, cando dicía que "Pues vemos lo presente como en un tiempo ya sido y acabado, si juzgamos sabiamente, daremos lo no venido por pasado". Aí facemos unha síntese evidente, onde xa non teremos preocupación de se estamos no presente ou no futuro. En todo caso, estamos nunha nova estética, conductora cara a unha nova ética da sociedade.

Coalición Galega entende, polo tanto, que este Goberno non é nin mellor nin peor có anterior; non é comparable co anterior. Poucas veces os enxeñeiros da RENFE --despois falaremos dos trens-- interveñen nas cuestións de circulación cando un tren chega con retraso. Nese caso estarían perdidos; terían que intervir case tódolos días. Intervenían soamente cando un tren se

equivoca de vía, cando é desviado a unha vía distinta daquela pola que debía ir e, polo tanto, está abocado a chegar a ningures ou a provocar unha auténtica catástrofe. Aquel Goberno podía ir con máis adianto ou con máis retraso, pero en todo caso estaba nunha vía que non conducía ó futuro de Galicia. E a intervención nese momento, a través da moción de censura, era unha intervención correctora da vía, non correctora da velocidade. Polo tanto, nese senso habería que expresar --permítanme dicir dos que foron durante moito tempo os meus compañeiros políticos-- que non eran tan malos ou que xa están esquecidos como opción de Goberno en Galicia. Polo tanto, nese senso pódense apreciar determinados aspectos. Non só, señor Mariñas, é importante chegar neste momento a extende--la cobertura da Televisión a tódolos galegos. Foi importante facela e fíxoa o Grupo Popular naquel intre. Pero o que en todo caso estamos producindo neste momento é un encañamento na vía necesaria.

De todas maneiras a vostede, señor Presidente, déronse as ás para saír dun labirinto. Permítame recomendarlle o mesmo que Dédalo ó seu fillo, Icaro, cando lle puxo as ás para saír do labirinto. Díxolle que non voase demasiado baixo, porque tropezaría cos petoutos, e tam pouco demasiado alto, porque ó se achegar ó sol derreteríase a cera das ás. Paréceme que Dédalo non lle deu a explicación, se non probablemente non pasaría o que pasou. Pero o certo é que ó achegarse ó sol, derrétese a cera, caen as ás e pódese dar un auténtico batacazo.

E evidente que neste momento, xa que temos esas ás, que llas puxemos a este Goberno para saír dese labirinto, cómpre voar a media altura, que é a suficiente para non se parar nas cousas pequenas, e o prudente para que realmente non nos acaben esixindo aquilo do que non seríamos capaces de responder.

Estamos, polo tanto, ante un cambio político. A min vénme traer

aquí aquela idea que dicía que os nacionalistas galegos agora coidan que o problema galego é de personalidade, de liberdade e de dignidade. Queren tódalas descentralizacións políticas e administrativas, mais entenden que aínda conseguidas estas descentralizacións e trocada Galicia nun territorio rico e progresivo, o problema nacionalista ficaría sen resolver. Esta é unha formulación fonda do país que facía un manifesto da Segunda Asemblea Nacionalista, alá polo ano 19.

Nese senso, señor Presidente, creo que está perfectamente xustificada a razón dun Goberno para dicir que estamos ante un momento optimista, ante un momento positivo do país.

Pasemos a un segundo aspecto --quero pasar rapidamente a ver se me dá tempo a tocalos todos--, referido á economía.

A economía de Galicia non está nun momento bo, o mellor está nas accións do Goberno nese eido. Xa falaremos diso noutro momento, pero --repito-- a economía de Galicia non está nun momento bo.

Deamos agora algúns indicadores, con carácter xeral. O paro medrou nos últimos anos, especialmente desde o ano 85 para adiante. Non ten a mesma expresión nin o mesmo volume ca no resto do Estado, pero medrou en todo caso dun xeito moi importante. E esa medra que agora se está producindo --no particular igual ca no resto do indicador laboral no conxunto do Estado--, no plano xeral, vai a un ritmo máis lento ca no resto do Estado. O investimento de capital extranxeiro medra --vostede daba antes este dato-- pero é practicamente insignificante; dos investimentos extranxeiros en España só o 1,1% se produce na Comunidade Autónoma de Galicia. Os 8.000 millóns de pesetas de investimento non son practicamente significativos no conxunto de tódolos investimentos que producen tódalas Administracións e elementos privados en Galicia. O produto in-

terior bruto no ano 86 medraba o 1,9% en Galicia e o 3% en España; no ano 87, medraba o 4,1% en Galicia e o 5,2% en España. O feito de que vostede diga que xa neste momento acadamos un nivel de crecemento do 5,1 ou do 5,2% non significa que o de España non medrase tamén e que polo tanto esteamos nunha situación comparativa. Pero, en todo caso, hai que face--la afirmación de que un crecemento igual có produto interior bruto de España estaría arruinándonos con respecto ás súas posicións. Polo tanto, nestes momentos necesitamos incrementalo notablemente por riba. Quere dicir que, neste senso, estamos con indicadores sempre negativos.

Se foramos ós índices de inflación teríamos que darnos conta de que a inflación, no ano 1986, é moi superior en Galicia con respecto á de España; é practicamente igual 0,1% por debaixo no ano 1987; e volve ser notablemente superior á de España no ano 1988. Polo tanto, temos que ter en conta que estamos nunha economía que ten unha certa contradicción: por unha banda, está producindo unha inflación, e, por outra, non é expansionista. Polo tanto, nese senso temos que estar detectando un elemento preocupante de economía sumerxida, que dalgunha maneira se debe canalizar e controlar.

Ademais destes indicadores --dos que fixen só este tipo de referencia-- habería que pasar a outras cuestións de carácter importante.

Os indicadores sobre os investimentos que produce o Estado ou outras Administracións en Galicia son enormemente preocupantes. O Fondo de Compensación Interterritorial, que acada 22.889 millóns de pesetas aproximadamente, pódese dicir que ten 6.985 millóns de pesetas de auténtica compensación positiva sobre a situación de Galicia. Ademais, hai que dicir que neste momento ese fondo non está cumprindo nin sequera o seu efecto primixenio. E evidente que isto --alguén

xa o dixo antes, creo que foi o señor Mella-- levaría parella unha situación de auténtica inconstitucionalidade pola aplicación dunha medida constitucionalmente establecida que, ó non servir de corrección, hai que cambiar, case diría, de oficio.

Os investimentos do Estado están mantendo un importante déficit, comparativamente, coa poboación doutras Comunidades Autónomas do Estado. Un déficit que se sitúa, teño entendido, un pouco por riba dos 17.000 millóns de pesetas.

Tamén os fondos que chegan canalizados a través da Comunidade Económica Europea --os FEDER-- están proporcionalmente neste intre por debaixo do que correspondería de acordo coa poboación, o cal non é, evidentemente, un indicador en termos absolutos, pero si serve para dicir, en termos relativos, que tampouco por esta vía estamos acaando un reequilibrio da economía galega con respecto á economía do Estado.

E un país que, polo tanto, neste senso ten un diagnóstico comprometido, porque estamos producindo un salto definitorio, novo na economía do futuro. E un país que está encomendado á súa economía privada, porque hai que dicir que ela dá a sensación neste momento de estar poñendo Galicia en obras, cun auténtico esforzo que hai que salientar e encardinar na acción do Goberno. As veces un ten a sensación auténtica de que se a este país se lle puxesen as autoestradas, unha sanidade e unha educación axeitadas, e se deixase todo o demais funcionar pola súa propia iniciativa, sería capaz de levantarse, de erguerse e de facerse rico. En todo caso, aí habería que empezar a poñer--las auténticas expectativas dunha renovación de futuro do país, pero non deixar de ver que esas mínimas necesidades infraestructurais, mesmo o achegamento necesario a unha posición de partida igual á doutras Comunidades Autónomas, non están resoltas. Débese dicir, polo

tanto, que aquí hai un moi serio aviso, non só para as posicións actuais --con renda baixa inferior á media nacional, etc.--, senón que podemos estar perdendo aí unha oportunidade que despois non sexa recuperable.

Eu digo que neste aspecto tamén hai cuestións positivas: a vía dos Presupostos está mellorando determinados indicadores sociais, que deberá ter unha repercusión aprazada sobre a situación económica. O feito de que neste momento se estea investindo fortemente en educación, en sanidade, en asistencia social, en infraestrutura cultural, que melloren, mesmo, infraestructuras internas --como son os propios portos da Comunidade Autónoma, as estradas da Comunidade Autónoma--, que mellore a ordenación do medio rural, que se potencie a actividade de electrificación, son indicadores que contribúen a formar un correctivo da situación e unha preparación desde dentro da Comunidade Autónoma, coas posibilidades do Goberno, pero que, en todo caso, non están en condición de producir unha auténtica reforma. E necesario que este Goberno sexa capaz de dialogar en posición de igualdade cara ás posicións do Estado e da Comunidade Económica Europea, que teñen a obriga, en xusticia, de corrixir este déficit, de corrixir este desequilibrio tan grande, no que, neste momento, temos que incidir como un dos elementos máis graves do diagnóstico negativo da situación desta Comunidade Autónoma. Neste senso teríamos que facer referencia --e eu fágoa-- a unha das grandes materias pendentes en Galicia.

Parádonos un pouquiño, señor Presidente, quero recordar aquel apotegma --"eufatum" chamaballe un profesor meu, pedante el-- que dicía: "Se te sentas no camiño, ponte de fronte ó que aínda queda por facer, e dálle sempre as costas ó camiño pasado". Temos moito avanzado, pero quedanos moito por andar.

As autovías e os ferrocarrís,

neste momento, teñen que ser unha preocupación fundamental da economía galega, como poñía de manifesto hai pouco o Deputado de Coalición Galega, presente no debate do estado da nación, no Congreso dos Deputados. Pero para que as autovías sexan posibles, desde o meu punto de vista, non vale unha afirmación. Non vale unha afirmación porque eu resístome a crer, Coalición Galega resístese a crer, que se pode pasar en dous ou tres anos a estar fóra dos mapas nos que se debuxan os plans de estradas a ter máis autoestradas ca Frankfurt. Creo que, polo tanto, hai que racionalizar ese esforzo e dicir, que a Comunidade Autónoma ten aquí algo máis que facer ca unha simple esixencia ó Goberno do Estado. As autovías son a saída final dun país vertebrado. E dicir, se nós neste momento organizámo--la nosa comunicación--e a comunicación é organiza--la nosa produción, e organiza--la comunicación e a produción, é organiza--lo noso territorio e a convivencia da nosa poboación--, se nós somos capaces, en definitiva, de poñe--las bases de vertebración dun país, as autoestradas de Galicia serán necesarias. Se seguimos cada un polinucleando na súa pequena localidade --o que xa de por si é unha sociedade polinucleada--, é evidente que, nese galimatías, as autoestradas de Galicia non entrarán nunca nas previsións necesarias do Estado. Eu aí, nese senso, quí--tolle tradicionalmente a razón ó señor Nogueira, en canto a que non é posible neste momento discutir directamente os plans de estradas do Estado. Hai que ir a unha actuación vertebradora que faga necesaria para o Estado as autoestradas galegas. Eu creo que, neste senso, ademais de vertebrar e nuclear perfectamente a sociedade, a produción, a ordenación do territorio de Galicia, é absolutamente necesario que nós mesmos sexamos capaces de produci--los investimentos necesarios para que o que agora mesmo é unha unidade dispersa sen significación no conxunto da economía do Estado se convirta nun elemento significativo que obrigue, dalgún

xeito, a facer ese tipo de actuacións de fortes investimentos en infraestrutura.

E evidente que isto está conectado neste momento coa unidade xeográfica e económica --á que con frecuencia se refire o señor Beiras-- entre Galicia e o norte de Portugal, pero hai que ter moitísimo coidado de que o propio sistema que se está producindo nas comunicacións do Estado non acabe, dalgúnha maneira, facéndonos dependentes tamén da economía do norte de Portugal. Para iso, desde o meu punto de vista, é moito máis importante dicir cantas autoestradas se van facer, que se acabarán facendo todas, porque serán todas absolutamente necesarias. Pero é moito máis necesario dicir cal se vai facer primeiro, cando vai esta--lo proxecto acabado e quen, realmente, ten a responsabilidade de comenza-la. Eu, neste senso, non escatimaría ningún esforzo do investimento da Comunidade Autónoma para face--lo necesario cara a fóra.

Nun famoso escrito de Peña Novo, chamado "A mancomunidade galega", que publicou en Vigo no ano 1922, dicía o seguinte: "Segundo sexan os nosos portos, así será o noso destino". Eu creo que co avance dos tempos, ó mellor, hai que cambiar esta afirmación para dicir: "Segundo sexan as nosas comunicacións con Europa, así será o noso destino". Penso que isto esixe realmente un auténtico debate específico, necesario nesta Cámara, para conseguir un auténtico apoio á acción do Goberno Central, que non se manifeste simplemente nunha tensión do que nos dan ou nos quitan, senón que realmente sexamos nós capaces de aportar, polo menos, a auténtica necesidade vertebradora dun Estado a través da nosa previa vertebración política, social e productiva.

Señor Presidente, paso a outro punto, que é o desenvolvemento institucional, onde lle quero manifesta--los aspectos fundamentais do meu desacordo con vostede.

Dicía Sartre que se dúas persoas están de acordo, é sempre por un malentendido. Polo tanto, se eu estou de acordo con vostede, evidentemente é por un bo entendido.

E lóxico que aquí existan desacordos: naturalmente, algúns queremos aportarlle un significado nacionalista a este Goberno, e outros, vostede mesmo mencionouno na Tribuna, a súa significación ideolóxica socialista.

Non se pode convivir nun autogoberno imperfecto. O autogoberno ou se implementa ou se abandona. Neste momento hai que dicir que o autogoberno en España --o autogoberno en Galicia, polo tanto-- está nun proceso autenticamente freado, paralizado.

O proceso de transferencias --do que eu teño constancia evidente de que vostede ten unha preocupación grande-- non está dando os resultados necesarios para pechar unha serie de temas que neste momento é preciso reformular. O INSAIUD, os plans provinciais das Deputacións, a Policía Autónoma, a financiación da normalización lingüística, as transferencias complementarias doutras transferencias xa producidas son temas que neste momento se deben pechar nun auténtico senso integrador, se queremos ter Autonomía.

Acábaseme de acende--la luz vermella e espero, en dous ou tres minutos, dar cima ás miñas ideas.

Hoxe estase producindo, ademais, un auténtico perigo no Estado, que é o intento dos que son partícipes, case protagonistas, algúns representantes do Partido Popular --concretamente entre outros o señor Fraga--, ós que oía hai pouco, por televisión, propoñendo un pacto para o desenvolvemento das Autonomías; estase entrando realmente nun auténtico novo intento de normaliza--las Autonomías, o cal significa esencialmente recortalas. A Autonomía --permítaseme botar man da Astrofísica para explicalo-- co-

mo proceso estatal, no momento de redacción da Constitución, produce ese auténtico big--bang expansivo dun Estado, a través do cal cada unha das Comunidades Autónomas cada vez vai tendo unha máis grande capacidade de goberno.

E evidente, polo tanto, que a medida que vai transcorrendo o tempo e coa propia inercia que vai collendo cada un dos anacos resultantes a través desa explosión inicial que produce aquí o gran creador deste universo do Estado Autonómico --que foi o pobo a través da súa decisión constitucional--, ten que se estar a producir un desprazamento, un arredamento necesario do Estado Central. E se non se produce, evidentemente, estarase dando o contrario, porque a estaticidade nos universos en marcha é imposible. Polo tanto, se non andamos cara ó vermello, empezaremos a andar cara ó azul; e iso, aínda que a moitas persoas relacionadas mesmo con esta Cámara ou co seu futuro lle pode resultar enormemente familiar, hai que dicir que, en canto ás posicións de plasmación do novo Estado, estamos realmente ante un perigo que hai que resolver. Hai que facer unha nación con personalidade política suficiente para dialogar co Estado. Dicía Brañas, hai xa cen anos: "Cataluña empieza a ser la preocupación diaria y la pesadilla del unitarismo, que la entiende y respeta porque la teme y considera". Non é nova esta cuestión; se temos persoas do pobo con outra visión.

Unha vez, Carolina Otero, explicáballes ás súas pupilas como había que abrírlle a man a un home que a tivese pechada. As pupilas foron cada unha dando a súa opinión --que eu lles vou aforrar, porque parece que non é lugar esta Cámara para explicar como cada unha entendía que se lle debía abri--la man--ata que por fin ela, entendida en homes que tiñan o puño pechado, déulle--la solución: retorcéndolle o pulso. O Estado, neste momento, se preciso fose, teríamos que estar en posición de retorcerlle o pulso,

precisamente para que fose soltando aquilo ó que nós pensamos que temos que ir.

Remato, señor Presidente, con dúas ideas moi breves. Unha, a dos procesos lexislativos. O proceso lexislativo non é mellor por cuantitativo, senón pola súa capacidade revulsiva e renovadora do país.

Vou facer unha cita de "El Príncipe", porque se non, non quedo a gusto. Referíndose á prudencia, dicía: "Enseña a no hacer muchas leyes, porque los súbditos se cansan con la multiplicación de las leyes, y los jueces son remisos a ejecutarlas si no les viene algún interés en ello. Y el Príncipe pierde reputación cuando sus leyes no son obedecidas; y por eso conviene que las leyes sean pocas y muy miradas". Isto escribíao Pedro Rivadeneyra, xesuíta, cando en 1595 editaba "El Príncipe Cristiano", que eu agora cito en nome do Grupo Popular en vez do outro --como demócrata--cristiano-- e que eu creo traer aquí, evidentemente, nunha posición que nos recorda que é importantísimo centrarnos non na contía da lei, senón realmente na súa capacidade reformadora. E eu pño-lle tres, como elementos de atención neste intre:

En primeiro lugar, a Lei de Coordinación das Deputacións, que, desde o meu punto de vista, está presentada como unha lei posible, pero non é a necesaria, nin é suficiente, e hai que lle prestar atención a ese punto.

En segundo lugar, a Lei de Organización Territorial, que é un compromiso pendente prometido por este Goberno e que eu coido que por tódalas cuestións establecidas hai que lle prestar non só a atención, senón a profundidade renovadora da situación do país como nación, que neste momento a consegue.

E, por último, a Lei de Ordenación Universitaria, que, presentada, esixe que detrás da loita contra o localismo estea o compromiso

coa eficacia e, sobre todo, un elemento de revulsión da sociedade e renovación do ensino.

Para isto, señor Presidente, é para o que se pode atopar, non un pacto político básico, senón o re-encontro daquela postura dalgúns momentos tan válidos na Autonomía, na que realmente se atopou en moitas ocasións lugar para a coincidencia nos aspectos fundamentais do desenvolvemento autonómico.

Non toco tódolos temas; tampouco é necesario. Simplemente, remato xa, señor Presidente, cun pensamento de don Ramón Otero Pedrayo. Dicía que hai pobos que camiñando de feito moito, arando tódolos mares, fatigando tódalas estradas, están psicoloxicamente quietos. A min preocuparíame moito que este pobo, en medio de tanta fatiga, en medio de tanta revulsión, en medio de tanto modernismo, non asumise a acción do Goberno.

Señor Presidente, vostede ten un bo Goberno, nunha boa situación; detrás diso está o que dicía o señor Manuel Azaña, que era a saúde do Estado, a capacidade de superar tódalas choutas do camiño que hai que percorrer. Para iso será necesario que ese pobo se poña detrás de vostede. Non é tan necesario un bo Goberno senón que o pobo entenda que ese é o seu bo Goberno, o seu bo camiño.

Moitas gracias, señor Presidente.

O señor PRESIDENTE: Correspóndelle a intervención ó Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

Ten a palabra o señor Sánchez Presedo, polo tempo de trinta minutos.

O señor SANCHEZ PRESEDO: Señor Presidente, Señorías, eu quixera que as miñas primeiras palabras nesta Tribuna fosen para destaca-lo feito deste debate e mailo seu

significado para Galicia. É un debate que coincide coa inaguración da sede definitiva do Parlamento de Galicia e que, máis alá do feito en si deste acontecemento, ten, ó noso xuício, un gran simbolismo, porque do mesmo xeito que o Parlamento é o eixo fundamental da autonomía democrática, estámoslle poñendo fin a un período de provisoriedade. Isto significa que non soamente é o Parlamento quen pon fin a un período de provisoriedade, senón que é a propia Autonomía, como proxecto democrático para Galicia, a que se consolida, a que se arraiga, a que se asenta definitivamente en Galicia e empeza a expresa--la irreversibilidade dun proceso histórico descoñecido no noso país. Trátase dun proceso sen precedentes que, ó noso xuício, sen ningunha dúbida, marca a potencialidade que ten o noso país de iniciar unha nova senda de prosperidade, de convivencia e de xusticia.

Eu quixera tamén suliña--la importancia deste debate, que se realiza nunha Cámara que representa o pobo galego, integrada por opcións diversas, nas que cada unha cumpre o seu papel, de Goberno ou de oposición, e mesmo por opcións que, asumindo compromisos de Goberno, cada unha delas mantén unha posición, unha visión política definida sobre a situación do país, pero que non impide, en absoluto, a súa capacidade de chegar a acordos e de entenderse en beneficio do conxunto da sociedade galega. Unha Cámara, pois, que pola súa pluralidade ten un denominador común: a aceptación das regras democráticas, a aceptación do proceso de liberdade. E este proceso é especialmente importante no noso país cando a aparición de xermolos de violencia fan que sexa necesario afirmar que o noso futuro vai depender da libre decisión dos homes e das mulleres de Galicia. En consecuencia, afirmación da democracia cunha conquista irreversible, sólida para o noso país.

Eu quixera destacar tamén, señor Presidente, que este debate se

realiza a iniciativa do Goberno. E non se pode descoñecer--lo valor que ten que sexa precisamente o Presidente da Xunta de Galicia quen compareza nesta Tribuna cun temario aberto, ilimitado, para tratar todos e cada un dos temas que afectan non soamente ó exercicio do Goberno, senón tamén á sociedade galega, á súa convivencia e á súa situación. Esta é unha clara demostración da súa vocación democrática; a primeira vez que se produce. Significa tamén unha vontade clara de gobernar, explicando a política diante dos representantes do pobo galego, coñecendo as posicións da Cámara sobre a evolución da propia sociedade galega e as súas perspectivas, e, ó mesmo tempo, facelo tamén diante da opinión pública, para que o conxunto do noso pobo, o conxunto da sociedade galega, poida ter un coñecemento cabal, un coñecemento directo e profundo de cal é a acción dos seus representantes, o significado que tamén ten en termos de racionalidade.

Comparecer neste Parlamento significa tamén realizar unha reflexión sobre a definición dos obxectivos que este Goberno presentou diante da Cámara, diante da sociedade galega; analiza--lo grao de cobertura destes obxectivos; facer tamén balance de cales son os acertos e os erros e cales deben ser--las accións que deben conducir ó Goberno Galego a atender máis axeitadamente as necesidades do país; e, ó mesmo tempo, debater sobre as grandes liñas de futuro, as liñas e perspectivas que afectan ó noso país.

Trátase, en definitiva, de gobernar democraticamente. Gobernar democraticamente significa darlle ó exercicio das responsabilidades de goberno a súa auténtica dimensión. Para iso, Señorías, necesítanse marcos de referencia, a fin de que se poida apreciar--lo esforzo que un Goberno está realizando, co respaldo dos Grupos que o están a apoiar. Ese é un esforzo útil para a nosa sociedade.

Eses marcos de referencia, ó meu xuício, son fundamentalmente dous: en primeiro lugar, o cumprimento do programa que ese Goberno presentou diante do Parlamento, un programa asumido pola maioría desta Cámara e que permite que o Goberno conte coa confianza maioritaria dos que aquí representan o pobo galego; e, en segundo lugar, por contraste, porque por primeira vez tamén na súa historia, Galicia, a sociedade galega, ten a oportunidade de comparar cal é o resultado das tarefas de Gobernos que representaron opcións políticas e compromisos políticos distintos.

Realmente, isto é o importante, porque a credibilidade das propostas, cara ó futuro de Galicia, van depender en gran medida da xestión do Goberno, da cobertura dos obxectivos previamente comprometidos, dos resultados que se están obtendo, de tal xeito que as propostas de hoxe deben converterse en realidade de mañá, encarnadas e enraizadas na propia sociedade galega.

Eu quixera destacar que, por vez primeira na historia deste país, o Partido Socialista interveña nesta Tribuna desde o exercicio compartido, con outras organizacións, das responsabilidades do Goberno. O Partido Socialista séntese orgulloso de que por vez primeira na historia deste país non soamente se lle valoren os seus discursos, senón que se lle poida xulgar a aplicación destes discursos, a xestión que realiza nestes discursos diante da nosa sociedade. Porque, Señorías, é moi fácil ofrecer cando non se ten a responsabilidade de da--lo que se ofrece; é moi fácil ofrecer cando se sabe que non se vai te--la responsabilidade de asumir--los compromisos que se ofrecen. Eu creo que hoxe este debate marca en Galicia unha nova situación política: contrastar se realmente as forzas políticas que interveñen son capaces de dar conta dos seus compromisos e de crear, en función do seu cumprimento, en función das súas propostas cara ó futuro, un novo caudal de confianza que permita que

o esforzo iniciado non se deteña, senón que poida seguir, aínda cun ritmo maior de celeridade no futuro.

Eu estou convencido de que en política, efectivamente, non se pode voar nin a ras de chan nin tampouco totalmente á marxe do chan. Creo que na política hai que combinar ambición e responsabilidade. Se existe un exceso de responsabilidade, pódese chegar a unha política chata, excesivamente pragmática, case de xestión, que non formula obxectivos en profundidade, nin obxectivos importantes para cambiar--lo noso pobo. Pero, por outra parte, se non existe unha mínima responsabilidade, pódese caer na tentación de ofrecerlle ó pobo galego propostas que non se vai ser capaz a continuación de aplicar, que non se vai ser capaz de xestionar. E isto pode crear na sociedade galega un clima de frustración, un clima de decepción e, en consecuencia, un apartamento da sociedade galega do labor que realizan os seus representantes, e non sería positivo en termos democráticos.

E eu, en nome do Partido Socialista, quero nesta Cámara dar público testemuño da nosa confianza, despois da experiencia de Goberno, de que é posible en Galicia unha opción de goberno reformista; que Galicia pode avanzar a través dun proceso gradual de reformas, e que necesita manter un ritmo intenso de reforma no seu futuro. O mesmo tempo tamén debo dicir con toda claridade que non se poden esperar estas reformas dos que, tendo a responsabilidade governamental, non foron capaces de utilizala para mellorar substancialmente a situación dun país, nin tampouco daqueles que desprecian as reformas, manteñen actitudes maximalistas, de todo ou nada, e non son capaces de asumir compromisos que fagan avanza--lo noso país.

¿De onde partiamos, Señorías, cando se iniciou esta iniciativa governamental? Partiamos dunha crise de gobernabilidade profunda, que se enmarcaba claramente nunha si-

tuación de crise económica --no conxunto do Estado-- con particular incidencia en Galicia, que afectaba a este país no momento da consolidación do seu proxecto autonómico; e, ó mesmo tempo, non era o momento en que se requiría un ritmo intenso de dinamismo no noso país, para que Galicia estivese en condicións de afronta--lo reto europeo. Ese reto non é externo a Galicia, senón que debe interiorizalo, porque non se trata simplemente de que Galicia lles dea resposta ás esixencias alleas, senón que se formule realmente acomoda--la súa realidade á dos países europeos máis avanzados, ós países onde existe maior liberdade, maior prosperidade económica e social, maior xusticia, maiores niveis de democracia. Partiamos desta situación, Señorías; pódese dicir con quen o faciamos, e a resposta segue sendo a mesma: partiamos con tódolos que estaban dispostos a comprometerse por Galicia, partiamos con tódolos que estaban dispostos a chegar a acordos por Galicia, custara o que custara, e chegar a acordos sen reservas. Desde logo, non partiamos cos que falan de acordos, pero nunca foron capaces de comprometerse a ningún acordo, e moito menos de aplicalo.

Partiamos, Señorías, con ese grupo de Deputados desta Cámara que, nun momento de emerxencia para Galicia, fixo posible dotar a este país dun Goberno que asumise a responsabilidade política de conducilo de acordo cos retos que tiña formulados.

Eu quixera que na miña intervención non se falase da política, entendida simplemente como unha linguaxe de políticos, senón que se falase da política en canto supón unha reflexión sobre a situación social, unha reflexión sobre cal é o estado do país, saber se eses obxectivos do Goberno se van cubrindo. E ese grao de cobertura permítenos estar nunha actitude de optimismo sobre o noso porvir; é un elemento fundamental na estratexia do novo Goberno.

O Goberno apostaba por un concepto de Galicia que comparte a inmensa maioría do pobo galego. Galicia é un país rico, ten unha inmensa cantidade de recursos, pero moitos deles están sen aproveitar. Era necesario mobiliza--los recursos que tiña o noso país para poder medrar, xerar maior riqueza e facer de Galicia un país máis rico. Era necesario, ó mesmo tempo, rachar cunha dinámica de asincronía na vida do noso país, que existía tamén en España e que se vai superando coa incorporación a Europa. Lembremos que na maior parte dos países industrializados se comenza a saír da crise no ano 1983; en España coménzase a saír a finais do ano 85, principios do 86. E cando este Goberno asume a súa responsabilidade nós pensamos que era o momento en que Galicia debía incorporarse tamén á reactivación económica e á saída da crise. E pensamos que Galicia comenza a ser un país que pasa da crise á reactivación.

Pero isto non o dicimos simplemente por voluntarismo, senón que aí están os datos económicos que din que cada vez Galicia crece con maior velocidade. Faino con maior velocidade en termos absolutos --que é o importante--, crea cada vez máis riqueza, pero ó mesmo tempo crece a maior velocidade en termos relativos, moito maior do que crece a media dos países europeos e con maior velocidade do que está crecendo a economía en España. Por iso pensamos que se pode dicir hoxe, con fundamento e con realidade, con taxas próximas ó crecemento do 5%, que Galicia está en marcha, que se move a nosa sociedade, que a economía evoluciona favorablemente.

Creo que cando se fala de que a economía evoluciona dun xeito favorable, indubidablemente, pódense repartir responsabilidades entre os distintos axentes que inciden dentro da economía: as Administracións Públicas, a propia Comunidade Autónoma e a iniciativa privada. Pero eu estou convencido de que gran parte desta responsabilidade lle corresponde á Comunidade Autónoma.

E unha Comunidade Autónoma que asume que a súa política debe se--lo motor que impulse e dinamice a actividade en Galicia.

Por iso se apela a unha política de endebedamento, que responde a unha filosofía moi sinxela. Galicia é unha comunidade onde existe máis capacidade de aforro ca de investimento, e como Galicia é unha comunidade na que existe maior capacidade de aforro ca de investimento, parécenos estéril realizar aquí un discurso que consista simplemente en denuncia--la falta de investimentos no noso país. E dicir, non se demanda suficiente investimento privado. Parécenos que iso é estéril. E necesario aproveita--la nosa capacidade de aforro.

Nós queremos que eses recursos sexan utilizados para darlle a Galicia as infraestructuras necesarias, para crea--los servicios necesarios, co fin de que afronte o seu futuro. Pensamos que iso non pode hipoteca--lo noso futuro, porque se trata simplemente dun país que estaba paralizado, ó que hai que poñer en marcha, animalo, activalo e, a continuación, agardar que sexa a iniciativa privada a que asuma o relevo neste proceso de impulso e dinamización.

En Galicia estase crescendo, e iso é bo, nótase en todo o país. E este Goberno, á parte da responsabilidade que se queira dicir, sen dúbida ningunha, ten a responsabilidade no proceso de crecemento de Galicia. E en Galicia estase creando emprego, que é outro dos obxectivos fundamentais do Goberno. Repito que se está creando emprego, e non vou utiliza--los datos do mes de febreiro. Pódese dicir que son simplemente datos conxunturais, pero vou acudir a tódolos do ano 1988, no que o paro rexistrado descende en máis de 11.000 persoas. Descende cando está ocorrendo un acontecemento que non debe pasar desapercibido das Súas Señorías: o nivel de poboación que demanda emprego non é o mesmo ca a finais de 1987. Hoxe en Galicia hai 22.000

galegos máis que forman parte da nosa poboación activa; e, a pesar diso, o paro diminúe en 11.000 cidadáns no noso país.

Eu creo que aí hai unha incidencia política da Xunta de Galicia, que adopta a decisión de destina--la maior parte dos seus recursos a realizar investimentos. Neste período de tempo duplica os seus investimentos reais e as súas transferencias de capital. Realiza investimentos para dotar a Galicia de infraestructuras e aplica recursos para tratar de estimular--la iniciativa privada, co fin de que esta tamén se comprometa no investimento necesario para este país. A Xunta ten parte de responsabilidade, cando o paro descende nesta cantidade, e ademais no sector da construción, en máis de 7.900 persoas. Todos podemos pensar que, sen ningunha dúbida, unha gran responsabilidade é da Xunta de Galicia, cando a licitación pública se duplica neste período de tempo; ou que gran responsabilidade pode te--la Xunta de Galicia cando realiza políticas específicas de emprego dentro do seu Goberno, que triplícan, respecto do Goberno anterior, os recursos que se destinaban para estes mesteres, subvencións a contratacións, iniciativas locais de emprego, formación e economía social.

En consecuencia, Galicia está creando emprego; Galicia está crescendo. En Galicia, a situación industrial non é cualitativamente a mesma que hai dous anos. Hai unha nova tendencia que non se pode ocultar. Vostedes poden analiza--la evolución das suspensións e das crebas, que eran acontecementos que estaban na opinión pública constantemente hai un período de ano e medio. Agora non existen practicamente, reducíronse á mínima expresión, cóntanse cos dedos dunha soa man. A taxa de emprego en materia industrial descende no sector nun 4%. En consecuencia, isto significa que se está dinamizando a industria dentro do noso país. E ó mesmo tempo existen instrumentos á disposición dos

empresarios que queren realizar investimentos no noso país, para estimular--la realización deste investimento, para favorecer--lo proceso de investimento dentro de Galicia.

Poderíase dicir: ¿depende todo isto da Xunta de Galicia? Hai unhas liñas políticas moi claras, pero ademais poderíase dicir, con toda claridade, que o fundamental na política industrial dun país é crear confianza. Sen ningunha dúbida, existe confianza neste Goberno, e porque existe confianza neste Goberno e no proxecto que está representando, por iso se realizan investimentos industriais no noso país, por iso diminúe o número de desempregados en materia industrial e por iso se está experimentando un proceso claro de modernización nun sector tan importante.

Sen ningunha dúbida, existen cuestións pendentes, que se están abordando e que no ánimo do Goberno está afrontalas e darlles solución. Pero hoxe o problema en Galicia non é a crise industrial, senón a nova industrialización, que se está formulando en función das posibilidades que ten o noso país.

Quixera tamén determe na materia agrícola, que afecta a máis do 40% da nosa poboación activa. A inmensa maioría dos traballadores galegos está na agricultura. Pregunto: ¿que era daquelas previsións catastrofistas sobre o leite? Esas previsións catastrofistas están cambiando, con toda claridade. Trátase dun sector que está en plena puxanza, que ten acordos de precios estables, que estivo abandonado durante o Goberno anterior.

Na cornixa cantábrica, que é a nosa principal competidora en materia gandeira e leiteira, o 100% da cabana estaba saneada; en Galicia, cando asumímo--las responsabilidades do Goberno, a porcentaxe era do 35%. Este Goberno ten en marcha medidas que permitirán, no período dun ano, completa--lo saneamento gandeiro en Galicia ó 100%. Iso é facer un cambio substancial na si-

tuación das posibilidades do noso país, de competir cara ó futuro.

Tamén se pode falar das mello-
ras para a modernización das explotacións, como, de forma excepcional, se modifica a súa contía nun período de tempo tan curto en materia de infraestructuras ou en materia de incendios forestais. Vemos como aumentan, con toda claridade, os recursos que destina a Xunta de Galicia ou como se reduce a incidencia dos incendios na acción do novo Goberno.

Podemos falar do desenvolvemento forestal. Poderíalles dicir ás Súas Señorías que o déficit forestal que existía na Comunidade Europea, no ano 84, era de 2.200 millóns de pesetas. No mesmo ano 84, en Europa, importáronse produtos forestais por esta contía. E Galicia está en condicións de producir e de ter produtos forestais. En consecuencia, é necesaria unha política clara de desenvolvemento do sector forestal, porque é un dos sectores no que temos vantaxes comparativas, maior capacidade de crecemento.

Este Goberno realiza unha acción fortemente investidora neste sector e, ó mesmo tempo, presenta unha Lei de Montes Veciñais en Man Común, o que significa nin máis nin menos que tomar decisións sobre o 27% da superficie de Galicia. Iso é máis da cuarta parte do territorio galego, e as decisións van servir para poñela en produción e para beneficiar a máis de 200.000 familias de Galicia. Iso sen ningunha dúbida é preocuparse pola nosa xente, pola nosa agricultura, polas posibilidades de que este país poida avanzar.

E Galicia está nun novo escenario en materia de infraestructuras, totalmente distinto do que estaba hai dous anos. Nós pensamos que, efectivamente, na estratexia deste país se deben claramente incardinar dúas grandes decisións: as que teñen que ver coas grandes infraestructuras, as vías rápidas que de-

ben vertebrar--lo país e comunicalo fóra da nosa Comunidade; e aquelas decisións estruturantes das vías internas de Galicia, que son as que afectan á inmensa maioría do noso pobo.

Pensamos que hoxe o debate sobre as vías rápidas é cuantitativa e cualitativamente distinto do que hai dous anos. Pensamos que o Goberno ten responsabilidade, porque se pode analizar cal vai se--lo escenario mínimo no ano 93. Nese escenario mínimo, Galicia, dentro de España, en autovías, terá aproximadamente a décima parte dos quilómetros do total de España, a pesar de te--lo 7% da poboación e o 5% da súa superficie. Pódese analizar como, nos novos proxectos que se incorporan no Plan de Autovías, neses proxectos Galicia ten unha participación de máis do 20%. E se se computan os tramos que se realizan para servir a Galicia fóra do noso país, pois evidentemente que se podería incrementar substancialmente esa participación.

Hoxe fálase de autovías; pero fálase de dúas autovías porque este Goberno tamén formulou a necesidade de que este país teña dúas vías de comunicación. Neste caso o Goberno superou claramente as propostas dos Grupos Parlamentarios da oposición, que simplemente falaban dunha soa.

Iso debe recoñecerse, como tamén que en materia de estradas--polas que circula a inmensa maioría de galegos, tódolos días; que unen a Galicia fisicamente; esas estradas que están facendo o noso país, vertebrándoo, que fan de Galicia unha unidade real-- estas teñen uns niveis de investimento que duplican case dúas veces e media o que estaba investindo o Goberno anterior. Esa foi unha decisión deste Goberno, para mellorar--lo país.

Tamén estamos en condicións de presentar un Plan de Transporte Ferroviario, no que se aborden realmente os problemas deste país, que non soamente son os da alta velocidade para a comunicación fóra de

Galicia, no tráfico de viaxeiros. Os problemas dos ferrocarrís deste país afectan tamén ó transporte interior de viaxeiros, ese transporte que triplica en intensidade ó que se realiza fóra da nosa Comunidade Autónoma. Consecuentemente, se ten un uso máis intensivo, e ademais contribúe a articular e a vertebrar este país, debe merecer unha especial atención para a Xunta de Galicia. O mesmo na materia de mercadorías, na que é necesario tamén presta--la atención, porque cando falamos de alta velocidade moitas veces esquecemos que as liñas de alta velocidade soamente son para viaxeiros e para comunicacións entre pólos moi separados.

Esta Galicia vai contar con gasoductos para poder te--la enerxía que lles dea servicio ás súas industrias, porque ten unha participación no programa STAR que chega ata o 17% e que duplica con moita amplitude a súa porcentaxe de poboación.

Esta Galicia realiza un gran esforzo para que tódolos alumnos teñan un posto escolar. A sociedade galega ten, nestes intres, case dúas veces e media máis de investimento en Preescolar e EXB do que tiña no Goberno anterior.

As ensinanzas medias tamén son un tema importante. As veces falamos da Universidade, pero para preparar realmente a reforma universitaria hai que mellorar--la oferta en medias. De cada 6 alumnos que van a centros públicos en Galicia, a finais deste ano, en medias, un será gracias ó posto escolar que creou este Goberno. E iso é importante nun período de tempo de dous anos.

Tamén en materia de Universidade se está formulando unha reforma sen precedentes, para facer que sexa capaz de dar resposta á enorme demanda que se prevé no noso país en materia de postos escolares. É necesario, pois, un proxecto ambicioso, porque imos aumentar nun 50% a oferta universitaria. E iso, ademais, farase de tal forma que re-

dunde no equilibrio territorial do país, que cree centros de investigación por toda Galicia, moi preto da sociedade, para que axuden ó seu proceso de impulso, que sexan un motor real de crecemento. E tamén hai que facelo por razóns de igualdade de oportunidades, para que as familias que realmente pretendan que os seus fillos estudien na Universidade teñan esa posibilidade preto da súa casa. En ningún caso esta reforma universitaria supón diminuí-la situación universitaria actual, porque soamente se formula para darlles resposta ás novas demandas, que non vai ser posible asumir no sistema que temos en vigor.

Esas son reformas de futuro e no ano 1996 Galicia terá unha situación diametralmente distinta da que recibiu o actual Goberno, e estanse sentando as bases para que se camiñe nesta dirección.

En materia de saúde, Señorías, hai dúas cousas que lle afectan á sociedade galega e que están unidas: unha, a cuestión da transferencia; e outra, a mellora da atención en materia sanitaria.

Nós pensamos que é fundamental recibir--las transferencias e que estas sirvan para garantir e aumentar--los niveis de cobertura que actualmente ten o noso país. E ó mesmo tempo hai que mellora--la atención, como se vai facer en Galicia.

Este ano abrírase o Hospital do Meixueiro de Vigo, que supoñerá un cambio cualitativo da situación nesta zona. Por vez primeira dáselle unha resposta á área sanitaria de Santiago, cun hospital de 750 camas, o que vai supoñer un cambio cualitativo da asistencia sanitaria nesta zona. Tamén se están realizando concertos para mellora--la asistencia sanitaria nas principais zonas de Galicia, por exemplo, en Ourense e na Coruña. Todo isto significará que se aumenten os servizos en materia sanitaria dentro de Galicia. Ademais, os equipos de atención primaria que existen na

actualidade vanse duplicar ó longo deste ano, para atender--lo dobre da poboación que se estaba tratando.

En materia de vivenda realízase un cambio cualitativo importante. As transferencias que se van dar en materia de vivenda rural, ou por rehabilitación de vivendas, supoñen tres veces máis do que existía por parte do anterior Goberno. Tres veces máis cidadáns galegos, da zona rural, poderán acondiciona--las súas vivendas en condicións de dignidade, de comodidade. Para poñer--lo exemplo local, en Santiago, a execución do polígono de Fontiñas vai significar que, dentro de un ano aproximadamente, 1 de cada 10 residentes estará habitando unha vivenda que se realiza a iniciativa da actual Xunta de Galicia. Repito: de cada 10, 1.

Estes son os cambios importantes que se realizan no noso país. Estes son os cambios importantes que fan que o actual Goberno poida reclamar deste país maior confianza para poder seguir traballando e, consecuentemente, reclamar da sociedade galega un respaldo ós seus actos.

O mesmo tempo, Señorías, existe un novo concepto das relacións institucionais. Neste senso é necesario asumir--las normas de relación institucional que se seguen nos países democráticos, non a que a min me lembraba simplemente a política de Reagan, cando falaba dos interlocutores do imperio do mal, a política errada. Tiveron que abandonarse realmente esas posicións para empezar a acadar acordos positivos,...

O señor PRESIDENTE: Señor Sánchez Presedo, rógolle que remate.

O señor SANCHEZ PRESEDO: Si, xa remato, señor Presidente.

Considero que nas relacións institucionais non é de recibo unha política de hostilidade, de con-

frontación, de descalificación do adversario. Sabemos que os representantes institucionais merecen o respecto e o diálogo, independentemente de que cada un manteña con toda a fortaleza as súas posicións. Pero non a hostilidade, nin sequera --para dicilo en termos vulgares-- a "guerra fría", nin sequera de xelo. Trátase de busca--la máxima cooperación en beneficio do noso país, de crear un clima de maior receptibilidade, sabendo que o concepto que temos de solidariedade non é simplemente de que nola dean porque somos un país necesitado, senón porque realmente interesa que este país avance. A solidariedade ben entendida, no conxunto de España, consiste en trasladar dentro do Estado e no resto das Comunidades Autónomas o concepto de que hai un interese común. E o resto das Comunidades avanzadas vaise beneficiar do desenvolvemento do noso país, porque iso vai redundar na mellora da súa capacidade industrial, da súa capacidade de comercio, da súa capacidade de servicios.

Non temos intereses opostos cando defendémo--los intereses de Galicia. O que hai son persoas interesadas en que este país se beneficie, entre outras razóns, porque vai redundar na mellora dos seus intereses. Non se pode xogar á defensiva nesta materia, pensando que os adversarios non teñen os mesmos intereses ou non poden coincidir cos mesmos obxectivos que nós temos. Poñémo--la práctica de relación institucional na Comunidade Europea con Gobernos que representan Partidos distintos. Tanto a nivel internacional coma dentro de España pensamos que está claro cal é o balance da nosas actuacións.

Señor Presidente, eu finalizo a miña intervención. Creo que o proxecto de futuro de Galicia debe estar de acordo con estes tres principios. Débese asentar firmemente no traballo realizado actualmente, tratando de mellora--las condicións concretas en que vive a nosa sociedade. Pero tamén debe ser un proxecto cun horizonte ata o ano 93,

ou sexa, un proxecto de convivencia, de cultura democrática. Contra ese fatalismo, contra esa crónica negra deste país --que é de grandes oportunidades e grandes posibilidades--, debe ser un proxecto de prosperidade, porque este é un país puxante, que ten diante de si enormes posibilidades de crecemento. Actualmente existe confianza para que poida crecer, e existe decisión para que así o faga.

Debe ser un proxecto de xusticia; queremos un crecemento rápido, porque está demostrado que cando se crece rapidamente se reducen as inxusticias, pero queremos que sexa un proxecto de xusticia. Porque este proxecto autonómico ten que ser para tódolos galegos. Este é o noso compromiso.

Máis nada e moitas gracias.

O señor PRESIDENTE: Grupo Popular de Galicia.

Señor Vázquez Portomeñe, ten a palabra polo tempo de trinta minutos.

O señor VAZQUEZ PORTOMEÑE: Señor Presidente, Señorías e señor Presidente da Xunta, o certo é que hai un aspecto, quizais único, en todo o seu discurso, co que publicamente me vou mostrar de acordo. Refírome a aquel en que vostede, coa debida valentía e responsabilidade, desde a solemnidade desta Tribuna, fixo unha condena pública, obviamente, dos atentados terroristas que están incidindo nesta pacífica terra, de xeito insólito, pero con reiteración xa preocupante. Nesta condena sumámonos co mesmo acento, coa mesma intensidade e co mesmo vigor. Pero tamén dicimos pola nosa parte --e quizais nos entendan os que nos están vendo e escoitando-- que non bastan os verbalismos, non bastan as posturas puramente condenatorias dos políticos desde as tribunas públicas, desde os medios de comunicación ou en calquera outra circunstancia, senón que é

necesario engadi--lo exercicio da responsabilidade dos que detentan a autoridade e teñen polo tanto a obriga de preserva--la paz social deste país, a pacífica convivencia e a seguridade, en definitiva, de tódolos cidadáns, e tamén dos defensores da Orde Pública, que son as frecuentes vítimas.

A partir de aquí, señor Presidente, as nosas discrepancias son evidentemente notorias, e voulle dicir por que. Desde esta Tribuna, os catro representantes do Goberno --dos que vou falar agora moi sinteticamente-- pintáronnos un país que o meu Grupo e mais eu estabamos preguntándonos en que parte do mundo estaría ubicado. Nós non coñecémo--la Galicia que vostedes reflexaron desde esta Tribuna. E como os verbalismos non son suficientes para describir situacións reais, senón que é necesario referirse á crúa realidade, a esa intentarei referirme.

Señor Laxe, voume dedicar estritamente ó seu discurso por puro respecto institucional. Verdadeiramente, houbo tres discursos máis de Presidentes de Goberno: o do señor Mariñas, o do señor Barreiro e o do señor Sánchez Presedo. Foron uns firmes puntais ó seu lado --isto é evidente--, pero non tanto en función de completa--la súa intervención nesta Tribuna, senón que o afán de substituí--la análise política os levou a ese campo descoñecido, de ignorada ubicación concreta, dunha Galicia utópica, na que parece que nós, polo menos os Parlamentarios desta Cámara, non vivimos.

Quérolle dicir, señor Presidente, que as miñas discrepancias chegan ata supoñer que cando falou do eixo Berlín--Silleda se estaba referindo ó eixo Lalín--Silleda. Isto é de Galicia, está máis preto, e probablemente iso significa maior realismo na visión.

En segundo lugar, somos discrepantes cos seus modos, porque o señor Presidente da Xunta e mailos

seus colaboradores gobernamentais converteron esta Tribuna nunha especie de Tribuna mitinesca--electoreira, tal como nos teñen habituados xa nesa permanente campaña electoral das súas presencias públicas, abafantes, da venda do inexistente, etc.. Iso é así, ata o extremo, por exemplo, de que o señor Secretario de Organización do Partido Socialista en Galicia, un bo día, nun "lapsus" --que notoriamente recibiría a reprimenda supoño que súa e dos demais responsables do Partido--, chegou a dicirnos que vostedes utilizarían a Xunta de Galicia coma panca electoral permanente. Vostedes, de repente, cando se refiren ó Estado nesta Autonomía, dinnos que son capaces de obrar con obxectividade, pero logo falan dunha Xunta de Galicia --que eu pensei que era de tódolos galegos, dos que os votaron e dos que non os votaron, dos rivais e mais dos partidarios-- que ten como finalidade esencial a de ser utilizada como panca electoral, segundo a versión dun alto responsable.

Discrepo naturalmente co contido do seu discurso, señor Presidente, porque verdadeiramente nos falou aquí dunha sarta de realizacións terribles, todas elas magníficas; non houbo nin un triste fallo, nin un principio de autocritica, o recoñecemento naturalmente de erro. E imposible. Iso na súa actitude non se deu. Simple e sinxelamente nos veu predicar que este país era feliz e que pouco lle quedaba por facer, que xa estaba todo feito. Mesmo aquí, cando o señor Sánchez Presedo --o último interviniente en defensa do Goberno-- desde esta Tribuna nos falaba de Galicia, segundo entendín polas súas palabras, parecería que esas autovías polas que tanto clamamos, sen excepción --e das que falaremos, señor Sánchez Presedo--, mailos gasoductos e mailos trens de alta velocidade xa existen en Galicia, xa os hai.

E dicir, pintáño--lo país montándose e cabalgando sobre a súa propia imaxinación. Non podemos es-

tar de acordo.

Exactamente igual é cando vostede nos pinta un país baixo un clima específico, que é o clima da tranquilidade máis absoluta, ó parecer, que se respira nesta terra. Señor González Laxe, a min dáme a impresión de que cando predicou aquí non o fixo para os galegos que o estaban vendo na televisión ou escoitando pola radio ou lendo o periódico ó día seguinte do seu discurso. Porque se non fose así a Súa Señoría tería que recoñecer que, sen dúbida, o período deste Goberno foi o de maior conflictividade social que leva padecido Galicia desde hai infinidade de anos.

Eu non sei se vostede recorda SIDEGASA e as súas promesas, que por certo non reparou ou non cumpriu. ¿Recorda o "Cason" e a alarma que suscitaron aquelas mobilizacións de poboacións na Costa da Morte, que, por incuria ou incompetencia da Xunta de Galicia --e evidentemente das autoridades da Administración Central, todos descoordinados--, supuxo conflictividade social e total alarma? ¿Vostede recorda o paseo dos bidóns, o conflito de Alúmina--Aluminio, o de ASTANO ou o de Ferrol, en xeral; ou as folgas de funcionarios da Xunta de Galicia, iso de que tanto se presumiu aquí; ou as do profesorado? Aínda que tiñan motivos de reivindicacións horizontais, referidos a toda España, o certo é que parte da táboa reivindicativa, á hora de resolver, era da competencia de Galicia. Sen embargo, o seu Goberno pasou dun xeito olímpico, ata que finalmente non lle quedou máis remedio que entrar en diálogo cos sindicatos.

Vostede recorda as manifestacións estudiantís; ou, se non, fai memoria do 14 de decembro, como se este país fose unha balsa de aceite. Non virá dicirnos vostede que a folga do 14 de decembro era absolutamente allea a Galicia, que era exclusivamente de don Felipe González. Que eu saiba, este país viviu-na con absoluta intensidade e con

reivindicacións concretas dirixidas á Xunta de Galicia. ¡Como nos di que se goza dun clima de paz! Vostede esqueceu que, mesmo no día de onte, mentres pronunciaba aquí o seu discurso, nas portas deste Parlamento os traballadores de MAFRISA se manifestaban reivindicando os seus poucos centenaes postos de traballo. No medio deses 19.000 que dixo que creara, é cousa de que se pregunten onde están logo os nosos douscentos sesenta e tantos.

Mantemos discrepancias con vostede, señor Presidente, no método, porque durante unha hora, máis ou menos --da hora e media que estivo nesta Tribuna--, o certo é que se dedicou misturadamente a crítica--lo pasado, volvendo a cabeza torcidamente cara a atrás. Todo gobernante, máxime ó cabo de ano e medio de estar no Goberno, supoño que ten que mirar cara a adiante, sen autobombos ás accións desta Xunta de Galicia.

Cando vostede criticaba o Goberno pasado, dalgún xeito, estaba confesando a incapacidade desta Xunta. Apareceron no horizonte como redentores daquel Goberno que foi censurado --tamén falaremos, se é necesario, da moción de censura-- e resulta que o teñen que seguir tomando como sempiterna e inesquecible referencia para se xustificaren. Pero a referencia é verbalista estrictamente, esquecendo a realidade. Evidentemente, esa é unha pura e palmaria mostra de incapacidade. Se vostedes non eran capaces de corrixir todo aquilo que lles valía de referencia, se seguen con aquel síndrome --como algún Portavoz lles recordaba aquí--, ¿por que tomaron o Goberno? ¿Por que se atreveron a formular unha moción de censura?

Ademais de toda a referencia ó pasado, ¿que queren que lles diga? Alguén o citou aquí. Iso choca con homes daquel pasado, que tiveron altas responsabilidades: xustamente os dous segundos de a bordo de vostede. Señor Presidente, a min dábase-me a impresión de que cada vez que

miraba con acritude cara a aquela etapa --e fíxoo reiterativamente--, o certo é que parecía como que estivese descalificando o seu propio Goberno actual, que tivo esas relevantes presencias, aínda que a alguén lle guste, porque ó mellor ten unha certa vocación de sufrimento, pero ese é o seu tema. Na interpretación dos cidadáns normais, polo menos para os do meu Grupo, significa evidentemente unha postura incoherente e unha inxuria a esas persoas.

En último caso, quero sinalar esa referencia sempiterna ó pasado, de resucita--los debates da moción de censura, algo que aconteceu en setembro, hai preto de dous anos, ou ano e medio xustamente.

Estamos en discrepancia con vostede, señor Presidente, noutra cousa. Nunha acción, que non sei quen lla aconsellou, vostede deu á prensa o resume da súa intervención. Naturalmente, chegou ás miñas mans. Nel indicaba como dez aspectos de promesas feitas, que vostede afirma cumpridas. Trátase doutros tantos indicadores ou termómetros que, no seu criterio tamén, valen para medir--lo estado da Autonomía. Entón, aínda que eu quero ser constructivo --e evidentemente vouno ser na parte final da miña intervención--, aínda que tamén o vou chamar ó diálogo, dicíndolle que a pesar do escaso tempo que a esta Xunta de Galicia, presumiblemente, lle queda á fronte dos destinos deste país, a nós parécenos moito tempo para seguir perdéndoo en prexuicio de Galicia. Así e todo, en determinados temas institucionais, fundamentais e esenciais, contarán co noso esforzo, como reiterativamente llelo ofrecemos na Cámara, sen que nunca tomasen vostedes a toalla ou o guante. Polo tanto, non nos queda máis remedio que, destina--la primeira parte á crítica e á medida exacta de cal é a situación ou o estado desta Autonomía, conforme ás reflexións do propio Presidente da Xunta, distribuídas por escrito ós medios de comunicación.

Paso agora a outro punto. Vostede empeza dicindo que a credibilidade e a seriedade dun Goberno se mide especialmente polo grao de cumprimento dos compromisos contraídos; que desexaría que cando se xulgue a actuación do seu Goberno se faga con base nese criterio, na fidelidade das nosas accións, nas promesas feitas, etc.

Empeza vostede cos indicadores. Entre outros compromisos, sinalou, primeiro, o proceso de transferencias, como responsabilidade, etc. Señor Presidente, imos falar do proceso de transferencias, aínda que sexa sinteticamente.

Hai ano e medio que están á fronte dos destinos de Galicia. Non reuniron nin unha soa vez a Comisión Bilateral de Transferencias, a pesar de que xurdiron conflitos entre a Administración Central e a Administración Autonómica. O destino desta Comisión é, precisamente, anticiparse ós conflitos ou intentar solventalos sen necesidade de acudir ó Tribunal Constitucional.

Segunda cuestión: en ano e medio tan só nunha ocasión reuniu a Comisión Mixta de Transferencias, para recoller un saldo: a Gran Area de Expansión Industrial de Galicia. Foi xusto cando estaba a punto de extinguirse e ser substituída pola Zona de Promoción Económica, que tal foi declarada Galicia, de xeito inmediato. Polo tanto, desapareceu do horizonte, inmediatamente, este organismo político--financeiro que se chamaba a Gran Area de Expansión Industrial de Galicia. Esta foi a transferencia para a que reuniu vostede a Comisión Mixta de Transferencias, igual ca para obter 42 millóns de pesetas, como parte da execución da Lei 5/87, sobre transportes. Iso é algo que tamén significa unha cantidade absolutamente ridícula, que en nada altera o estado das transferencias ou a bagaxe competencial deste país. Pero reuniuna. O señor Presidente reuniuse na casa para obter--lo INSALUD. A pesar das promesas feitas reiterativamente desde a Tribuna do Parla-

mento —non só por vostede, especificamente polo señor Conselleiro de Sanidade, e non desde a Tribuna, señor Conselleiro—, logo saíu vostede á rúa dun xeito reiterado e levou como facho e bandeira que o 1º de xaneiro de 1989 sería a data límite. Pero non se enteiraron vostedes de que tiñan que reunir previamente a Comisión Técnica correspondente e solicita—las reunións. Fixérono no mes de setembro ou outubro do ano pasado, e obtíverona o 28 de novembro, un mes antes da transferencia prometida, que logo, naturalmente, non se produciu. Iso si que era necesario, porque a situación de Vigo, señor Conselleiro, como vostede coñece como veciño de alí, e maila de Santiago son a antítese do que nos leva pintado o señor Sánchez Presedo nesta Tribuna. ¡Absolutamente! Estas dúas áreas son terceiro mundistas en canto á sanidade.

Entón, evidentemente, as competencias actuais da Xunta de Galicia son insuficientes para axeitalas ou reestructuralas, ou poñelas a niveis minimamente da esixencia social. En consecuencia, señor Conselleiro, ¡claro que necesitaba as competencias do INSALUD! ¡Claro que necesitaba ese instrumento! Pero necesitábase tamén valentía, coherencia e afán de cumprimento das promesas, cuestión que parece que é algo lonxano a todos vostedes.

Fala vostede, como segundo indicador, de confrontación sistemática coa Administración Central, co grave risco de paralizar moitas das iniciativas do Goberno Galego. Evidentemente, aquí teño que recoñecer que cumpriron. Vostedes, coa Administración Central, deixaron de ter conflitos, porque son uns perfectos sumisos ou uns perfectos obedientes, sen perxuicio de cales sexan os intereses de Galicia que están en xogo. Pero a Administración Central non se porta con vostedes así. Por exemplo: a Lei de Presupostos de 1988 foi impugnada ante o Tribunal Constitucional; a Lei de Comercio Interior de Galicia —da que tamén presumiron, señor Conse-

lleiro de Industria— foi impugnada ante o Tribunal Constitucional, e alí pende dun recurso específico. Vostedes tamén interpuxeron recursos, un deles forzado polo Grupo Popular contra a Lei de Costas. Cando promovemos unha Sesión específica do Parlamento, antes da celebración da Sesión —entre a Xunta de Portavoces, a fixación da Orde do Día e a celebración da Sesión—, vostedes adoptaron o acordo do Consello da Xunta e dixeron: "Recorrémo—la Lei de Costas". Era aquela que vostede votara, señor Presidente, como Senador en Madrid e que impugnou aquí, como Presidente da Xunta. Vexa vostede o nivel de cumprimento deste indicador.

Noutro terceiro apartado fálabase da necesidade de chegar a unha coordinación das Deputacións Provinciais, imprescindible para asegurar—la funcionalidade e maila eficacia da nosa Autonomía. Vostedes presumiron diante desta Tribuna da existencia dunha lei que é un mero proxecto en tramitación. ¡Imos ver se se enteiran os señores intervinientes!

En segundo lugar, é un proxecto absolutamente pésimo no plano técnico e, ademais, invirtual para provocar esta coordinación das Deputacións, criticado polo seu propio Grupo, señor Presidente, non só polo noso. Foi paralizado durante moito tempo, e agora volven dinamizalo. Significa que vostedes, simplemente, non queren coordinar. Cando se aprobe o Proxecto de Lei de Coordinación das Deputacións, as eleccións estarán no horizonte inmediato e será imposible a aplicación da lei por mor dos Presupostos, xa que o aspecto económico é o principal que hai que coordinar. Pero naturalmente xa están aprobados e en execución os créditos contraídos. Polo tanto, a súa actividade é algo absolutamente superflua. E dígolle algo aínda peor: tanto non queren coordinar que, sinceramente, cando Presidentes de Deputacións se dirixiron a vostede, mesmo por escrito, ofrecéndolle a súa disposición á coordinación vo-

luntaria, a suma de esforzos para rentabiliza--los recursos económicos, atopáronse coa terrible sorpresa de respostas puramente verbalistas, pero que non levaban nada detrás de si. Mesmo hai unha frase que eu lle vou ler, sen dicir naturalmente o destinatario. Máis ou menos vostede, señor Presidente quizais o imaxine. Alí dise que cando concluíu unha desas cartas "deu unha instrucción para levar a cabo tódolos esforzos para acadar--lo devandito espírito de coordinación". ¿E a quen lle daría as ordes, señor Presidente? Porque se o fixo a algún dos seus Conselleiros --especificamente ó de Ordenación do Territorio, que é o que ten maiores competencias concorrentes coas das Deputacións--, esas ordes non se cumpriron; probablemente esqueceu dalas.

Hai un cuarto aspecto. Fálase da "necesidade de poñer en marcha unha Lei da Función Pública". Pois, evidentemente, ignoran vostedes que se basearon nun proxecto noso --é dicir, do Grupo Popular--, que foi alterado como lles prougo e que ó final, señor Conselleiro da Presidencia, non tivo esa aplicación da que vostede presumiu nesta Tribuna. Como insistiron tanto sobre a Lei da Función Pública, non me queda máis remedio que en tres ou catro pinceladas referirme a ela, para os efectos de situa--lo famoso indicador.

Foi aprobada en maio de 1988, hai case un ano. Dáballe 6 meses para formaliza--la relación de persoal, que está sen facer. Non se desenvolveu o rexistro de persoal; tampouco desenvolveu, a nivel regulamentario, nin o ingreso, nin a promoción, nin a provisión de postos. Non se lle presta atención ó ingreso dos interinos e contratados como funcionarios de carreira. Politizouse a Administración --ó noso criterio-- e inventaron vostedes o que lle podíamos chama--la política de lecer: multitude de funcionarios nos corredores ou sen actividade concreta. Parece ser que non son de fiar; e non son de fiar porque, ó

parecer, non militan nos grupos políticos que sosteñen o Goberno.

Outro punto: "O desenvolvemento dunha auténtica política económica co fomento do emprego, a modernización de estruturas productivas e a loita contra os desequilibrios territoriais". Eu escoitei desde esta Tribuna unha cantidade de cifras tan dicotómicas ou contradictorias que repetilas é case imposible. Direille, señor Sánchez Presedo, que a pesar dos seus esforzos puramente voluntaristas a triste realidade é que Galicia foi a Comunidade Autónoma na que máis creceu o paro en cifras absolutas no cuarto trimestre de 1988. E se non é así, díganllo vostedes ó Instituto de Estadística, que é quen está esgrimindo esas cifras. Xustamente, hai 7.500 novos parados. Fronte a iso, vostedes apareceron cunha habilitadosa nova: poucos días antes deste debate dixéronnos que en febreiro o emprego descendera en 3.000 parados aproximadamente. Non nos din nada do mes de xaneiro. Evidentemente, sería un descenso que ocupa a metade daquel crecemento --aínda non-- de 7.500.

Fálannos vostedes de que están remediando desequilibrios territoriais. Eu preguntolle, señor Presidente da Xunta: ¿como é posible iso? Toda a Galicia interior, cada vez que vostedes formulan presupostos ou programas de investimentos, é algo así como un clamor de protestas, reivindicando as atencións que vostedes non prestan. O parecer, vostedes abranguen mediante a desviación de fondos, estritamente, cara a outras áreas e outras direccións.

Fala vostede doutro indicador, concretamente: "especial atención ás políticas agrarias e pesqueiras". Refírense a el coma ó gran estandarte da concentración parcelaria. E evidente que o señor Conselleiro de Agricultura estará de acordo coas palabras do señor Presidente. Dictaríallas el. Pero probablemente, se reflexiona, tamén estará de acordo coas miñas. Voste-

des fan a concentración parcelaria sobre os papeis, estrictamente, dictando unha terrible cantidade de decretos que enchen páxinas enteiras do Diario Oficial de Galicia. Pero non entregou nin un triste título desde que vostede está de Conselleiro; non cristalizou, nin se consumou, ningunha das decretadas por vostede.

En segundo lugar, levantan como grande a bandeira do saneamento e falan de centenaes e miles de reses. Pois é certo que vostedes, efectivamente, tomaron incidencia nesta concreta actividade a que me estou referindo; e tamén é certo que, notoriamente, o fixeron vostedes por vieiros de absoluta falta de control, ata o punto de que neste momento non se pode dicir se realmente son centenaes de miles as reses saneadas ou son unicamente unhas cantas. ¿Sabe por que, señor Conselleiro? Díxoo vostede mesmo: aquelas reses "saneadas", que terían que sacrificarse, retornaron ás súas cabanas de orixe, non foron sacrificadas. En consecuencia, non as computen como saneadas, ou, en todo caso, compúteas vostede como elemento de contaminación. Entón, ¡que nos falan de centos de miles!

(Hilaridade).

Di vostede que quere rematar coa discriminación e as situacións socialmente inxustas nas zonas de montaña --é outro indicador--, e refírese vostede naturalmente á agricultura de montaña. O caso é que, en absoluto, nada se aplicou, señor Presidente.

Recordará que no seu discurso da moción de censura, efectivamente, destinaba a este aspecto unha específica atención. Díxonos vostede que ía facer esforzos concretos, que se ían constituír inmediatamente os comités de coordinación de zona. Nin un só se constituíu, polo cal Galicia perdeu centenaes de millóns de pesetas por este capítulo concreto. Eran centenaes de millóns en favor da montaña, é dicir, das situacións máis empobrecidas en

canto á produción agraria e, en consecuencia, das máis necesitadas porque están articuladas desta forma e con ese destino, precisamente para redimir ese tipo de situacións. Entón, é unha circunstancia verdadeiramente recriminable e, ó meu criterio, dobremente recriminable.

Dixo vostede, como último indicativo que lle vou citar, que ía promover--la mellora no eido educativo, reconfigurar e estende--la Universidade, para os efectos dunha maior inscrición de alumnos. Efectivamente, señor Conselleiro, fixo vostede un proxecto de Lei que ten o aspecto positivo de crear dúas Universidades. E isto pode se--la aplicación do programa de Coalición Galega, pero non é a aplicación do programa do Partido Socialista. Vostedes falaban dunha única Universidade e da súa expansión territorial ou descentralización, pero de ningunha forma da creación de dúas novas Universidades. Iso era exactamente o que dicía o noso programa e por iso os teño que felicitar, porque, por fin, nunha ocasión asumiron algo que realmente significa un avance positivo. Isto non teño a menor dificultade en recoñecérllelo.

Tamén falaban vostedes da potenciación de infraestructuras; entón si que non o entendín nin a vostede, señor Conselleiro de Ordenación do Territorio, nin ós demais defensores ou paladíns do Goberno desde esta Tribuna. Constantemente no Parlamento Galego vostedes erixiron un verdadeiro muro perseverante contra ás reivindicacións formuladas pola oposición, no senso da construción de autovías de unión coa Meseta e, a través da Meseta española, coa Europa comunitaria. Constantemente levantaron vostedes a súa bandeira de oposición contra as reivindicacións fronte á Administración Central, de reforma dese Plan de Estradas; constantemente levantaron vostedes a súa oposición contra a instalación en Galicia dos trens de alta velocidade.

Veñen agora dicirmos --e mesmo presumir-- que evidentemente as súas solucións son as idóneas, as adecuadas, e falarnos de certa anticipación. Vostedes militaron na máis absoluta contradicción, primeiro, polo que acabo de dicir e, segundo, porque o señor Conselleiro nos falou das prioridades da transcantábrica. Parece que iso foi apoiado polo señor Presidente; e acto seguido vostede cambiou, en tanto o señor Presidente seguía falando da mesma. Ultimamente tamén o señor Presidente cambiou. O meu criterio, o ano 1990 --do que nos están falando como inicio das obras-- baixo ningún concepto nin pretexto verá ese tal inicio, e voules dicir por que. Non depende de vostedes: depende xustamente do señor Cosculluela, que hai escasos días nos manifestou, publicamente, na prensa, que para a terminación do Plan Xeral de Estradas entrará en vigor un programa ponte, que comprenderá o ano 92 e o ano 93. Entón, ¿saben cal será a finalización de toda autovía de acercamento a Galicia? Ponferrada, que aínda non é Galicia. Tal vez O Bierzo puidese ser --la quinta provincia, como pretende algún Deputado desta Cámara, pero do momento non o é.

En consecuencia, ¿como nos falan vostedes de que Galicia vai estar unida coa Meseta e con Europa, se iso é absolutamente imposible? Contradíxoos a vostedes quen manda e quen decide, que é o señor Cosculluela.

Señores, ¿por que non utilizaron vostedes iso que lles dixen tan reiterativamente, que era o diálogo? ¿Por que non o fixeron, nun momento en que esta Galicia estaba máis ca nunca disposta a manter ese diálogo? Os nosos cidadáns estaban absolutamente sensibilizados con dúas circunstancias esoxénas, pero que, dalgunha forma, eles intuían que viñan supoñer: ou ben o inicio do progreso real, ou ben o estancamento difícil de reandar. Iso é así, porque vostedes non se fixaron decidida e definitivamente nos indicadores reais deste país, que

aquí mentaron, e desde logo non producen esa Galicia de rosas da que nos fala o señor Presidente da Xunta.

Eu pódolles dicir que estamos nun 27% por debaixo da media nacional en niveis de renda; que ese 5,1% de crecemento do que nos falou o señor Presidente, do produto interior bruto en Galicia --homologable e mesmo superior no 0,1 ó resto de España--, é algo absolutamente voluntarista pola súa parte. Non están aínda codificados tódolos índices para producir ese resultado; nin o Instituto de Estadística lanzou tal resultado, nin con esta escasísima distancia se pode falar así do ano 1988. Pero aínda que así fose, a min seríame absolutamente igual. O certo é que se medramos ó mesmo nivel ou na mesma proporción có resto de España e de Europa, pois o certo é que seguiremos indo á cola concretamente desa España e desa Europa.

A solución estaba na creación das infraestructuras; a solución estaba na dinamización dos nosos sectores productivos.

Evidentemente, non me vai da--lo tempo para lle expoñer todo canto eu debería expoñer nesta Tribuna. Quérolles recordar que vostedes falaron aproximadamente como catro horas; eu falo só unha media hora escasa, para dicilo todo, en circunstancias moi especiais que non vén a conto recordar, que son puramente persoais.

Quérolles si dicir que, con estas circunstancias e precedentes, puideron vostedes emprende--lo diálogo; si que nos atoparían dispostos, si que poderíamos fabricar un proxecto conxunto, en temas absolutamente institucionais, porque esta terra así o necesita. Iso si que se precisa, señor Conselleiro de Ordenación do Territorio, e non só afirmacións puramente verbalistas.

Diríalles para rematar que levan vostedes á fronte da Xunta ano e medio; os indicadores económicos

non veñen supoñer ningún aval da súa xestión. Mesmo, a niveis de eficacia, tampouco nos poden falar vostedes de que tivesen un grao suficientemente aceptable. ¿Que vostedes fixeron cousas durante este ano e medio? ¡Evidentemente! Tódolos Gobernos as fan. Ata dispuxeron dun maior Presuposto --isto tamén é notorio--, pola propia dinámica de crecemento dos Presupostos e polo endebedamento en que meteron a Galicia. Pero isto non quere dicir máis nada; vostedes tiñan máis diñeiro para gastar, pero non souberon gastalo e, sobre todo, non souberon elixir--los obxectivos.

Direilles, señores do Goberno, que, por exemplo, cando hai poucos días o señor Conselleiro de Economía e Facenda comparecía ante a correspondente Comisión, a fin de dar conta do nivel de execución dos Presupostos, referíndoo ó 31 de decembro de 1988, e nos falaba dun 60%, creo recordar, en obrigas recoñecidas e liquidadas do capítulo VI, señor Conselleiro, que é onde se ve verdadeiramente...

O señor PRESIDENTE: Señor Portomeñe, rógolle que vaia rematando.

O señor VAZQUEZ PORTOMEÑE: Intentareino, señor Presidente.

Cando vostede nos falaba dun 60% de nivel de execución, no capítulo VI, en canto a obrigas recoñecidas e liquidadas --que é xustamente o que dá a medida da capacidade de eficacia dun Goberno--, e nos falou, mesmo, de que foi contrastar esta cifra ou porcentaxe con outras Comunidades Autónomas, para verificar que Galicia marchaba ben, pois eu podíalle aconsellar que mirase o nivel de 1986. Alí, o nivel de execución, na mesma data de 31 de decembro e no capítulo VI, era do 63% e fracción, ou sexa, tres puntos e pico por cen máis.

Dígolles ó señor Conselleiro e a vostede, señor Presidente da Xunta, para efectos de cambia--lo seu

talante, que nós non estabamos satisfeitos daquela situación. Non estabamos satisfeitos daquel nivel de execución, que era superior ó de vostedes. Pensabamos que había que melloralo e estabamos intentándo. E vostedes, ó longo de tres anos, véñennos predicando triunfalista--mente que tres puntos porcentuais menos é o gran síntoma, baremo ou termómetro dos seus niveis de eficacia.

Evidentemente, señor Presidente da Xunta, formularemos propostas de resolución. Como vostede nos falou das autovías, con esa seguridade de cumprimento sobre o inicio das mesmas para 1990, unha das propostas de resolución irá nesa dirección.

Nós non nos conformamos con esa data de 1990, pero unha das nosas propostas será a creación dunha Comisión parlamentaria de seguimento e verificación do cumprimento das súas promesas. Implica o coñecemento de onde están as consignacións presupostarias anteriores a 1990 para comenzo das obras e de onde están, señor Presidente, os proxectos ou estudos, cal é o trazado ou itinerario,...

O señor PRESIDENTE: Señor Portomeñe, esgotou o tempo de que dispoñía. Rógolle que remate.

O señor VAZQUEZ PORTOMEÑE: Moitas grazas, señor Presidente, agora mesmo remato.

Señor Presidente da Xunta, se vostede está seguro do cumprimento desa promesa --que creo que a fixo aquí para saír do paso--, naturalmente non terá a menor dificultade en aceptar--la constitución desa Comisión. Iso espero.

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA (González Laxe): Señor Presidente,

Señorías, de novo subo a esta Tribuna para explica--la posición do Goberno, para explica--lo contido das nosas accións e tamén para poñer de manifesto cales son as nosas opinións, como Goberno, da situación de Galicia.

Comenzarei polo representante de Coalición Galega. É certo que pode existir unha certa confusión entre o estado do Goberno e o estado do país, da nación. É unha discusión filosófica. Polo tanto, pulsa--la saúde dun país non só terá que referirse a como viven tódolos cidadáns, a como postulan as súas propias iniciativas, a cales son as características ou cales son as súas perspectivas de futuro, se son afagadoras ou son pesimistas. Pero un país está composto e constituído por cidadáns, por axentes organizados e por institucións. Non se debe só facer unha referencia a como un fato ou unha morea de persoas están contentas, satisfeitas ou aínda incomprendidas, sen tampouco mira--lo conxunto da propia sociedade, e como funciona un Goberno.

Estimo positiva a valoración que a Súa Señoría fai deste traballo, ata agora provisorio, por estes dezaioito meses de xestión. Non só xeramos iso que vostede dicía, de Goberno estabilizado, un Goberno máis eficaz na xestión administrativa, con maior capacidade presupostaria --asentada ás veces na débeda--; é un Goberno ilusionante pola súa modernidade e, sobre todo, pola nova estética, como correctora dunha vía vella.

Manifestaba vostede que hai que voar con tino. Evidentemente: nin a ras nin tampouco con esas ultravelocidades que desenvolven os grandes avións; non os que están en proxecto, non os de agora, senón os que están xa con tres "matches" de velocidade. Dicimos que hai que voar poñendo os pés na terra e dándolle á sociedade galega unha cantidade de oportunidades de poder avanzar.

Señor Barreiro, hai algo que

vostede mencionou como de materia pendente. Eu coido que é necesario, previamente --nas materias pendentes da sociedade e do Goberno--, facer unhas reflexións de como é Galicia, e engarzo un pouco co que dicía o Portavoz do Grupo Popular.

Falamos dunha Galicia que queremos, dunha Galicia que está como está e dunha Galicia que ten unha serie de características. A ninguén se lle esquece que hai minifundismo en Galicia, que hai unha excesiva parcelación, unha sociedade fortemente distribuída, unha sociedade onde coexisten pequenas e medianas empresas e unha excesiva atomización, dificultades orográficas e distorsións estruturais. E se collémo--los indicadores que o señor Portomeñe seguro que ten á man, coma o último informe da Confederación Española de Caixas de Aforros --publicado a semana pasada--, se mirámo--los indicadores de Galicia, vemos que non sómo--la primeira Comunidade de España, nin a segunda, nin a terceira, nin a cuarta, nin a quinta. Pero iso non é de hoxe; vén de séculos atrás.

Temos unha sociedade que é como a definimos todos. Entón, ¿que necesita un Goberno? Formularse dúas grandes vías, ou polo menos debater sobre dúas grandes vías, que son as que hoxe están planeando nesta Cámara. A primeira, ¿que escollemos? ¿Escollemos esa aposta polas infraestructuras ou por unha modernización do país? Dá a impresión de que ás veces as Súas Señorías tentan poñer esas dúas cousas unha fronte á outra. Galicia orograficamente ten unhas dificultades, por estar atomizada ten outras dificultades e por estar excesivamente parcelada ten outras. Dá a impresión de que abrindo grandes camiños, estradas, autovías, camiños de ferro, portos, aeroportos, por esa vía de comunicación cos novos horizontes e cos novos espacios socio--económicos, xa temos resolto o país.

Pola contra, hai manifestacións doutras persoas que din: "Primeiro, unha vez superada a crise económi-

ca, temos que poñer firme o noso sector económico, as nosas actividades, modernizalas, para seren competitivas nese gran espacio europeo, nese gran espacio mundial".

Esta dúbida é grande; significa que moitos autores, moitos políticos --sobre todo os políticos--, hai poucos anos, tentaban debuxar ese mundo das perspectivas, que logo lle chamaban "prospectivas". Aí estaban ese informe Río, ese informe Bran, ese informe Interfuturos; e esas prospeccións ós anos 2014, 2060, etc. Eu non quero chegar a ese do ano 2000; quero chegar ó ano 1993, pero xa. Quero chegar ó ano 1993, porque é a culminación dun eixo vertebrador, pois non vou escoller unicamente e de forma illada a vía das comunicacións coa Meseta, co norte de Portugal, co Cantábri-co, con Europa, en definitiva; nin tampouco vou escoller, illadamente, a modernización dun país a través de fortes subvencións, incentivos e un clima propicio para o seu desenvolvemento. Fronte a estas dúas grandes vías, haberá outros que digan: "Non; a solución vén do que significa o progreso técnico, da innovación tecnolóxica, e polo tanto por aí hai que apostar".

Coido, Señorías, que o que o meu Goberno quixo facer, foi unha combinación das tres grandes hipóteses, das tres grandes solucións que Galicia requiría neste intre: avanzar nas infraestruturas, avanzar na modernización e avanzar no progreso técnico e na innovación tecnolóxica. Son liñas conductoras. Quizais haxa moitas dúbidas nesta Cámara acerca de se é acertado ou non este tipo de modelo de industrialización, pero polo menos eu non coido que sexa necesario fortalecer determinados núcleos do territorio galego de forma especializada, senón buscar unha vertebración global de todo o país.

Tamén é certo, polo tanto, que a economía galega está mellor ca antes; é certo que o paro no ano 88 diminuíu, señor Portomeñe, e non me colla só o último indicador, do

cuarto trimestre, porque é moi fácil. Se quere sacamos contas, empezamos a mirar ano a ano, e mes a mes. E dicir, hai un mes que pode subir, outro que pode baixar, pero busquemos e atoparémo--la tendencia. Sabe vostede que hai un paro fraccional, sabe vostede que hai un paro estacional. Polo tanto, depende dos meses nos que se mide e dos meses nos que se estime; depende de que colla unha ou outra estadística para chegar á solución final. Hoxe hai menos paro, incrementa a taxa de actividade e redúcese a taxa de paro.

Preguntaráseme se con iso vou estar satisfeito. Dígolle, de verdade, que non, porque coido que tódalas Súas Señorías, tódolos políticos con responsabilidade pública, tentarán acadar ese nivel de paro igual a cero. Esa quizais sexa unha ilusión --ás veces ata óptica-- á que tentamos chegar e acadar para o logro dese obxectivo. Pero, ben, aí haberá que traballar a través de fortes tendencias estabilizadoras. É importante a estabilización no senso de seguir xerando emprego, diminuindo paro. Convén tamén dicir que un problema importante en Galicia é que a taxa de natalidade descende e pronto poderá crear problemas no futuro; pero iso non vén a conto no día de hoxe, neste debate.

O crecemento do investimento extranxeiro, si, medrou bastante, pero significa pouco. Pois entón haberá que busca--la fórmula de como Galicia no exterior presenta unha tarxeta de identificación propicia para atraer--los capitais extranxeiros. Pero se falamos deses capitais extranxeiros non vaia se--lo demo que logo, nesta Cámara, nos digan que estamos dependendo dunha economía de fóra. Polo tanto, haberá que buscar e asociar capital extranxeiro con capital galego, para que se constituán nunha urdime importante dunha estrutura económica que sexa sólida e que non estea alterada por fortes oscilacións internacionais.

A inflación medrou máis en Ga-

licia ca en España no último ano. E certo; as Súas Señorías, os economistas e o mundo da empresa saben que os produtos alimenticios están máis primados na constitución do IPC galego ca na constitución do componente español. Polo tanto, se hai un mellor peso agrícola, aparecerán máis primados, e, como parece ser, foron estes os que máis subiron no ano 1988, razón pola cal tamén de aí haberá algo negativo para Galicia.

No plano económico, diríalles que podemos melloralo. Se imos camiñando por esa nova fronteira da que falaba onte, podemos mesmo avanzar moitísimo máis en resolver--los nosos problemas. Queda moito por adiante, aínda que xa avanzamos moito, pero o obxectivo deste traballo ou destas grandes liñas de infraestrutura, de modernización da nosa economía e de progreso técnico teñen que conxugarse nun único obxectivo, que é a vertebración interna de Galicia. Aí, señor Portomeñe, nunha desas alusións que vostede facía, os desequilibrios territoriais si que se están corrixindo, aínda que é moito máis difícil do que vostede pensa. Moito máis difícil, porque se hai unha excesiva atomización da nosa poboación, que está espallada, e se temos pequenas e medianas empresas, dificilmente se pode corrixir un desequilibrio territorial se o medimos en investimentos puros. Haberá que buscar cal é a irradiación de cada unha desas empresas que está actuando sobre o conxunto dunha provincia ou dunha bisbarra. Pero dígolle tamén que esa corrección dos desequilibrios territoriais se está manifestando de forma obxectiva, é dicir, corrixindo se non vexan como os incrementos porcentuais máis importantes dos Presupostos van dirixidos a esas dúas provincias que, en principio --e digámolo en datos-- están por debaixo da media de Galicia.

Agradézolle tamén, señor Portomeñe, ese ton preelectoral que utilizou, polo mesmo que eu o empreguei. Se nos poñemos no mesmo ra-

seiro, tal vez vostede foi electoralista, pois, ó mellor, eu tamén o quixen ser. Pero o verbalismo tampouco é suficiente para arranxar tódolos problemas.

Ninguén quere substituí--lo papel do Presidente, senón que vostede amosou, unha vez máis, como tres Partidos políticos, conxugados nun programa común, están demostrando a fortaleza dun Goberno e como, ó mesmo tempo, cos seus enfoques ás veces diferentes, están xunguidos nunha única acción. Iso é positivo para un país tan atomizado, mesmo ás veces dentro dos propios Partidos políticos. Se hai tantos Partidos políticos en Galicia --o cal non é malo--, con esa atomización que se manifesta neles, figúrense vostedes como os tres son capaces de estar xunguidos nun proxecto común.

En segundo lugar, respecto de se témo--lo síndrome da moción de censura, dígolle que non. Non temos ese síndrome, senón unha ilusión redobrada, señor Portomeñe, moitísimo máis da que vostede supón que eu teño gardada no meu maxín. ¡Moi-tísimo máis!

No clima de tranquilidade en Galicia, de pacificación social, aí eu retrúcolle, porque vostede ten mal os datos. Houbo menos conflictividade social; e a que houbo --que existiu--, como tal foi resolta, positivamente, na maior parte dos casos. Non lle quero sinalar hoxe --sería moi fácil-- o que pasa cos funcionarios en Castela--León; non é ese o meu estilo. O importante é poder dicir que, a pesar das folgas de funcionarios no seu día, hoxe en Galicia a Administración Autónoma está funcionando; e non hai funcionarios para o lecer, senón que o son para o traballo da nosa Comunidade, da nosa sociedade, do noso pobo galego.

¿Que existiu conflictividade? ¿Imos estar toda a Lexislatura falando de SIDEGASA, do "Cason"? ¿Por que non segue? Fale de ASTANO, de Bazán, porque algúns están resol-

tos. No caso de SIDEGASA e de MAFRIESA, se quere, tamén podemos falar.

Coido que toda a sociedade galega, vostede mesmo e mailo seu Grupo estarán de acordo en que un Goberno non debe investi--lo 100% para socorrer unha empresa que está en crise. Non debe facelo. En todo caso, axudar a algún empresario a atopar vieiros para que, sexa con cooperativas, ben mediante economía social ou a través de persoas con dispoñibilidade, poida asumir a xestión dunha empresa; a partir de aí, o Goberno Galego pode axudarlle a dar--los primeiros pasos de arrinque, e polo tanto de fortalecemento dun propio sector, dunha propia actividade. A min tamén me doe que cada día un obreiro quede fóra dos cadros de persoal dunha empresa; que cada día unha persoa en Galicia non sexa capaz --por certas razóns de coñecemento, de formación ou de empuxe-- de xerar unha nova cooperativa. As dúas cousas pórñenme tamén en disposición de amargura: tanto a perda de postos de persoas que poidan quedar despedidas ou recicladas, coma a daquelas que ó mellor non teñen esa capacidade para crear unha cooperativa. Tentaremos axudarlles ás dúas; estámolo facendo.

Pero no caso de MAFRIESA, dígo--lle de verdade que o Goberno Galego non debe poñer tódolos cartos para sacar unha empresa e converterse nunha empresa pública. Creo que iso queda aclarado.

En torno á coordinación das Deputacións, digo que se está debatendo un proxecto de lei. Vostedes anuncian que non lles gusta. A Comisión la está traballando nese tema. Fun eu quen lle contestou --xa o dixo vostede implícitamente-- á única proposta dun Presidente da Deputación Provincial, o da Excelentísima Deputación Provincial de Pontevedra. Demo--las ordes para que a coordinación poida existir antes da entrada en vigor da propia Lei de Coordinación. Sería bo para Galicia que estivesen coordinadas,

sería bo para Galicia que non houbera solapamentos, que non houbera disfuncións, sería bo que, no conxunto da sociedade, as liñas problemáticas que un Goberno marca en tódolos eidos sectoriais puidesen ter a partir de aí --da coordinación institucional-- as axudas, os apoios e unhas liñas marcadas. De non ser así, señor Portomeñe, verifímonos na seguinte situación, moi kafkiana: por exemplo, que nunha bisbarra de Galicia se promocióne o cultivo do espárrago e noutra estea prohibido e se promocióne a espina--ca. Evidentemente, se as dúas políticas agrarias están en contradición, non hai senso para que exista unha disfunción, cando todos estamos coa idea e o compromiso de construír un país.

Na política agraria e pesqueira, señor Portomeñe, vostede tenme que recoñecer que aí se avanzou moitísimo. Non o digo só polos temas que vostede tocou, da concentración parcelaria ou do saneamento gandeiro, porque neles, evidentemente, centrámola nosa atención, pero non esquecemos outros importantes, como o da agricultura de montaña. Ben é certo que eu dixen no discurso de goberno --marcando os obxectivos do meu Executivo-- que a agricultura de montaña había que dotala de novos mecanismos e de novos elementos. Neses mecanismos e novos elementos está a nosa acción.

Pregúntelles vostede ós agricultores de Cenlle, da Gudiña, da montaña ourensá ou lucense. Aí terán os elementos, os instrumentos e a panoplia de medidas que están sendo acollidas de gran agrado, e, sobre todo, eles ven por primeira vez a xusticia que se lles fai. Os propios agricultores e tamén gandeiros están protexidos, a través de tódalas indemnizacións, no sacrificio de reses, ou por tódolos estímulos para a súa plasmación en niveis de competitividade moitísimo maiores.

No saneamento gandeiro foi o Conselleiro de Agricultura quen demostrou que había un fraude e quen

o atallou desde a propia Conselleira. Polo tanto, non se tapou nada, porque existe transparencia en todo o tipo de actuacións que facemos neste eido.

No campo educativo, señor Portomeñe, si que se fixo bastante, como vostede recoñeceu; tanto no eido de medias, de EXB, Preescolar, Formación Especial e na extensión da Universidade. Vostede propuxo a LOUGA, pero o seu Grupo tampouco preconizaba a creación de dúas Universidades, senón que o que defendía era unha única Universidade con campus descentralizados. Todo iso ía en contra da autonomía universitaria, defendida na LRU. Polo tanto, se o Partido Socialista cambiou de opinión, xerando un mellor clima, foi pola unión dun Goberno. ¡Oxalá o fagan tamén vostedes na defensa desa Lei da Universidade!

Non quero entrar, señor Portomeñe, na execución dos Presupostos do 86, 87 e 88. Furto neste intre esa proclividade de facer unhas comparacións exhaustivas dos anos 86 e 87. Doulle ó 87 a parte que me corresponde como acervo dunha xestión anterior, e con ese criterio tamén collería parte do ano 89, que resta por executar. Non quero facelo. Quero dicirlle, señor Portomeñe, que o Goberno Galego si defende con firmeza tódalas súas actuacións. Se vostede falaba de que tiñamos recursos formulados por parte do Goberno Central —como o Presupuesto da Comunidade Autónoma e a ordenación do comercio interior—, eu dígolle que o meu Goberno, o Goberno de Galicia, tamén ten outros dous recursos referentes ás telecomunicacións e á Lei de Costas. Polo tanto, Señoría, vostede comprenderá que non abdicamos en absoluto do que significa unha política de defensa das nosas competencias.

Quédame dicirlle, señor Portomeñe, que non somos perfectos sumisos e obedientes. Con esta pequena e sinxela aclaración eu espero que vostede quedará completamente convencido de que as nosas actuacións van por outro camiño do que vostede

se imaxinaba.

Quedan dous temas importantes: primeiro, o da Comisión Mixta de Transferencias; e segundo, se se xulgan eficaces os compromisos expostos. Tanto o señor Barreiro coma vostede, señor Portomeñe, dicían que hai un desenvolvemento institucional, que non debemos mirar só para atrás, senón manifestar tamén unha tendencia cara a adiante. Evidentemente, un non pode colle--las transferencias se ó seu xuicio non están correctas, se non están valoradas. Eu teño un compromiso, exposto hai 18 meses ou menos, de culmina--lo proceso de transferencias. Cumprireino, e tamén a Comisión de Transferencias, na parte galega. Vostede, señor Portomeñe, saberá que antes non participaban na Comisión o resto dos Grupos, aínda que fosen da oposición. Agora a nova liña e a nova conducta deste Goberno permítelles participar, porque é importante e resulta moitas veces proveitoso. De aquí que ese proceso de transferencias culminará con esta Lexislatura.

O último: xulga--la eficacia polos compromisos expostos. De verdade, señor Portomeñe, imos cumprir--los compromisos como o estamos facendo ata o de agora. Traballarnisto é fundamental, e seguiremos nesta tarefa.

O señor Barreiro, de Coalición Galega, coma ó señor Portomeñe, do Partido Popular, e ó Portavoz do Grupo Socialista, a Antolín Sánchez Presedo, quérolles agradece--las exposicións feitas. O señor Conselleiro referiuse a todo un labor de goberno. O xuicio do Partido polo cal el falou nesa Tribuna no día de hoxe atopou que o relanzamento do país, a vertebración do mesmo e a potenciación da súa imaxe vai cara ó que significa un proxecto dun Partido político, como o Partido Socialista, que forma parte dun Goberno tripartito, un Goberno forte.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Turnos de réplica.

Correspóndelle--la intervención ós señores Deputados Barreiro e Portomeñe. Rógolles que se axusten ó tempo de que dispoñen, que é de dez minutos.

Ten a palabra o señor Barreiro.

O señor BARREIRO RIVAS: Señor Presidente, Señorías, procurarei axustarme o máximo posible, para compensa--lo exceso que tiven antes, reducindo os dez minutos da miña intervención de agora.

Hoxe máis ca ante unha Cámara, parecíamos estar ante unha orquestra, porque tódolos oradores lle deron unha especial importancia ó ton. Eu, por non ser menos, tamén lla vou dar, para dirixir unha parte da miña réplica a puntualizarlle algunhas cuestións ó señor Portomeñe, e tamén á intervención do señor Presidente.

Hai un defecto acusado a este Goberno permanentemente: a súa referencia ó pasado. Digo que a oposición ten outra fixación exactamente igual: a súa fixación ó pasado. Para vostede é especialmente importante a posición que algúns determinados membros desta Xunta teñen ó colaboraren en dúas etapas distintas do Goberno.

Eu quérólles dicir ó señor Portomeñe e ó Grupo Popular que non teñan vostedes ningunha dúbida en profundizar nesa posición, e se lle poden sacar algún tipo de contradicción, que lla saquen. A min, desde logo, non me importa nada que se fagan referencias ó meu pasado na Xunta, no momento en que se creaban os medios de comunicación, no momento en que se estruturaba a Administración e se construía San Caetano, no momento en que se elaboraba --e vostede recordábao-- a Lei da Función Pública, proxecto posteriormente aprobado coas modificacións parlamentarias introducidas. Daquela eu era Conselleiro da

Presidencia no Goberno do señor Fernández Albor. Foi cando aa creación da Escola da Administración Pública, a partir dun proxecto de lei remitido a esta Cámara, tamén sendo Presidente o señor Fernández Albor e eu Conselleiro da Presidencia. O 70 ou 80% das transferencias desta Comunidade acadáronse durante aquel proceso. Recorden mesmo unha Lei de Coordinación das Deputacións --probablemente mellor ca esta--, imposible de mandar a este Parlamento polas propias contradicións internas, non só xa do Grupo Popular, senón pola dispersión territorial dos poderes populares que impediron aquel mandamento.

Pero ese non é o problema, senón que o Grupo Popular --algunha parte do Grupo Popular-- un día dixó que aquel Goberno que tirara no seu momento dunha parte importante desta Autonomía --se non non estaría de pé-- estaba en vía morta. Eu fun un dos que dixen que aquel Goberno, despois de tirar tanto, estaba en vía morta. Señor Portomeñe, estabamos xuntos o día que o dixemos. (Murmurios).

¡Perdón! Non o digo, nin moito menos, con ningunha intención pexorativa. Despois houbo unha decisión diverxente nese punto. Eu decidín cambiar de tren; vostede decidiu permanecer no mesmo e intentar, supoño, a recondución daquel tren a unha vía máis oportuna. Pero saibamos que esa posición, que non é contradictoria para vostede, tampouco non o é para min. Polo tanto, sosteño absolutamente as miñas posicións. Elas non deben ser obxecto de ningún problema, nin deben servir de ningunha disculpa para a introducción da crítica profunda nas accións do actual Goberno. Refírome ás nosas posicións diferentes neste punto. En todo caso, unha cuestión: é imposible que neste momento, por razóns políticas, teñamos funcionarios aparcados na Administración Autonómica. Como vostede sabe, nós nunca puxemos a funcionarios por razóns políticas; polo tanto, aí non hai funcionarios de Alianza Popular. (Hilaridade).

Señor Presidente, vou facer só dúas ou tres puntualizacións na miña intervención.

En primeiro lugar, un aspecto que me interesa especialmente destacar: é necesario defenderse neste intre contra o paternalismo do Estado, en vez de botar man del. Non é posible esperar que o Estado acabe introducindo os nosos criterios na súa propia programación, ben sexa económica, infraestructural, etc.. Polo tanto, desde o meu punto de vista este é un tema que obriga a formular de novo os propios obxectivos que debemos demandarlle ó Estado.

Esa creación de obxectivos, desde aquí, débese facer a través dunha vía de vertebración e estruturación das nosas posibilidades, da nosa poboación, da nosa produción. Polo tanto, a dispersión de obxectivos favorece criterios alleos ou externos ás posicións galegas. Dito doutra maneira: desde o meu punto de vista, tódalas autoestradas das que se fala son necesarias; tódalas comunicacións e trens de alta velocidade son necesarios. Digo máis: acabaranse facendo todas por estricta necesidade. Os pobos van avanzando, e iso todo será verdade. O problema é que na reivindicación e no avance deses proxectos, e na súa inmediación, é necesario dicir cal queremos primeiro; non se queremos 6, 7, 8 ou 9. ¿Por que? Porque se non somos capaces de dicir iso, eu pregúntome moitas veces: ¿que faría agora un vello galeguista histórico, nomeado nun momento determinado Ministro de Obras Públicas? ¿Introducir antes, no Plan de Estradas do Estado o tramo Burgos--Madrid, ou introducir antes no Plan de Autoestradas do Estado o tramo Vigo--Benavente? Respóndame seriamente a esa pregunta.

Segunda pregunta que nos temos que facer. ¿Que pasaría se Galicia, en vez de ter 3 millóns de habitantes como os ten estruturados, tivese unha cidade de 2 millóns e o millón restante estivese espallado como o está actualmente? Que Gali-

cia tería neste momento programadas as autoestradas de entrada. Para que exista unha cidade, en Galicia non é necesario xuntar toda a poboación nunha área xeográfica; basta con estrutura--la poboación galega e a súa produción na orde que significa a modernización das estruturas políticas, sociais e económicas que representa a cidade. No que estou dicindo neste intre case lle estou botando unha man ó Goberno Central, e non me gustaría. ¿Por que? Porque o que estou dicindo é que nese aspecto nós temos unha responsabilidade importantísima. Se non somos capaces de facer iso, estamos realmente dando disculpas obxectivas para que neste momento non se estea producindo o que Galicia está necesitado con tanta urxencia. Neste senso é necesario facer unha reformulación a fondo da nosa orientación da política, para crear non só as nosas necesidades senón convertelas en auténticas necesidades do Estado. Non podemos seguir funcionando como que unha programación racional dos obxectivos nacionalistas se contradí cunha programación racional dos obxectivos estatistas. Se isto é así, teríamos que acabar coincidindo co señor Beiras: hai que pedi--la independencia.

E, polo tanto, como eu creo que iso neste momento sería anda--los camiños cara a atrás, e nunca é bo, pois é evidente que temos que facer unha programación de obxectivos que sexa incardinable e cohonestable coa programación dos obxectivos do Estado. Esa é a nosa principal responsabilidade.

A función do Goberno, neste senso, ten que estar mantida por criterios substantivos e obxectivos, máis alá das posibilidades de acadar nun momento determinado a boa vontade do Goberno Central, a boa disposición dos poderes públicos do conxunto de Galicia ou, case a coincidencia de determinados elementos do desenvolvemento económico e social que nos resolva os problemas.

A acción do Goberno non pode estar estirándose e encolléndose segundo as posibilidades de cada momento.

Procustes era un grego da mitoloxía. Tiña unha pensión preto de Atenas, con dous leitos --un grande e un pequeno--, e unha certa desviación da súa capacidade hosteleira. Cada vez que chegaba unha persoa grande, deitábaa na cama pequena; cada vez que chegaba unha persoa pequena, deitábaa na cama grande. E como aquilo non quedaba ben, tiña unha teima: ós grandes, cortáballe--los pés, para que non lles saísen por debaixo da cama; e, ós pequenos, estirábaos para que a cama non quedase inutilizada.

As veces, a cuestión da acción do Goberno parécese un pouco ós leitos da pensión de Procustes: segundo nos veñen dadas as cuestións, definimos dalgún xeito as nosas posibilidades e os nosos obxectivos. Creo que neste momento non podemos actuar así.

Galicia arestora ten que face--la definición do seu futuro e senta--los seus propios obxectivos. Niso, naturalmente, entendemos que está a función ilusionante, renovadora e mesmo a correcta interpretación do nacionalismo na incardinación dos obxectivos do Estado e na incardinación dos obxectivos de Europa. Para iso nós votamos este Goberno, como elemento de renovación, cara ó futuro, e para iso vai contando co apoio a fin de mantelo estabilizado, ata que cumpra tódolos obxectivos.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Portomeñe.

O señor VAZQUEZ PORTOMEÑE: Señor Presidente, Señorías, imos comezar polo señor Barreiro, que parece que quere anima--lo debate.

E evidente, señor Barreiro, que

vostede está buscando debate específico sobre as orixes deste Goberno. Non hai a menor dificultade en que falemos con toda claridade; que digamos que non hai ilicitude nunha moción de censura, nin anomalía do procedemento, que é algo absolutamente normal conforme ó noso Estatuto, conforme á Constitución, conforme ós usos democráticos do mundo occidental.

Pero si significa falta de ética, señores do Goberno --claramente manifestada--, troca--las posturas desde unha situación de rival político, ata converterse no seu mando político e acada--lo nivel necesario para derribar aquel que alimentara a situación anterior.

¡Claro que falamos das orixes dese Goberno, señor Barreiro! E tamén lle vou dicir outra cousa: o seu discurso foi enumerativo da cantidade terrible de cousas que se fixeron baixo o mandato do señor Albor, desde transferencias ata medios de comunicación, desde a construción de edificios ata o asentamento das institucións. Todo isto díxoo vostede. ¡Significa que eramos bos! ¡Dámoslle as grazas, a vostede señor Barreiro, que está agora na postura contraria! Pero, claro, iso a min lévame á inquedanza terrible de seguirme preguntando: ¿por que se marchou, se eramos tan bos? Evidentemente, eu créolle todo iso; créolle que eramos bos.

Refírese despois vostede ó xuicio dun Goberno en determinado momento, no cal estabamos xuntos. Ese xuicio vostede levábo facendo moitísimo tempo antes. Nunha circunstancia, efectivamente, estabamos xuntos, e vostede e mais eu, e moitos máis alí presentes, concordamos en que aquilo podía mellorar. As outras cousas que contou, verdadeiramente, non teñen capítulo de certeza. O que lle quero dicir é o seguinte: eu tamén compartía o xuicio de que se podía mellorar, pero nel non entraba o meu "transfuguismo". Iso está clarísimo; demostrouno a miña traxectoria ulterior, e séguelo demostrando. Aquilo non significaba

que eu tivese que cambiar de posición política; para vostede, ó parecer, si que o significaba.

Referiuse a unha gama de funcionarios, coma se eu fose o autor de grandes contratacións. Señor Barreiro, ¿quere que lle mostre os expedientes --a vostede e mais a algún señor pouco informado da dinámica da Administración-- para comprobar que foi vostede quen asignou todas e cada unha das contratacións? Dígollo para o caso de que se refirise a iso; se non é así, entón retiro o dito. Pero a realidade é esta. Naturalmente, correspóndalle a vostede como Conselleiro da Presidencia.

Despois veunos vostede cunha pandilla, por chamarlle dalgúnha forma. Se fose pulido falaría dunha longa enumeración de distincións de contido filosófico, referido ás autovías. ¡Pasmoso! ¡Ata as autovías merecen filosofía! Pensei que as autovías o que merecían era a decisión da súa construción, do seu proxecto; a decisión de dotarnos xa dunha vez de unión e de integración co resto de España e con Europa. En fin, de acabar coa discriminación da que está sendo obxecto Galicia.

Nesa filosofía confusa que vostede expresou aquí, desde a Tribuna, máis ou menos acabou concluíndo que parecía que case estaba botando unha man en favor do Goberno Central. ¡Claro, señor Barreiro! Estívoa botando aquí, e é evidente que a botou en moitas outras ocasións, cos votos de Coalición Galega, cando teimudamente, e contrariando iso que se chama nacionalismo, se sumaron ás posturas dun cerrado centralismo, representado polos seus socios socialistas. Esa suma pírrica e esa maioría pírrica que teñen produciron o rexeitamento das reivindicacións que dun xeito reiterado lle levamos formulados á Administración.

Falounos vostede da unión deste Goberno, etc. ¡Que remedio lles queda a vostedes máis que estaren unidos! O día en que as súas dispu-

tas internas se transluzan verdadeiramente --e existen; non imos falar delas--, acábase este Goberno.

Pensen, señores do famoso Goberno tripatito, que verdadeiramente o único patrimonio que teñen na actualidade --conforme rezan as propias enquisas que vostedes mesmos encargan-- é o poder. Ese é o único patrimonio. No futuro contaremos encantados con vostedes, a nivel de diálogo, porque nós non sabemos ser arrogantes nin sectarios. Notoriamente, habémoslle de pedi--la súa colaboración.

Falando do que vostede dixo, señor Presidente da Xunta, en ton moderado; apeándose xa daquel electoralismo, que evidentemente existiu no primeiro discurso; mellorando notablemente todo o que dixo vostede, merece en todo caso unha pequena matización. Aínda que dito en bo estilo, primeiramente, falounos vostede da situación de Galicia, dos seus indicadores. ¡Claro! Ocultou en toda a dialéctica o feito decisivo --por certo recordado polo señor Barreiro-- de que a inflación a nivel de España foi de 5,8 puntos e a nivel de Galicia de 6,5 puntos --unha diferenza notable--, co cal ese pretendido crecemento superior ó resto de España é puro nominalismo monetario. Non responde ó valor real, posto que aquí a inflación foi superior. E vostede, como economista, é capaz de recoñecer isto que lle estou dicindo.

En segundo termo, dicía que Galicia non é a primeira Comunidade Autónoma, nin a segunda. ¡Claro que non! E a décimo cuarta Comunidade Autónoma de España, na orde feita polas Caixas de Aforro, ás que vostede se refería, e computando naturalmente o nivel de renda. Cando eu lle falaba que hai unha diferenza do 27% entre o nivel de renda medio de España e o de Galicia, pois, é así. O nivel de renda medio de España está en preto de 630.000 pesetas e o nivel de renda de Galicia está en 530.000 pesetas.

¿Que significa todo isto? Que non estamos en boa situación; significa que os seus Presupostos son evidentemente elevados pola propia dinámica --vólvolla repetir-- da financiación concertada polo Goberno Popular noutro momento, e desde logo aplaudida por vostedes a nivel de Parlamento. ¿Recordan aquel terrible debate, promovido por outro Portavoz, que discrepaba naturalmente daquel xeito de financiación? ¿Recordan a nosa postura dicindo: "aceptámola, como mal menor", porque non tiñamos outra opción naquel momento? Pedían apoio, pero facían para defende--las posturas do Goberno Central. O certo é que a defenderon, en virtude daquela propia financiación; a dinámica presupostaria é alcista a medida que pasan os anos. A isto débese suma--la súa tendencia ó endebedamento, non se sabe con que finalidades, porque nunca hai un obxectivo claro. E un endebedamento difuminado ó longo dos investimentos. Por suposto que vai financiar investimentos, porque tal como o fixeron na Lei Xeral de Presupostos, tamén poden financiar mesmo gastos correntes. A vostedes dálles liberdade absoluta para modificar tódalas consignacións presupostarias. Xa hai un endebedamento terrible en Galicia. Está en 70 e tantos mil millóns, sumando a débeda emitida e a autorizada. ¿Quiten algún colo de botella, algún estrangulamento da nosa economía? Fagan algo positivo e decisivo. Pero non son dous ou tres quilómetros máis de estradas, cousas que verdadeiramente poden ter unha relativa importancia, pero que non resoven definitivamente os problemas deste país.

Significa todo iso que a pesar dos seus esforzos presupostarios, a pesar da súa máis que dubidable eficacia --tal como llo puxen de manifesto ó señor Conselleiro de Economía--, pois o certo é que non bastan os esforzos de Galicia para saír desta situación. Entón, é necesario ter presenza nos foros europeos e nos foros españois. E necesario, para tal efecto, señor Presidente da Xunta --e dígollo

porque vostede foi unha das causas en que se fundamentou a moción de censura--, que Galicia teña dignidade política. Traducido a outras palabras --quero ser suave nas miñas expresións--, significa que Galicia teña peso político, que teña forma de diálogo, serio e con capacidade de ser escoitada nestes foros políticos españois e europeos.

Mentres non sexamos capaces de incidir aí --mesmo coa unión e xuntanza de todos, co esforzo común de todos, na procura das infraestruturas e na supresión doutros estrangulamentos típicos da nosa atávica economía--, o certo é que Galicia seguirá sendo Comunidade de cola no concerto de España, por moito que aquí se predique dun xeito verbal que sobe ou que non sobe o paro, que descende, etc.. Por moito que entremos na dinámica da guerra de cifras, ó final vostede di unha cuestión e eu digo outra, e quen nos está escoitando pode crer a quen lle dea a gana. Pero, en realidade, os cidadáns estannos observando.

Xa lle mencionei os tres famosos Partidos políticos, pero quero--lle falar de MAFRIESA. Dicía vostede que ningún Goberno, responsablemente, debe asumir unha empresa, cando está nunha dinámica de creba absoluta --como lle pasou a MAFRIESA-- polas razóns que sexan. Fixo mención a que significaba desperdicia--los cartos do Presupuesto público. Creo que si, señor Presidente, e recordo a expresión daquel vello autor

O señor PRESIDENTE: Señor Portomeñe, esgotou o tempo de que dispoñón.

O señor VAZQUEZ PORTOMEÑE: Si, señor Presidente, remato agora mesmo, trala súa indicación.

Recordo a expresión daquel vello economista inglés, que nos dicía que o que había que pedir nunha economía libre --na que vostedes, e

desde logo nós cremos-- era que as empresas, aínda que morresen tódolos días, nacesen tódolos días coma as flores, pero en maior cantidade das que morren. Se MAFRIESA tiña que morrer, pois que morrese. Pero, señor Presidente, se esta era a situación e, polo tanto, non podía ou non debía responsablemente asumila o Presuposto da Comunidade Autónoma, ¿vostede por que fixo tallantes promesas públicas nese senso, de que a poñería a frote, custase o que custase?

Esa é a causa destas reivindicacións que se están producindo aí. Piden que se cumpra unha promesa feita nun momento de boa fe e sen demasiadas reflexións, polo que se ve. En todo caso, se as cousas son como vostede di, alégrome sinceramente de que teña un xesto de responsabilidade.

O señor Presidente dinos que avanzou a política agrario--pesqueira. Eu xa lle falei o suficiente en agricultura e quérome referir á educación.

O feito de que eu recoñeza a creación de dúas novas Universidades é positivo. Señor Presidente, rógoille que lea o noso programa electoral de 1985; alí constaba, como consignación específica e medida específica que debía toma--lo Goberno Popular, a creación de dúas Universidades, naturalmente, cando se dese a circunstancia. A moción de censura do ano 1987 impediu todo ese asunto. En educación pouco máis lle teño que recoñecer, señor Conselleiro, agás a creación das dúas Universidades; é dicir, a tentativa de creación. A ese proxecto de lei fáltalle enorme cantidade de contido...

O señor PRESIDENTE: Señor Vázquez Portomeñe, rógoille de novo que remate.

O señor VAZQUEZ PORTOMENE: Si, señor Presidente, xa remato.

Señor Presidente da Xunta, señor Conselleiro, cando falan vostedes da creación de 42.000 postos escolares, fágome unha pregunta. Se esa renovación significa a modernización --e apláudoos neste senso--, ¿onde van busca--los nenos para encher eses novos edificios escolares?

Moitas gracias, señor Presidente.

(Pide a palabra o señor Deputado Barreiro).

O señor PRESIDENTE: Señor Barreiro, ¿para que pide a palabra?

O señor BARREIRO RIVAS: Aludíuse á miña falta de ética. Creo que é un xuicio negativo, que me dá lugar a responder.

O señor PRESIDENTE: Ten vostede tres minutos para contesta--las alusións.

O señor BARREIRO RIVAS: Moitísimo menos de tres minutos, porque non quero alonga--lo debate.

En primeiro lugar, ó señor Portomeñe pareceulle mal a miña referencia ás contratacións. Eu creo que estaba feita en termos absolutamente positivos; e que unha "excusatio non petita" non pecha ben o debate para o señor Portomeñe nese senso.

Queríame referir exclusivamente á afirmación do señor Portomeñe sobre a coincidencia naquel xuicio, sobre as dificultades nas que se atopaba o Goberno do Grupo Popular e o meu "transfuguismo", expresado en termos de falta de ética. Creo que eu fun absolutamente respetuoso coa posición do señor Portomeñe, e non lle recordei o que agora vou facer. O señor Portomeñe tiña bastante esgotada a súa capacidade de transfuguismo, porque non debe esquecer que facía moi pouco que se trasladara de UCD a Alianza Popu-

lar, a cambio da Consellería de Educación.

(Pide a palabra o señor Vázquez Portomeñe).

O señor PRESIDENTE: Señor Portomeñe, ten a palabra por tres minutos, para contestar alusións.

O señor VAZQUEZ PORTOMEÑE: Gracias, señor Presidente. Coma ó señor Barreiro, sóbranme 30 segundos.

Primeiro, voulle clarificar, en ton de moderación, que cando fixen mención á falta de ética, non me refería á súa persoa, senón á moción de censura promovida, segundo expresión, ademais, de altos políticos ou responsables do Partido Socialista, e non por definición tan só miña, que comungo con iso.

Segunda cuestión, señor Barreiro, que me interesa profundamente revelarlle a vostede: eu non cambiei nunca ningún Partido político por ningún cargo público, nin estaría xamais en disposición de facelo. Neste aspecto son bastante máis constante ca outra serie de persoas que me poden estar escoitando. E dígolle por que: cando en marzo de 1983 decidín acudir ó seo do Goberno Popular, a través dun grupo independente, era que o meu agora ex-Partido político desaparecera do mapa. Xustamente, a UCD foi dada de baixa tras perde--las eleccións de 1982. No mes de xaneiro de 1983 non existía no rexistro de Partidos políticos. Eu era un cidadán libre, e nas miñas conductas, comportamentos ou xeitos operativos --pódolle asegurar-- desde logo non está o comportarme nunca como transfuguista.

Moitas gracias, señor Presidente.

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA (González Laxe): Señor Presidente, Señorías, volvo á economía, que parece ser que é unha das materias pendentes deste país.

En primeiro lugar, asegúrolles que temos que defendernos de moitas cousas e non só do Estado, senón de Europa, de Estados Unidos, de Xapón. Temos que facernos firmes nós mesmos. No día de hoxe, nun debate para min moi importante sobre a Autonomía e Galicia, quedaron cousas claras, como son os obxectivos que debemos acadar tódolos galegos. E cando digo todos, refírome a tódalas forzas políticas, tódolos axentes sociais e económicos. Quizais as que estean máis no punto de mira sexan as Administracións Públicas, porque delas se espera que actúen como un revulsivo aínda máis multiplicador dunha acción de goberno.

Creo que hai un sentir e unha conciencia colectiva, positiva en Galicia, máxime logo deste debate. Creo que a aquel coche do que onte falaba, hai que poñerlle o ADS, ordenador de abondo, as lamias de aleación, o coeficiente aerodinámico, para que vaia moito máis de présa. Creo que todos estamos de acordo en que eses elementos dun vehículo --neste caso un país, Galicia-- hainos que poñer a andar e, polo tanto, que funcione a máis velocidade. E a máis velocidade funciona, señor Portomeñe, porque se tanto insistía na execución, voulle dar tamén os datos: ó 31 do decembro de 1986, dos investimentos reais executouse o 64,6%, como vostede dicía; ó 30 de setembro de 1987, a execución foi do 61%; ó 31 de decembro de 1988, foi do 87%. Eran así as cifras para non facer máis tipos de comparacións.

No tema do monetarismo, se aquí que suba a inflación significa que hai maior renda per cápita, tamén é unha ilusión monetaria, unha completa ilusión monetaria, porque, quizais, os que mellor a sofren --neste caso benefíciense dela-- son xustamente os labregos, xustamente os mariñeiros, aquelas perso-

as que están no mundo rural. A eles "dálles igual" --ben entendido, entre comiñas-- se a inflación está un pouquiño máis por riba da espafiola, porque os seus ingresos son moitísimo máis altos. Pero este é un xogo económico no que tampouco me interesa moito entrar. En definitiva, o que necesita a xente do mar e a xente do agro é que haxa un medio e que haxa unha situación moitísimo máis beneficiosa e moito máis competitiva.

Eu asegúrolle, señor Portomeñe, que o Goberno Galego ten peso político, que os galegos temos peso político, que os galegos sabemos negociar e dialogar. O Goberno Galego sabe negociar e dialogar, Galicia é escoitada e o Goberno Galego é escoitado naqueles foros nos que actúa. Pero tamén lle digo a toda a Cámara --e creo que é o sentir colectivo desta Sesión-- que hai moitísimos temas, na confluencia e definición de obxectivos concretos e específicos --e non en falsas ilusións ou fácil palabrería--, nos que nos podemos xuntar todos a facer ese gran país. E o que estamos intentando e logrando nos primeiros pasos, pero xa son moitos os dados polo Goberno que eu presido.

No tema educativo, señor Portomeñe, vostede preguntaba onde estaban os rapaces. Hainos en Galicia, e hai bastantes. O malo é que antes, ó mellor, non tiñan unha praza escolar. Pero hoxe coido que a Consellería de Educación do meu Goberno fixo un gran traballo. Vostede seguro que recordará cifras: EXB, ano 1986, construción, 10 centros; 1987, 15; 1988, 22; e 1989, 27. Prazas escolares polos mesmos anos: 4.560, 3.720, 9.320 e 11.360. Ensino medio, centros nos anos 1986, 1987, 1988 e 1989: 5, 8, 22, 21; prazas escolares: 4.480. 4.360, 11.640 e 11.320.

Non quero sumar, para non aburrir, pero vostede, que coñece ben este tema, sabe perfectamente que nestes dous temas de EXB coma en ensino medio, coma en prazas de Preescolar e Educación Especial,

coma tamén en centros permanentes de adultos se deron grandes pasos decisivos importantes para tódolos nosos rapaces. Tamén sabe vostede moi ben que hoxe os rapaces seguen manténdose na mesma poboación, pero os presupostos son maiores, hai maior número de vehículos, hai maior número de prazas nos vehículos, hai maiores liñas e aínda teñen maior subvención para o que se denomina a bolsa de comedor, para as estruturas. Isto é positivo. Quen se beneficiou de todo isto é unha xuventude que, cando medre, atopará unha Galicia que non será, como vostede dixo, "Alicia no país das maravillas", senón que, antes desa afirmación, quizais lle poidamos poñer un "G", e quede "Galicia". Polo menos, que nós poidamos deixarlles a estes rapaces --con máis centros, con máis vehículos, con mellores profesores e con maior formación-- o futuro e o destino dun país.

Moitas gracias:

O señor PRESIDENTE: Suspéndese a Sesión ata mañá ás once.

Suspéndese a Sesión.

Erán ás dez e vinte minutos da noite.